



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 124

Sesión plenaria
10 de xullo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGbbHaJTO3cS4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 44961 (10/PNP-003369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

4.2 49349 (10/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

4.3 50000 (10/PNP-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

4.4 51389 (10/PNP-003849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

4.5 51406 (10/PNP-003850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

4.6 51541 (10/PNP-003860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019



4.7 51587 (10/PNP-003868)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e de concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

4.8 51998 (10/PNP-003894)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 495, do 01.07.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 48636 (10/INT-001612)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención do abandono escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

5.2 51374 (10/INT-001708)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

5.3 51518 (10/INT-001713)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre a xestión de Xóvenes Agricultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 52123 (10/POPX-000157)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a desigualdade económica e social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019



6.2 52126 (10/POPX-000158)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a avaliación das políticas do Goberno galego para frear o devalo demográfico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

6.3 52127 (10/POPX-000159)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que van ter as novas iniciativas no afrontamento dos problemas demográficos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 52120 (10/PUP-000259)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da situación xerada no encoro da Baxe, en Caldas de Reis, dende a presenza da alga microcistina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.2 52111 (10/PUP-000257)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a necesidade dunha explicación e dunha valoración por parte do Goberno galego respecto das súas relacións con Pemex

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.3 52122 (10/PUP-000260)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central para que rectifique a súa decisión de denegar a solicitude de conexión do polígono industrial de Balaídos á rede de 200 quilovoltios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.4 51771 (10/POP-006073)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural Agrupado de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019



7.5 52119 (10/PUP-000258)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa privatización de servizos sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.6 51422 (10/POP-006030)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis**Sobre a valoración do Goberno galego respecto da campaña de verán do 2019 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentada baixo o lema *O verán que queres vivir*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

7.7 50958 (10/POP-006005)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o motivo polo que a Xunta de Galicia se atrasou nos pagamentos dos fondos para Programas de Desenvolvemento Rural (PDR)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

7.8 51573 (10/POP-006051)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas na saúde dos traballadores que os manipulan e nos cultivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

7.9 51713 (10/POP-006065)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á modificación polo Goberno central da normativa que regula o IRPF no referido á tributación das axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

7.1 050335 (10/POP-005966)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os principios nos que se basea o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica que o deputado don Francisco Casal Vidal (EM) xustificou a súa ausencia. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a desigualdade económica e social de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas 6.2 e 6.3. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación das políticas do Goberno galego para frear o devalo demográfico de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que van ter as novas iniciativas no afrontamento dos problemas demográficos de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora e do autor: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 18.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)

Réplica da autora e do autor: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 23.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e os tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 29.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 34.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 35.) e *Sr. Gómez Salgado (P).* (Páx. 38.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 44.) e *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 48.) e *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 49.)

A señora Torregrosa Sañudo (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 51.)

Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 56.) e *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 60.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 61.)

O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 63.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e de concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 67.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 68.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 70.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 71.)

Nova intervención da señora Vilán Lorenzo (S). (Páx. 73.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 79.) e *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 83.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 85.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 87.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes: *aprobada por 64 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol: *aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada: *rexeitada por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)



A señora Cuña Bóveda (EM) solicita a votación por separado dos puntos da seguinte proposición non de lei, presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 89.).

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural: *rexeitado por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 90.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 3, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións. (Páx. 90.)*

As señoras Torregrosa Sañudo (EM) e Pierres López (S), e os señores Fernández Leiceaga (S) e Castiñeira Broz (P) explican a transacción sobre a proposición non de lei presentada pola señora Torregrosa Sañudo e que se vai votar a continuación. Así mesmo, propoñen a votación por separado dos puntos. (Páx. 91.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda: *rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións. (Páx. 93.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 1, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda: *rexeitado por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 93.)*

O señor Cal Ogando (EM) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por el e que se vai votar a continuación. Así mesmo, propón a votación por separado dos puntos. (Páx. 94.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas: *rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións. (Páx. 94.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 2, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas: *rexeitado por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 95.)*



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños: *aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano: *aprobada por 57 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 95.)

Suspéndese a sesión ás dúas e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 96.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 105.)

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a xestión de Xóvenes Agricultores. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 112.)

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e D. Raúl Fernández Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o motivo polo que a Xunta de Galicia se atrasou nos pagamentos dos fondos para Programas de Desenvolvemento Rural (PDR). (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S).* (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S).* (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 116.)



Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas na saúde dos traballadores que os manipulan e nos cultivos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 120.)

Pregunta de D. Moisés Blanco Paradelo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á modificación polo Goberno central da normativa que regula o IRPF no referido á tributación das axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da situación xerada no encoro da Baxe, en Caldas de Reis, dende a presenza da alga microcistina. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 126.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 129.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a necesidade dunha explicación e dunha valoración por parte do Goberno galego respecto das súas relacións con Pemex. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 130.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 131.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central para que rectifique a súa decisión de denegar a solicitude de conexión do polígono industrial de Balaídos á rede de 200 quilovoltios. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 135.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 136.)



Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego en relación coa privatización de servizos sanitarios. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 139.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da Campaña de verán do 2019 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentada baixo o lema *O verán que queres vivir*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Macías (P)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Macías (P)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os principios nos que se basea o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 145.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 146.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 148.)

O señor presidente comunica que os señores Díaz Villoslada (S) e Losada Álvarez (S) deixan a Cámara e dálles a palabra para se despediren (Páx. 149). A continuación dálles a palabra aos portavoces, señoras Vázquez Verao (Mx) (Páx. 150) e Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 151), e os señores Lago Peñas (EM) (Páx. 151), Fernández Leiceaga (S) (Páx. 151) e Tellado Filgueira (P) (Páx. 152) para despedilos e desexarlles sorte.

Remata a sesión as seis e cincuenta e tres minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos continuar a sesión.

Antes vou comunicarlles que desculpa hoxe a asistencia a esta sesión don Francisco Casal.

Comezamos co punto sexto da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a desigualdade económica e social de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

Bos días, señor presidente.

Señor presidente, ¿vostede sabe que en Galicia os ingresos dos que máis cobran multiplican por noventa veces os ingresos das persoas que menos cobran? A desigualdade social é un dos problemas máis graves que ten a sociedade galega. Érao antes da recesión e agora éo aínda máis. Dío o Consello Económico e Social de Galicia, que considera preocupante que os niveis de pobreza e desigualdade que tanto medraron durante a crise económica non rexistren a mellora esperable coa recuperación económica.

Señor presidente, hai unha distribución inxusta da riqueza que deteriora o benestar da maioría e pon a unha parte significativa da sociedade galega en situación de risco de pobreza ou de exclusión social. É certo que a desigualdade é un problema global, véno de dicir a OIT. É un problema complexo que debe ser abordado dende moitas fronteas.

Esta é a pregunta: neste combate global contra a desigualdade ¿que vai facer o seu goberno no ano que lle queda de mandato? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Lago.

Benvido ás sesións de control ao Goberno de Galicia.

Como vostede sabe, non hai maior causa de desigualdade que a falta de emprego. E, como tamén vostede sabe, o paro rexistrado na comunidade autónoma nos últimos doce meses



está comportándose o dobre mellor que no resto de España. É dicir, o paro en Galicia nos últimos anos, nos últimos doce meses, por exemplo, baixa un 8,7 %, o dobre do que baixa en España. Pero, ademais, o paro en Galicia na última década, dende o ano 2009 ao ano 2019, baixou en 55.000 persoas. Cando chegamos ao Goberno había 210.000 persoas rexistradas, e agora hai 155.000.

Pero, ademais, no que se refire ás afiliacións á Seguridade Social temos 1.025.000 afiliados á Seguridade Social, o que significa case 19.000 afiliados máis á Seguridade Social que no último ano. E, se quere coller vostede os datos da EPA, tamén acreditará que estamos na mellor taxa de paro dun primeiro trimestre —neste 2019— sobre o primeiro trimestre do ano 2009, e temos dous puntos menos de paro que a media de España. E iso é o que a Xunta de Galicia está facendo en relación coas súas competencias compartidas en materia de política económica.

Agora ben, señoría, vostede fálame de desigualdade, fálame de pobreza. E seguro que hai datos que vostede probablemente non tivo tempo de revisar; como, por exemplo, a taxa de risco de pobreza. ¿Sabe vostede que en Galicia a taxa de risco de pobreza hoxe é mellor da que había en época de bonanza económica, no ano 2008? ¿Sabe vostede que na taxa de risco de pobreza Galicia foi a segunda comunidade autónoma onde máis baixou nos últimos dez anos? Sabe vostede, señoría, estou convencido, que o número de fogares con dificultades para chegar á fin de mes hoxe é o máis baixo da serie histórica. Supoño, señor Lago, que vostede sabe que a redución da carencia material severa é, sen dúbida, a segunda mellor de España despois de Aragón, un 1,6 %. Despois de Aragón é a mellor de España. E saberá vostede, estou convencido, señor Lago, que a mellora dos salarios en Galicia está por riba da media das comunidades autónomas nos últimos dez anos. Por iso a desigualdade é inferior á media de España en calquera dos índices. E estamos nos mellores índices no que se refire a número de fogares con dificultades para chegar á fin de mes; insisto, o mellor da serie histórica. E somos a segunda comunidade autónoma coa mellor porcentaxe e a maior redución da carencia material severa das nosas familias.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Que foi o que fixemos, señor Lago? Ademais dunha política económica que neste contexto de desolación no que vive España está funcionando razoablemente, aprobamos unha nova lei de inclusión, dedicamos tres veces máis presupostos para a Risga —desde 22 millóns de euros que se dedicaban no ano 2008 a máis de 69 millóns de euros—. E ademais plantexamos 12 medidas contra o desafiuzamento, estamos axudando nos bonos enerxéticos e fixemos un novo decreto de renda de integración social de Galicia que consiste basicamente en incrementar a renda de integración social de Galicia nun 22 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Lago, como vostede pode imaxinar, hoxe, no que se refire á taxa de pobreza e á taxa de desigualdade, estamos mellor do que estabamos na época de bonanza económica. Agora ben, se me di vostede se estes datos son para sentirse satisfeitos, xa lle anticipo que en ningún caso.



Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Réplica, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: ¡Que decepción, señor presidente!

Eu fíxenlle unha pregunta concisa a propósito para ver se a contestaba, e que por primeira vez nesta Cámara se producira ese feito: que o presidente contestara a unha pregunta e non a un relato. E non a contestou, porque a pregunta é: ¿que vai facer para combater a desigualdade? Haberá que seguir esperando.

¡Como pode dicir que vai seguir facendo o mesmo que está facendo cando no noso país hai 615.000 persoas en risco de pobreza ou de exclusión social! Son 1 de cada 4 galegos e galegas e vostede di que vai seguir facendo o mesmo.

Señor presidente, fala de emprego. Non o tiña pensado dicir, pero, xa que o di, Galicia é a comunidade autónoma con peor evolución de emprego dende o ano 2008 ao ano 2018, a segunda peor. Só Asturias está peor ca nós. E hai 75.000 empregos menos hoxe que cando vostede empezou a presidir a Xunta de Galicia. Voulle dicir algo máis: vostede vai pasar á historia do país por ser o único presidente co que, baixo o seu mandato, non aumentou o número de postos de traballo.

Presidente, todos os indicadores que vostede utilizou están condicionados porque somos unha sociedade envellecida onde as pensións actúan como un soporte social e porque hai baixa inmigración. Pero todos os indicadores —índice de Gini, taxa de risco de pobreza, ratio 80/20— teñen en 2017 peores datos que en 2008, en todos os casos.

Señor presidente, é a desigualdade o que explica que, a pesar de que temos a mesma riqueza —porque o PIB recuperou o nivel que tiña no ano 2008—, a maioría da sociedade viva peor. O PIB está igual, pero a parte destinada a pagar salarios...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...está 3.500 millóns de euros por debaixo. Todos sabemos por que. Hai 75.000 empregos menos, hai moitas máis persoas traballando a tempo parcial e os salarios están devaluados.

Os datos do IRPF reflicten perfectamente a desigualdade e mesmo a pobreza laboral. Medio millón de asalariados e asalariadas galegas non ingresan 900 euros ao mes, a metade da clase traballadora galega é mileurista.

Presidente, vostede deu a ratio pero eu vou dar a cifra: en Galicia hai, efectivamente, 213.000 familias que teñen ingresos totais por debaixo de 1.000 euros. E, polo tanto, 1 de cada 3 fogares, 1 de cada 3 fogares do noso país, ten dificultades para chegar á fin de mes.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Remato, aínda que, como o tempo foi escueto,...

Señor presidente, abandone o negacionismo e responda á pregunta. Por unha vez, estréese, como me estreo eu na Cámara. ¿Vai facer algo no ano que lle queda de mandato para combater a desigualdade social do noso país? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Lago, por moito que retorza os datos, os datos son os que son. Acaba de dicir vostede na Cámara que, collendo calquera dato que se colla, estamos peor que no ano 2008. Non se estrea vostede de forma moi rigorosa.

A taxa de risco de pobreza, no ano 2008, é do 20,9 %; agora, 18,8 %. *(Murmurios.)* ¡Como que non! Pero é que isto que estou dicindo é moi serio. Eu estou dicindo, e empeño a miña palabra, que a taxa de pobreza en Galicia hoxe está por debaixo do ano 2008. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? Señor presidente, pasareille este dato, que son datos oficiais. *(Aplausos.)*

Segundo indicador: o indicador AROPE, o indicador da pobreza. En Galicia no ano 2008 era o 25,1 %; agora, 23 %, segundo o indicador. Son os dous indicadores que miden a taxa de pobreza en España.

Terceiro indicador: o número de fogares con dificultades para chegar á fin de mes é o máis baixo da serie. Con facilidade ou moita facilidade, dende o ano 2018 ao 2019 subimos once puntos, do 54 % que chegaban á fin de mes con facilidade pasamos ao 65,5 %. E con dificultade, baixamos dez puntos, do 45 % o pasado ano ao 34,5 % este ano.

Os salarios por riba da media soben un doce e pico por cento nos últimos dez anos. É a comunidade autónoma na que máis soben os salarios por riba da media.

Vostede vén aquí dicir que todos os indicadores de pobreza e desigualdade están peor que no ano 2008 e resulta que están mellor que no ano 2008 e mellor que na media de España, que somos das comunidades autónomas nas que máis baixou o índice de pobreza, o índice AROPE, e o de fogares con dificultades para chegar á fin de mes. E somos a comunidade autónoma na que máis baixou, xunto con Aragón, a pobreza material severa.

¡E vén vostede dicir exactamente o contrario! Agora empezo a entender como o anterior portavoz dese grupo facía un conxunto de datos dos que eu me sorprendía sobre cal sería a fonte exactamente. Agora estamos vivindo da fonte máis directa, señor Lago. *(Aplausos.)* Atopamos por fin a fonte máis directa dos datos manipulados que vostede trae á Cámara. *(Aplausos.)* E queda tan campante e di: Non, non é verdade. Ou sexa que o que di o INE non é verdade —enquisa de con-



dicións de vida a 27 de xuño do ano 2019—. ¿Pero nin sequera revisa os do ano 2019? A 27 de xuño —volvo reiterar— Galicia está mellor en taxa de pobreza e en taxa de desigualdade que cando gobernaba o Bipartito, señorías, que en plena bonanza económica. E non o digo eu, dío o Instituto Nacional de Estatística, ano a ano....,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... e o Instituto Galego de Estatística, ano a ano.

E pregúntame vostede o que imos facer. Pois, mire, seguir traballando coa Axenda social única que asinamos, que pactamos, con todas as entidades de iniciativa social que se dedican á pobreza, e coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Temos un pacto, o acordo da Axenda social única contra a pobreza. E está pactado con todas as organizacións e ONG que se dedican a este asunto e cos concellos galegos. E ¿que imos facer? ¡Revisala, señoría, e actualízala!

Pero, señor Lago, da mesma forma que vostede se estreia nesta sesión de control, na seguinte propóñolle que traia datos oficiais e non simplemente o que se lle ocorre. Porque o que se lle ocorre e o que ocorre non sempre coinciden.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso —insisto—, a pesar de que a desigualdade e a pobreza seguen sendo un problema en Galicia, é un problema en Galicia moito menor que na media de España.

E gustaríame, dado que imos ter ocasión de falar durante moito tempo —supoño—, que me dixera vostede, señoría, en que comunidade autónoma se están facendo mellor as cousas. ¿Onde está baixando máis a taxa de pobreza? ¿Onde está baixando máis a taxa AROPE? ¿Cantos fogares chegan á fin de mes sen dificultades noutras comunidades autónomas?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Lago, con todos os respectos, xa temos suficientes problemas como para negar os avances da sociedade galega durante esta década.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E eses avances acreditan, señoría, que, colla vostede o dato que colla, estamos mellor que hai dez anos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Debátense agora de xeito acumulado dúas preguntas. En concreto, unha pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a. Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación das políticas do Goberno galego para frear o devalo demográfico de Galicia

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que van ter as novas iniciativas no afrontamento dos problemas demográficos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, a crise demográfica de Galiza é un retrato demoledor dun dobre fracaso, do seu como presidente e o do Partido Popular, que é incapaz de ofrecerlle unha alternativa de futuro a este país.

E digo isto sabendo que a demografía é un asunto complexo e no que evidentemente as tendencias cambian a medio e a longo prazo. Pero é que resulta que neste país o Partido Popular leva gobernando trinta anos, e resulta que xa en 2009 vostede prometía que ía frear a sangría demográfica. ¿Cal foi o resultado da súa promesa? Temos os peores datos da nosa historia.

Fíxese, Galiza non deixa de perder poboación, os nacementos están en caída libre, e a xente nova segue tendo que emigrar. Concretamente, na última década emigraron 250.000 galegos e galegas, é coma se desaparecera toda a cidade da Coruña.

Aquí hai un avance, vostede xa empezou a recoñecer que o problema da emigración é un problema gravísimo, e ata se viu obrigado a presentar un plan de retorno despois de ter votado en contra desa proposta do BNG. Pero eu xa lle avanzo que a crise demográfica non se vai solucionar con plans aos que lles sobra propaganda e lles falta ambición, nin con políticas natalistas que fracasaron sempre en todos os países nos que se aplicaron. (*Aplausos.*)

Porque, mire, as persoas non van ter fillos porque llelo pida o Goberno nin por amor á patria nin por cheques bebé de 100 euros nin por caixas de benvida. As persoas van ter fillos e fillas, primeiro, se lles apetece; e, segundo, se hai unhas expectativas laborais e sociais que lles permitan ter salarios dignos, expectativas de futuro e calidade no emprego e no benestar social.

Porque o problema de fondo desta crise demográfica é a economía. ¡Convénzase, señor Feijóo! E neste ámbito o Goberno nin está nin se espera. O gran debate pendente é sobre cales son as transformacións económicas que ten que poñer en marcha este país para crear em-



prego de calidade, estabilidade social e benestar social, e para que haxa expectativas de futuro entre a xente nova.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Desde logo, non vai crear emprego unha lei de demografía propagandística que é papel mollado. Non vai crear emprego digno unha lei de demografía que repite medidas fracasadas e que non aporta ningunha solución real.

Por iso, desde o BNG facémoslle unha proposta: céntrese na economía, faga unha aposta estratéxica por industrializar os sectores básicos deste país, faga unha aposta de verdade polo I+D+i e o talento duplicando os fondos públicos. Súmese á reclamación para derrogar as reformas laborais. Porque sabemos que a precariedade está condicionando a vida das persoas; e, se non, mire o último índice de fecundidade.

E, por último, é imprescindible unha aposta real pola conciliación. Incorpore os nenos e nenas de 0 a 3 anos no tramo educativo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Comprobará, señor Feijóo, que iso si que funciona.

Nós o que lle dicimos é que colla estas propostas, e verá como a medio prazo empezamos a cambiar as tendencias demográficas deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día, señor Núñez Feijóo.

Cando vemos os titulares de prensa sobre a Lei de impulso demográfico non podemos menos que exclamar —permítame que me poña algo cervantino—: «¡Voto a Dios que me espanta esta grandeza!»». ¡A primeira lei de España con obxectivos como o de frear o despoboamento, equilibrar o territorio, que retornen 20.000 galegos e galegas, reverter a caída da fecundidade...! Todas elas, finalidades que non podemos menos que compartir. E, sen dúbida, estamos nunha situación na que é preciso actuar.

Xa se dixeron algunhas cousas. O diagnóstico é contundente e testemuña o fracaso da súa política nesta materia. En 2018 hai un mínimo absoluto de nacementos en Galicia, ¡mínimo absoluto! Xa estamos no que chaman os demógrafos a máis baixa das baixas fecundidades, cun declive continuo no número de nacementos desde que vostede é presidente. Xa hai quen di que en Galicia o mellor anticonceptivo son as políticas do señor Alberto Núñez Feijóo, (*Aplausos.*) quizais cun pouco de exceso. (*Aplausos.*)



Estamos en dúas mortes por cada nacemento. É certo, o saldo exterior é positivo nos últimos dous anos grazas á crise social, económica e política dalgunhas repúblicas latinoamericanas —singularmente, Venezuela—. Pero non creo que queira colgarse vostede esa medalla.

E en canto aos desequilibrios internos, como sabe vostede, hai 28 comarcas que nos últimos dez anos perderon máis dun 15 % da súa poboación. Estamos tamén nunha situación límite. E este fracaso obrigaría a cambiar de raíz as súas políticas. Se atendemos ao que está contido no anteproxecto, claramente isto non vai suceder, esas políticas non van cambiar. Quere vostede combater a crise demográfica cun texto legal. É unha opción lexítima, aínda que eu non sei se será a máis eficaz, pero optou vostede por isto. Pero, se vostede cre de verdade que esa é a forma de combater a crise demográfica, o que ten que facer é retirar o anteproxecto, porque iso non é un texto legal, non pasa de ser unha mera declaración de intencións. E unha declaración de intencións non ten a mesma fortaleza nin a mesma eficacia que a lei. Porque unha lei prescribe e prohíbe. E esta, en xeral, non o fai. Pense vostede, por exemplo, en materia de emprego ou en materia de vivenda. Na política de emprego —en vivenda di algo moi parecido— dise que a Xunta de Galicia poñerá en marcha programas específicos orientados á mocidade, ás familias con fillos e fillas e en situación de desemprego.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non di nada máis, ¡nada máis! Todos podemos apoiar isto, pero ¿vai cambiar algo sobre o que xa existe? ¿É que ata o de agora non estaba facendo ese tipo de políticas?

Fala de 700 millóns. Supoño que serán a maiores, e espero que nos poida dicir en que consisten eses 700 millóns que din os titulares de prensa. E o que hai de prescriptivo, de máis concreto, non pasa de ser inercia —como a Tarxeta Benvida— ou, se me permite, intentar ir á guerra con armas de xoguete: reserva de aparcamento para familias, publicación do saldo vexetativo por concellos ou medidas deste tipo. ¿Cre de verdade que con isto se pode combater a crise demográfica de Galicia?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, debe tomar en serio a cidadanía, abandonar a retórica e abandonar o márketing, e ir ás políticas definidas e verificables.

Se cambia o anteproxecto e fai unha reforma a fondo das súas políticas, podemos falar deste tema; e, se non, vai ser moi complicado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Despois desta rigorosa intervención dos portavoces do BNG e do Partido Socialista sobre demografía e as súas políticas alternativas, e ademais da frivolidade coa que vostedes falan deste asunto, quixera, polo menos, velo desde o punto de vista da botella medio chea.

Benvidos ao problema demográfico, señora Pontón e señor Leiceaga. Benvidos á preocupación polo problema demográfico. No meu primeiro debate do estado da Autonomía e na miña toma de posesión no ano 2009 a primeira das cuestións que plantexei como un reto para Galicia era o problema demográfico. O presidente Fraga durante moitas sesións deste Parlamento falou deses asuntos. E nos últimos dez anos a única iniciativa da oposición que recordamos en relación co problema demográfico foi levantarse da comisión parlamentaria para estudar o problema demográfico. Señor Leiceaga, quizais non o recorde. (*Murmurios.*) Non, se vostedes normalmente ás comisións parlamentarias que votan ou non van ou lévántanse; polo tanto, non me estraña que non recorde nin sequera o que fan. (*Aplausos.*)

Pero o certo e verdade, señoría, é que, dende o ano 2009, dende o primeiro instante que tiver a ocasión de presidir Galicia, estamos sinalando este problema. Entre o ano 2013 e o ano 2016 levamos ao Foro de Rexións Europeas e aprobamos por unanimidade —nun parlamento un pouco máis serio ca este, o Comité de Rexións— un documento instado, entre outras, por esta comunidade autónoma. No ano 2017 convencemos o Goberno de España para que plantexara un plan demográfico e que plantexara unha secretaría de Estado para o plan demográfico. Non coñecemos nin unha soa proposta. E tres comunidades autónomas do Partido Socialista —para que se vexa que o Partido Socialista tamén ten dirixentes serios—, Aragón, Asturias e Castela-A Mancha, xunto con Castela-León, Galicia e A Rioxa, presentamos en Zaragoza unhas propostas en materia demográfica. Seguro que vostedes, como non falan dentro do Partido Socialista, igual non se enteraron.

E agora resulta que presentamos un proxecto de lei e, antes de que entre na Cámara, é propagandístico. É un proxecto de lei que é consecuencia do traballo de máis dun ano do Observatorio Demográfico de Galicia, cheo de profesionais que estudan os problemas demográficos de Galicia. E vostedes din que todos eses profesionais son uns demagogos.

Miren, señorías, se estudaran un pouco os temas de Galicia sería un pouco máis fácil falar. Miren, a pesar dos problemas demográficos, Galicia está crescendo e leva crescendo nos últimos tres anos por riba da media de España. E é certo que a pesar dos problemas demográficos e de ter unha poboación envellecida, Galicia está respondendo con máis prazas ca nunca e máis propostas ca nunca aos problemas de envellecemento. E, a pesar de todo isto, o equilibrio entre o interior e a costa en Galicia segue sendo unha das políticas presupostarias da Comunidade Autónoma.

Pero, señor Leiceaga, ¿vostede —que antes lle gustaba estudar— sabe que non hai ningún país da Unión Europea que acade a fecundidade mínima que garanta o relevo xeracional? ¡Ningún país da Unión Europea!, ¡ningún! E mire que nos países da Unión Europea non goberna o señor Feijóo. ¿Vostede sabe que dende 1984 en España non hai ningunha comunidade autónoma que teña un índice de fecundidade que garanta o relevo xeracional? Desde 1984, ningunha comunidade autónoma de España.



¿Vostede sabe que a taxa de fecundidade hoxe —por exemplo, a do ano 2017, ano definitivamente pechado— é superior á que tiñamos, por exemplo, en 1998? ¿Vostede, señor Leiceaga, realmente vai empezar outra vez a tomalo en serio ou é que, porque se vai, xa todo o toma a broma? Para min isto non é unha broma, señoría. Unha política económica responsable é o que levamos facendo dende hai tempo.

Dicir —como di a señora Pontón— que 200.000 mozos se foron de Galicia nos últimos anos cando resulta que o saldo migratorio, dende que son presidente, é positivo para Galicia en 40.000 persoas. É dicir, ¡en Galicia entraron 40.000 persoas máis das que saíron nos últimos dez anos e a señora Pontón vén aquí simplemente tomar en broma os movementos migratorios do país!

Señora Pontón, di unha cousa e a contraria. Primeiro di que as mulleres van ter fillos cando lles pete e despois dime que a culpa a teño eu de que as mulleres non teñen fillos en Galicia. (*Murmurios.*) ¡Como podemos facer políticas natalistas se isto é retrógrado, conservador! E agora resulta que o problema de Galicia é o problema da natalidade Pero, señora Pontón, ¿hai algunha comunidade autónoma que plantexe máis deducións fiscais que a nosa?

Respecto da flexibilidade horaria e do teletraballo, 11.000 empregados na comunidade autónoma. Somos a primeira comunidade autónoma que incrementou os permisos de maternidade no ámbito da función pública. Señoría, ¿vostede non sabe que somos unha das comunidades autónomas con máis axudas para a redución de xornada nas familias monoparentais?

¿É unha broma a Tarxeta Benvida, señor Leiceaga? ¿Como non se lles ocorreu a vostedes cando tiñan diñeiro, na época de bonanza económica? ¿É unha broma investir 50 millóns de euros e chegar a 45.000 familias que desfrutan da Tarxeta Benvida por cada bebé que nace na comunidade autónoma? ¿Iso é unha broma? ¿É unha broma duplicar de 12.000 a 25.000 as prazas de gardería? ¿Houbo algunha vez unha política de conciliación en materia de escolas infantís máis ambiciosa que esta?

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, señor Leiceaga, ¿realmente a proposta do Partido Socialista é considerar demagóxica unha lei que nin sequera coñecen nin se empezou a debater na Cámara?

Señor Leiceaga, nunca tantas medidas de conciliación houbo na comunidade autónoma como agora; nunca tantas desgravacións fiscais por segundo e terceiro fillo houbo en Galicia como agora; nunca tantas tarxetas Benvida —a 45.000 familias, e 50 millóns de euros investidos— para que esas familias poidan mellorar a súa renda, a pesar de ter dificultades, coma sempre, para atopar un novo encaixe por un fillo ou unha filla.

E agora que plantexamos a primeira lei de impulso demográfico de España, ¿considera que iso é unha demagoxia?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, señora Pontón, gustaríame poder falar en serio co BNG e co Partido Socialista. Lamentablemente, en temas demográficos, seguen vostedes como na década dos anos oitenta; é dicir, sen enterarse.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, non se enfade tanto. Se vai todo tan ben, ¿por que lle molesta esta pregunta? Porque o vexo, a verdade, moi alterado, faltándolle ao respecto a todo o mundo, empezando por este Parlamento. Porque non sei cal é o parlamento máis serio que o Parlamento galego. (*Aplausos.*) Estaría ben que nolo dixera. ¡Que falta de respecto aos galegos e ás galegas e a este país!

E, mire, a única frivolidade que vimos hoxe nesta Cámara é un presidente que leva dez anos gobernando este país e un partido que leva trinta sendo responsable da política económica e do futuro de Galiza, que ten os peores datos demográficos da nosa historia e que vén aquí cunha proposta, que é insultar e facer oposición da oposición. Iso si que é unha frivolidade ante un tema tan serio como o que temos por diante. E se ten que recorrer a Fraga para intentar salvar os mobles, a situación, desde logo, está peor do que podía parecer.

Eu non sei se vostede se pregunta ou pensa nalgún momento que é un paradoxo. Temos, segundo vostede, máis de todo ca nunca: máis prazas infantís, máis axudas, máis deducións..., máis de todo. ¡Ah!, pero é que temos menos nenos e nenas e menos mocidade, nunha parte porque emigraron máis de 100.000 mozos e mozas durante esta última década. En conxunto, 250.000 galegos e galegas. ¿Como sería o saldo vexetativo deste país se non os botaran fóra, señor Feijóo? ¿Como sería o saldo vexetativo? (*Aplausos.*) Ese é un problema. E se a vostede non lle parece un problema explíqueme por que agora, no tempo de desconto, pon en marcha un plan retorno da emigración. Estaría ben que nolo explicara a nós e aos galegos e galegas, que merecen un respecto do señor presidente.

Por iso, nós insistimos: o problema demográfico non se vai solucionar cunha lei. O debate de fondo é a economía, que tipo de salarios, que tipo de estabilidade laboral, que perspectivas de futuro ten a xente nova e cal é o modelo produtivo. (*Murmurios.*)

Mire, se me permite, como diría un ex-presidente norteamericano, Bill Clinton: *It's the economy, stupid*

De verdade, señor Feijóo, colla as propostas que lle está lanzando o Bloque Nacionalista Galego, céntrese no problema de fondo da demografía, que é a economía, e non máis políticas natalistas fracasadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...porque estamos vendo o resultado das súas políticas natalistas: os peores datos da nosa historia.

E, mire, que vostede sempre estea falándonos dos que están peor non lle serve para nada a este país. Empece a ver aqueles países que si foron capaces de darlle a volta á situación demográfica.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Hai exemplos que funcionan, pero parece...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que o presidente da Xunta se contenta... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, señor presidente.

A verdade é que a súa resposta me levaría a contestarlle: si, é así, simplemente. Pero, mire, dúas cousiñas.

É mellor ter estudado algo que non telo feito nunca. *(Risos.) (Aplausos.)* Iso, para empezar.

E, en segundo lugar, na comisión parlamentaria da que fala —¿recorda vostede?—, a principal conclusión é que había que facer unha campaña de propaganda para convencer as gallegas de que tiveran fillos. Esa era a principal conclusión desa comisión. Por iso nós dixemos que ou había un cambio nas políticas de benestar, nas políticas do mercado de traballo, ou non tiña ningún sentido seguir colaborando con isto. O mesmo que agora non me dixo nada dos 700 millóns. Ao mellor é difícil improvisar unha resposta. Espéroo nos orzamentos. Serán 700 a maiores, supoño, non a enésima operación de márketing. E, por tanto, espere-mos aí para ver se eses 700 millóns que acompañan a lei son de verdade ou son fume.

E repítolle que claro que hai alternativas. Mire, en Alemaña está medrando a taxa de fecundidade. Pero, entre outras cousas —e eu propóñolle que falemos disto—, estableceron un dereito subxectivo para que todos os nenos e nenas dun ano teñan dereito a unha praza de gardería a un prezo que poidan pagar. ¿Estamos de acordo con iso? ¿Establecemos unha negociación cos sindicatos para incorporar en toda negociación colectiva e tamén na Xunta de Galicia políticas de conciliación e políticas de estabilidade laboral en serio? ¿Poñemos en marcha un programa de renda mínima, como di a Airef, compatible co salario, que incorpore axudas para aquelas familias que o necesitan, non ata os 3 anos, senón ata os 12 ou os 15 anos, de xeito progresivo? ¿Poñemos en marcha unha axencia independente, como en Escocia, para reequilibrar o territorio, e profesional, que, con fondos, permita establecer ser-



vizos e condicións laborais dignas en todo o territorio? ¿Establecemos un mapa de servizos básicos cunha malla no territorio, cun compromiso calendarizado e de investimento, para darlles oportunidades a todos alí onde estean? ¿Eliminamos o cofinanciamento nos programas propostos pola Xunta de Galicia para aqueles concellos que están en situación de grave regresión demográfica? ¿Incorporamos ao diálogo social un plan de igualdade e un plan de conciliación seguindo, por exemplo, o modelo vasco, que está moito máis avanzado que o noso, porque, a máis igualdade, máis nacementos, señor Feijóo —a máis igualdade, máis nacementos, hai que meter isto na cabeza—, cun compromiso público para axudar á recuperación da carreira profesional da muller despois da maternidade?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Podería seguir, pero o que quero dicirle é claro. Se abandonamos a retórica, é moi fácil. Non se trata de facer unha cesta regalo metendo o que xa se está facendo nun envoltorio máis brillante, como é unha lei, e intentar vender isto como un gran paso adiante, porque non o é. É mera inercia que nos vai levar aos mesmos resultados.

Evite rematar como o soneto de Cervantes, que sei que vostede coñece. Se hai cambios en profundidade, concreción e compromisos serios, falemos. Se todo queda en terra, en fume, en po, en sombra, en nada, con nós non vai poder contar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Ten a palabra o señor presidente para o peche desta pregunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, cando me fala vostede dos 700 millóns, ¿refírese ao pufo do Goberno de España en relación co diñeiro que nos deben no presuposto do ano 2019? ¿Refírese vostede a ese pufo ou é que simplemente, para que Galicia reciba o que lle corresponde, temos que votar a favor de que o señor Pedro Sánchez sexa presidente do Goberno —¡para que Galicia teña o que lle corresponde!—? (*Murmurios.*) Señor Leiceaga, coas súas propostas, como vostede comprenderá, non é moi fácil falar en serio.

Señor Leiceaga, despois de escoitalo atentamente, ¿realmente vostede opta ao posto de secretario de Estado para a Demografía, ese que creou o Partido Socialista cando chegou ao poder? Si, señoría. ¿Non sabe vostede que hai unha secretaría de Estado para a Demografía no Goberno de España inédita? Si, si..., un comisionado para a demografía inédito. (*Murmurios.*) ¡Ah!, bueno, ¿o rango non é de secretario de Estado?

Mire, señor Leiceaga, leccións sobre demografía do Partido Socialista Obreiro Español comprenderá que non imos recibir ningunha. (*Aplausos.*) Comprenderá, señoría, que iso non é serio, porque non é serio dicir que o problema demográfico é do señor Feijóo cando dende o ano 1976 leva caendo o número de nacementos en Galicia de forma continuada ata o ano



2019. Entre o ano 1976 e 1979 nacían en Galicia 43.000 nenos e nenas. No segundo lustro baixou un 20 %; no seguinte lustro, 1985-1989, outro 25 %; entre o 1990 e o 1994, outro 17 % e entre o 1995 e o 1999, outro 17,7 %. É dicir, en quince anos, baixamos á metade, de 43.000 a 20.000. ¿É resulta que isto era culpa do señor Feijóo? Señoría, o señor Feijóo ía a unha escola rural dos Peares cando isto estaba ocorrendo no país. (*Aplausos.*) Exactamente isto, señor Leiceaga. ¡Un pouco de respecto pola biografía!

Señora Pontón, di que o problema é económico. Pero, señora Pontón, se nin sequera o BNG le. ¡E despois di que lle molesta que sexa así de contundente! É que non se pode vir ao Parlamento inventar. É que aquí nos pagan os galegos para falar en serio de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A enquisa de fecundidade que acaba de saír publicada no ano 2019, di: «Razóns económicas para non ter fillos en Galicia, o 9,7 %; (*Murmurios.*) porque non se quere, o 16,2 %; porque non hai parella ou parella inadecuada, o 14,7 %». Pero, señora Pontón, ¿de verdade que vostede vén aquí dicir que o problema é un problema estritamente económico, cando resulta que as galegas din exactamente por que non queren ter fillos e non concordan con vostede? (*Fortes murmurios.*) Pero, señora Pontón, ¿pódese vir aquí manipular o que din os galegos e as galegas? (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, o que propoñen as galegas, no principal problema de non ter fillos, é un aumento dos permisos de maternidade e paternidade —no 20,5 % dos casos—. ¿Por que non le o que din as galegas? As galegas que máis fillos teñen, señoría, fíxese por onde, son as que menos renda teñen.

¿Pero de verdade que vostedes non van estudar nin sequera os asuntos de Galicia e traer aquí algunha proposta razoable sobre os problemas do país? Comprenderá vostede que ás veces non é moi fácil poder contestar a unha frivolidade e a unha improvisación como a que estamos escoitando nesta sesión de control.

Fala da taxa de fecundidade. No ano 1998 era o 0,92 %. No ano 2017, foi o 1,12 %. ¿Cal é o problema? Non é a taxa de fecundidade, é que cada vez temos menos mulleres en idade fértil. Ese é o problema, señoría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) No ano 1998 tiñamos... (*Murmurios.*) ¡¿Pero rin?! Vostedes rinse do país, veñen aquí rirse do problema demográfico. E rin, din unha frivolidade máis, outra menos, dálles igual, din que o problema son os programas natalistas, que a muller teña fillos cando lle pete... ¿Pero realmente vostedes van falar en serio? ¿Están de broma con este asunto?

O número de mulleres en idade fértil na década dos noventa chegaba a 700.000 e agora estamos en 550.000; é dicir, unhas 123.000 menos. O problema, en consecuencia, non é o número de fillos por muller en idade fértil, o problema é que cada vez temos menos mulleres en idade fértil. E este é o problema de Galicia, é o problema de España e é o problema da Unión Europea. ¿De verdade, señorías, que isto non o van tomar en serio? (*Aplausos.*)

¿Como se pode chegar a este Parlamento e dicir que o problema da fecundidade e da natalidade en Galicia é da xente que sae fóra, cando acabo de referir os datos de que nos



últimos dez anos, a pesar da recesión, a pesar da crise económica e a pesar de que miles de inmigrantes saíron de España porque non tiñan emprego, a pesar de todo isto, a po-boación galega entre os que saen e os que entran se incrementou en 40.000 persoas? ¿Como se pode falar aquí de que a xuventude está saíndo de Galicia cando, entre os 16 e 34 anos, os que saíron fronte aos que entraron dá un saldo positivo de máis de 6.200 mozos? ¿Pero de verdade que non hai ningún interese na oposición por falar de Galicia en serio?

Estanse rindo vostedes das políticas de retornados. Neste ano 2018 entraron en Galicia máis de trece mil persoas máis das que saíron. É o mellor dato dos últimos dez anos. Pero resulta que isto, as políticas de retornados, é unha broma.

Pero, señorías, exactamente ¿que é o que propoñen? ¿Propoñen que suprimamos todas as políticas que acabamos de aprobar? ¿Eliminamos, señor Leiceaga, a Tarxeta Benvida? Son 50 millóns de euros para rendas dos pais e das nais que teñen fillos. ¿Eliminamos as casas niño no rural?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Eliminamos as 25.000 prazas de escolas infantís — máis de trece mil novas que fixemos nos últimos anos—? ¿Queren vos-tes eliminar o Bono Coidado? ¿Hai algunha proposta do Bipartito en materia demográfica que debamos manter vixente? Vostedes, durante catro anos de bonanza económica, ¿plan-texaron algunha proposta en materia demográfica ademais de rirse dos problemas demo-gráficos do país? E agora resulta, señoría, que non soamente se rin dos problemas demográficos, é que se rin das parellas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...das familias, e rinse dos problemas que temos en Galicia. (*Murmurios.*) Nin lles interesa coñecer nin lles interesa pro-poñer. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, critican todas as me-didas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dígolles unha cousa: vostedes sigan criticando as medidas de impulso demográfico deste Goberno. Este Goberno vai traer á Cámara unha lei de impulso demográfico. Teñen vostedes a proposta de facer unha lei de impulso demográfico por consenso. Se a queren vostedes utilizar, utilícena.



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E tamén lles digo: ríanse vostedes da Tarxeta Benvida — 50 millóns de euros e 45.000 familias beneficiadas —.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Ríanse das escolas infantís — 25.000 escolas infantís —.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, presidente.

Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Rían, porque lles queda moito por rir.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Imos seguir aprobando medidas en beneficio...

O señor PRESIDENTE: ¡Terminou o seu tempo, presidente!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...do impulso demográfico...

O señor PRESIDENTE: ¡Terminou o seu tempo xa, por favor!

Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...todos os meses que restan de lexislatura.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno



galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 51389).

Emenda número 1, de modificación.

Débase substituír o texto do primeiro apartado da parte resolutiva polo seguinte:

«—Que non se contraten servizos externos para facer un traballo de carácter funcional que debe ser desenvolvido por persoal dos Servizos Provinciais de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, con suficiencia técnica, capacidade e independencia.»

Emenda número 2, de modificación.

Débase substituír o texto do segundo apartado da parte resolutiva polo seguinte:

«—A creación das prazas necesarias de arquitectos/as e arqueólogos/as, e a súa cobertura urxente, para desenvolver os informes e traballos de patrimonio cultural.»

Emenda número 3, de adición.

Débase engadir ao final da parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

«—Realizar un estudo de cargas de traballo e necesidades da Dirección Xeral de Patrimonio.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres. *(Murmurios.)* Espere un segundo. Espere un segundo a que haxa máis tranquilidade. *(Pausa.)*

Cando queira, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Como todos e todas vostedes saben, recentemente aprobouse nesta Cámara a Lei 1/2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia; unha lei que marcou entre as súas prioridades —quizais a máis importante— a da mellora da axilización e xestión dos expedientes que forman parte do patrimonio cultural galego. E a verdade é que non é un obxectivo menor. E non o é porque os retrasos nas tramitacións de licenzas de expedientes afectados e dependentes de informe por parte de Patrimonio, da Xunta, é unha das cuestións máis enquistadas e, polo tanto, un dos maiores retos desta Administración pública.



Recoñecer o problema, sen dúbida, é o primeiro paso para atallalo. E aí este Grupo Socialista aplaude que, cando menos, se recoñeza esa necesidade de mellora. E por iso tamén traemos esta iniciativa, porque nós tamén cremos no de axilizar, pero axilizar desde a responsabilidade e a defensa prioritaria do patrimonio. E hoxe créanme que, desde o construtivo, desde o Grupo Socialista temos que manifestar a nosa preocupación —que ademais xa vén de atrás— no que fai referencia á necesidade de fortalecer estes servizos provinciais e de facelo desde a calidade, principalmente, e non só desde a velocidade.

É certo que non todos os servizos provinciais traballaron coa mesma carga de traballo nos últimos anos. Cónstanos que moitos deles traballan en tempos aparentemente razoables. É, francamente, o servizo provincial de Pontevedra o que ten manifestado máis dificultades que ningún para resolver os informes que chegan a este servizo, así como o que tamén ten máis denuncias, polo deficiente funcionamento, por parte de promotores e técnicos ou técnicas redactoras. E isto explícase pola recepción de entre 2.000 e 2.200 expedientes anuais que teñen que ser informados por un corpo de tres funcionarias. Esta cuestión ten provocado o colapso do servizo, que chegou a tardar incluso máis dun ano en informar sequera o primeiro dos informes dun expediente, algo que é totalmente comprensible, pois supuña que entre as tres funcionarias tiñan que informar unha media de nove informes diarios. É algo que sería posible no caso de tratarse de expedientes de obras menores e de baixa dificultade, pero non así nos casos de obras maiores, que requiren sempre de maior traballo e de estudo previo. Se a isto lle sumamos os problemas de atención ao público, a cousa aínda se complica máis.

E se ben é certo que se reforzou o servizo desta provincia desde o 18 de xuño de 2018, este reforzo non se levou a cabo con persoal propio senón que se optou pola contratación temporal dunha empresa externa. O reforzo, ademais, demostrouse absolutamente necesario, pois prorrogouse este contrato, unha vez máis, de marzo a xuño deste mesmo ano. Descoñecemos, polo tanto, o estado real dese servizo a día de hoxe.

Desde este grupo cremos que este tipo de solución, sendo legal e con carácter temporal, non ten por que ser o foco da crítica. Entendemos ou queremos entender que, por un lado, o tratamento e a custodia de toda a información que están a tratar está sendo realizada dentro do correcto proceder administrativo, e que, polo outro, esta tarefa de apoio na emisión de informes foi desenvolvida por técnicos e técnicas competentes. Queremos pensar que isto é así. De feito, este é un debate que xa se deu tamén durante a tramitación da Lei de rehabilitación: a formación que hai que asegurar no tratamento e emisión dos informes de todo o persoal que teña o labor de informar expedientes relacionados con Patrimonio —e máis aínda neste caso no que se informan cuestións que afectan directamente a BIC e a edificacións en contornos BIC, que son os expedientes ademais que nun futuro deberían ser os únicos que se xestionen neste tipo de servizos—. Esta formación téñena os arquitectos e as arquitectas, téñena os arqueólogos e as arqueólogas. E non vale calquera perfil técnico, hai que ter e exixir formación específica. E, por suposto, algo tamén moi importante é que hai que exixir criterios, hai que ter criterios claros. Non se entende, polo tanto, que nun servizo se contemple algún tipo de solución arquitectónica e de idoneidade de materiais que noutros servizos provinciais non se contemple; e aínda máis que, dentro dos propios servizos, entre uns e outros funcionarios tamén existan esas diferenzas de criterio. E iso non é unha cuestión reprochable —penso— ao persoal funcionario. Eles e elas aplican o mellor que teñen:



os seus coñecementos e o seu propio criterio. O problema penso que xorde da falla de coordinación entre servizos e da inexistencia dun compendio de criterios comúns de actuación; algo que debería existir desde hai tempo, especialmente para aquelas cuestións que si se comparten pero nunca se trasladan debidamente ás persoas promotoras e ao persoal técnico involucrado en cada proxecto.

E non estamos a falar de actuacións de tipo singular en edificacións tamén singulares nas que se poderían entender solucións menos estandarizadas e máis adaptadas ao carácter concreto do inmovible ou ben que hai que tratar, senón que estamos a falar daquelas de certa entidade que afectan a edificacións de vivendas e nas que, por exemplo, no mesmo ámbito dunha rúa ou dunha praza se teñen advertido claros criterios diferentes entre unha vivenda e outra lindeira. A unha vivenda, polo tanto, se lle admite unha solución que na do lado curiosamente se denega. E ¿por que? Porque foi informada por técnicos diferentes e con criterios diferentes.

É máis, existe unha queixa xeneralizada pola indefinición que tamén se está dando en moitos dos informes que se están a emitir a día de hoxe desde o servizo pontevedrés; isto é, respóndese con frases tan xenéricas que é francamente difícil para o promotor ou promotora ou incluso para os técnicos e técnicas recoñecer cal é a resolución ou o mandato do informe, incluso con mensaxes contraditorias. Isto podería parecer non demasiado grave se se puidese contactar co propio servizo e pedir unha explicación ou aclaración. Pero tamén aquí parece que nace outro problema máis, e é que existe unha recente restrición nas consultas das persoas promotoras, técnicas, ou incluso de representantes de institucións que queiran xestionar o expediente afectado por Patrimonio. Neste momento toda consulta dirixida a este servizo provincial ten que facerse por escrito, segundo unha instancia restrinxida a un folio —que teño aí, logo ensinareino— e que evidentemente dificulta e limita a capacidade da consulta.

Lembren que estamos a falar de expedientes nos que moitas veces a dúbida, se non vai acompañada de imaxes ou documentos, é moi difícil, por non dicir imposible, de transmitir e de entender. Isto, nas fases iniciais e previas a unha tramitación, obrígalles a facer aos promotores investimentos xa en planos e informes de propiedades nas que o interese por rehabilitar depende moi especialmente desa resposta previa. Esta cuestión, polo tanto, disuade das consultas de carácter máis importante e serve só para dúbidas de carácter menor que, en todo caso, tamén poderían resolverse penso que cunha atención presencial ou telefónica, algo que si acontece no resto de servizos provinciais.

Hai moitos promotores pequenos e grandes promotores que tamén queren adquirir edificacións para a promoción de vivendas ou para locais comerciais. E tan pronto escoitan a palabra «Patrimonio» bótanse para atrás. E non llelo digo eu, pódelle comentar tamén calquera axencia inmobiliaria ou promotora da provincia de Pontevedra. E é que, se á lentitude da tramitación lle engadimos a disparidade de criterios e a denegación da atención presencial para a resolución de dúbidas, o que resulta é un desánimo absolutamente xeneralizado e unha negativa a adquirir ou promover obras que afecten á rehabilitación dunha propiedade afectada por Patrimonio. ¿Tan difícil é de entender que se está a frear o emprendemento pero, por suposto, tamén a consolidación e o mantemento do patrimonio? Ambas cuestións penso que son de máxima importancia para Galicia.



Resolver as consultas previamente ao inicio dun expediente é probablemente un dos factores máis importantes para encamiñar axeitadamente a súa tramitación e evitar precisamente que este se enquite durante meses ou anos por discusións que nunha primeira fase se poden resolver, ou en todo caso para minimizar as consecuencias.

Quero tamén facer unha mención a que moitos expedientes pois tampouco se resolven coa emisión dun informe senón que a resolución de moitos deles pasa primeiramente pola emisión dun informe de subsanación da documentación.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: E ¿que significa isto? Que, se o camiño da tramitación xa é tedioso, dificultar a información áxil non parece tampouco o mellor modo de impulsar a rehabilitación nin tampouco a transparencia dos procesos. É algo tan obvio que non se entende por que se opta por denegar a atención presencial, e menos aínda por que se está a dificultar esta cuestión a uns galegos si, no servizo provincial de Pontevedra, e ao resto de galegas e galegos non. A resposta, a verdade, é que nós a temos clara. E é que existen servizos que seguen a día de hoxe absolutamente sobrepasados. E a necesidade de que o persoal funcionario se concentre ao máximo na emisión de informes impídelles precisamente realizar os labores de atención ao público.

Cremos que estas desigualdades territoriais non poden ser mantidas por máis tempo, que estes servizos teñen que ser dotados de máis medios, tanto humanos como tamén técnicos, e que a atención aos e ás cidadás —e, cando menos, tamén aos técnicos e ás técnicas redactoras— ten que ser unha prioridade inescusable dos servizos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: Por todo isto —e xa remato—, o noso grupo solicita que no prazo máximo de dous meses se adopten as medidas necesarias para que en todos os servizos provinciais de Patrimonio Cultural, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, se asegure, por un lado, a atención e resolución de dúbidas das persoas promotoras, técnicas e representantes institucionais, tanto presencial como telefonicamente, co fin de favorecer a transparencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...a axilización e a efectividade dos proxectos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora PIERRES LÓPEZ: E, por outro lado...



O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. *(A señora Pierres López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Ben, é un tema ben complexo, ben importante.

E con respecto á «Lei 3R» —para axilizar—, o noso grupo parlamentario xa tomou postura. E a postura que tomou foi facer a emenda á totalidade. Emendala parcialmente pero tamén emenda á totalidade, porque consideramos que esta lei pon seriamente en perigo o noso patrimonio cultural.

En primeiro lugar, dicir que estas diferenzas provinciais nós cremos que teñen unha orixe e unha causa, pero nestes cinco minutos eu querría falar de catro cousiñas.

Primeiro, ¿por que hai diferenzas provinciais?. Posiblemente Pontevedra —posiblemente, digo— aínda non teña pactado ou aínda non sexa accionista de Tragsa, e isto é un factor importante; Tragsa ou Tragsatec. Dende logo, hai que evidenciar un desprezo por parte da consellería, e alégrome moito de que estea aquí o conselleiro de Cultura. ¿Como é posible —xa que está, señor conselleiro—, que a Consellería de Cultura, principal responsable da defensa do noso patrimonio, sexa neste momento responsable da súa indefensión? Non o podemos entender.

Nas outras provincias estase vulnerando a Lei de protección de datos. Fíxense nun detalle ben relevante. Aos traballadores funcionarios, que son os que teñen que ser responsables, os que teñen que informar de patrimonio, indicóuselles que os expedientes deben estar gardados baixo chave porque ninguén alleo pode consultar os datos que conteñen.

A consellería nega de xeito sistemático as solicitudes de teletraballo que presentan arqueólogos, arquitectas e arquitectos, baseándose precisamente en que a información que conteñen é sensíbel.

Moi ben, ¿como é posíbel entón que poidan ser trasladados fisicamente ás oficinas das empresas, que collan a maleta os responsables ou os membros de Tragsatec, e collan estes datos? Estamos falando de datos moi importantes, estamos falando de planos, estamos falando de datos bancarios, estamos falando de planos de edificación, de contas bancarias, de orzamentos de obras... Todos os datos contidos en permisos de edificación e xestión urbana, que deben ser custodiados por funcionarios, insisto. Por iso hai tamén denuncias por parte, en concreto, da Central Intersindical Galega que piden que se eliminen as encomendas de xestión.



Nós estivemos buscando estas encomendas de xestión. É curioso, atopamos tres, dúas contratadas pola Dirección Xeral de Patrimonio, por un valor... —non quero dicir datos erróneos—: unha de 148.264 euros, para cubrir catro meses e con carácter retroactivo; outra de 242.291 euros, do ano 2018, mais outra, encomendada pola Consellería de Vivenda e Solo, por un valor de 261.773 euros. ¿E por que? Porque Tragsa se considera medio instrumental da Administración. Curiosamente, en decembro de 2018...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...mudaron os estatutos de Tragsa. ¡Que curioso, que casualidade! E coincide con isto.

Estamos falando de precarización do traballo do funcionariado, e por iso nós emendamos a proposta do Grupo Socialista de tres cuestións importantes. Primeira, non externalizar. Teñen que ser os funcionarios, arqueólogos e arquitectos dos concellos quen faga os informes dos servizos provinciais, neste caso do que estamos falando. Perdón, dos servizos provinciais.

Creemos imprescindible que se creen urxentemente prazas e realizar un estudo de cargas de traballo e necesidades da Dirección Xeral de Patrimonio. Abonda xa de maltratar e desprezar a cultura, o patrimonio e a lingua.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bo día.

A situación denunciada por esta proposición non de lei respecto neste caso concreto do Servizo de Patrimonio de Pontevedra é inadmisibile, pero, certamente, non sorprende, porque que por parte da consellería competente en materia de protección do patrimonio se dificulten ata tal punto as consultas sobre expedientes de obra ou de rehabilitación que poidan afectar a bens patrimoniais, pois é un sen sentido. Ten habido agardas de dous anos na tramitación de expedientes; seis meses na emisión de informes ou en reformar un tellado; sete meses en permitir mesmo a limpeza na contorna de bens. E tamén é un sen sentido polo feito que explicou a propoñente, de que este tipo de consultas poden axilizar e mellorar os futuros proxectos de construción e rehabilitación, evitando demoras innecesarias como o feito de poder facer correccións de antemán que eviten informes negativos. Asemade, tamén hai que destacar o perigo en que se poden poñer determinadas subvencións por eses atrasos.

Pero é que, certamente, esta situación concreta de dificultades para consulta, aínda que só se dea en Pontevedra, é xeneralizada. É xeneralizada a falta de recursos humanos nos servizos de patrimonio. Non só falta persoal para axilizar estes proxectos de obra ou rehabilitación ou os distintos proxectos que afecten a bens patrimoniais, senón tamén recursos



suficientes para a catalogación ou mesmo para comprobación de danos cando se produce algún, mesmo grave, en elementos do patrimonio cultural. Fai falta ese traballo proactivo, e a razón última é esa necesidade de máis persoal nos servizos de patrimonio. Tamén son xeneralizadas as queixas polas diferenzas de criterio nos distintos servizos provinciais por parte das asociacións de patrimonio.

Pero a cuestión que está de fondo nestas dificultades de tramitación de expedientes, nesta falta de persoal, é o desleixo total da Xunta respecto do patrimonio, permitir que se asente esa idea —como vostede mesma sinalou— de que o patrimonio é un estorbo, de que aparece a palabra «patrimonio» e xa parece que cae o mundo. A razón última disto é a falta de persoal e a falta de concepción por parte da Xunta de que o patrimonio é un valor. E aínda está sen desenvolver ese catálogo do patrimonio cultural. Sería, certamente, un elemento que contribuiría a facer que se divulgasen eses bens patrimoniais, as normas.

Ata hai relativamente pouco, para consultar as fichas dos bens catalogados había que ir pedilas en papel, e case eran os segredos mellor gardados. Agora xa as podemos ter dispoñibles nesa web do planeamento urbanístico, pero parece que nas cuestións de patrimonio a Xunta vai renqueante, cando hoxe os medios técnicos permitirían máis axilidade, tendo persoal —como vostedes mesmas dixeron— formado e persoal propio da consellería para poder axilizar estes expedientes.

Así pois, nós apoiamos que este reforzo hai que facelo e hai que facelo xeneralizadamente, non poden ser parches; e non poden ser tampouco esas externalizacións das que se falou aquí, para evitar, sobre todo, a idea de que o patrimonio é un estorbo. ¡O patrimonio é un valor!

Xa é unha cita clásica de Xurxo Ayán e Manolo Gago, no libro de *Herdeiros pola forza*, que sinalaban que non sei se era en Bóveda ou no Incio unha muller dicía que as mámoas as poñen de noite os do Bloque para fastidiar. Esta é a concepción, a idea de que o patrimonio molesta. ¡Home, non vai molestar! Se non hai nin servizo con persoal formado e con persoal suficiente que poida axilizar as cuestións e facer ver que o patrimonio é un valor, que é a riqueza dun país e o ten a Xunta.. ¡Coidado! Non vaíamos desvelar o enorme patrimonio que ten o país, que ao mellor se fomenta incluso a conciencia nacional galega. ¡Coidado, que isto é un problema!

Así pois, apoiamos esta proposición non de lei e apelamos a esa necesidade de cambiar de fondo as políticas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, as do Bloque non só poñemos mámoas de noite, e temos a culpa de ter o país inzado de bens patrimoniais para molestar, senón que a culpa da crise demográfica tamén a temos, como todo o mundo sabe, as militantes do Bloque Nacionalista Galego. Todo o



mundo sabe que estamos detrás dese saldo vexetativo negativo neste país desde hai máis de trinta anos. Hoxe na sesión de control ao presidente —é inevitábel facer un comentario previo— vivimos xa un capítulo máis, subimos un chanzo o nivel. Hoxe tivemos a oportunidade de ver o presidente da Xunta negar os informes da Xunta de Galiza. Hoxe xa superamos un nivel máis do despropósito e da falta de respecto a esta Cámara e vimos ao presidente da Xunta negar os propios informes do Observatorio Galego de Demografía que vou pasar a llerlles para... Porque creo que é imposíbel...

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe, escoite.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Simplemente, simplemente... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non, déame a folla a min que despois llela paso eu aos deputados, faga o favor. Déama a min.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Non, eu non quero converter a Presidencia nun repositorio de papeis...

O señor PRESIDENTE: Non, para ir á cuestión. Vamos á cuestión. Pásema a min e despois llela paso eu a eles. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Creo que o Regulamento da Cámara dispón...

O señor PRESIDENTE: Vamos á cuestión. O debate xa se aclarou.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...que en calquera momento do debate eu podo solicitar a lectura dun documento.

O señor PRESIDENTE: Si, pero se está relacionado co tema. (*Murmurios.*) Vamos á cuestión.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Está relacionado co tema...

O señor PRESIDENTE: Vamos á cuestión, señora Rodil, por favor.

Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoe, señora Prado, estou falando coa señora Rodil e estoulle dicindo o que lle estou dicindo. Vamos levar isto con tranquilidade, non é para complicallo.

Señora Rodil, por favor, á cuestión. Falemos do patrimonio, que non é un asunto menor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Non é un asunto menor, efectivamente...

O señor PRESIDENTE: Vamos alá.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...nin os problemas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Tranquilidade. Silencio. Silencio. (*Murmurios.*) Silencio, por favor, imos levar isto con tranquilidade. Xa queda pouco para que isto termine. (*Murmurios.*) Cálmense, por favor. Tranquilos, tranquilos. Dentro de pouco vén algo de relax, tranquilidade. Imos ir con calma. Aínda queda o pleno de hoxe, pero vamos ir con calma.

O tempo será compensado, señora Rodil, non se preocupe por iso.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Vou á cuestión.

O señor PRESIDENTE: Ao patrimonio, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Creo que a señora Prado ten ganas de falar, entón...

O señor PRESIDENTE: Cando queira. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Menos para cumprilo vostede, señora Prado.

Indo á cuestión, sobre a situación que atinxe aos servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio. Aquí centrábase a cuestión por parte do Partido Socialista en relación coa recentemente aprobada entrada en vigor da Lei de rehabilitación. Nós, desde o BNG, fomos moi críticas con ese texto normativo desde que entrou para a súa tramitación nesta Cámara. Expuxemos en numerosas ocasións que non estamos de acordo con ese texto no que ten a ver, sobre todo, en materia de patrimonio, porque supón unha flexibilización nesa neolingua, unha falta de control ou unha supresión de mecanismos de control para a protección dos bens patrimoniais, que hai moitísimos no noso país, mesmo algúns que teñen unha alta catalogación e un alto nivel de protección.

O certo é que os colapsos nos servizos da Dirección Xeral de Patrimonio arrástranse desde os últimos anos e veñen motivados, fundamentalmente, pola falta de persoal, xa se expuxo aquí tamén. Pero en vez de intentar solucionar ou atallar o problema pola vía de dotar —como se demanda na iniciativa— dos recursos materiais, humanos e económicos necesarios eses servizos para poder afrontar a carga de traballo que teñen, a vía pola que optou a Xunta de Galiza e o Partido Popular foi por seguir reducindo, con reformas legais, o control e a obriga de solicitar autorizacións —insisto— mesmo en moitos bens que teñen unha alta protección.

E non afecta só a aqueles bens que queren ser rehabilitados ou sobre os que se quere facer unha obra, senón que esa falta de persoal está poñendo tamén en risco os bens patrimoniais que atopamos no noso país, por exemplo, nos montes. De feito, xa a comezos do ano 2018 a propia Asociación forestal de Galiza denunciaba que esa falta de persoal nos servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio estaba a ser un atranco ou a imposibilitar desenvolver, por exemplo, os traballos de roza ou de desbroce que tiñan por obxectivo actuar nos labores de prevención de incendios. Iso leva, en moitas ocasións, a que non se tramiten as debidas autorizacións, á flexibilización ou á desaparición dos mecanismos de control que a lei prevé, e iso está poñendo en risco en moitos casos, en moitos montes do noso país, bens patrimoniais que atopamos neles, que son moitos.



Nós imos apoiar, desde o BNG, a iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista. Consideramos que é unha cuestión central, para poder garantir a debida protección dos bens patrimoniais, que se dote dos recursos necesarios e do persoal que necesita esa Dirección Xeral de Patrimonio, sobre todo para enfrontar o traballo de control e da debida autorización para protexer e garantir a protección do patrimonio que atopamos no noso país. Insisto en que non só no referido á rehabilitación ou á recuperación de bens patrimoniais, senón tamén a outros labores que están poñendo en serio risco o noso patrimonio.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Rodil, non debeu vostede quedar contenta coa intervención da súa portavoz que vén vostede apostillar a súa intervención. Está ben, está ben que sexan dúas en vez dunha as que teñan que rebater o argumento do presidente.

Señora Cuña, e o mesmo lle podería dicir ao BNG, a Comisión 4ª non pasou por vostedes. Vostedes pasaron pola Comisión, levaron os argumentos que levaron na comparecencia da directora xeral de Patrimonio, pero vostedes non escoitaron a directora xeral de Patrimonio, que explicou cumpridamente o referido aos criterios polos que se implementou e se puxo en marcha ese reforzo de persoal. E outros aspectos, porque vostedes non foron escoitar, soamente foron intervir e expoñer a súa posición.

É certo que as oficinas de Patrimonio —e coñecemos esta cuestión, non nos é allea—, a de Pontevedra concretamente, ten un importante volume de expedientes en tramitación —entre 2.000 e 2.200—, moitos deles dunha extraordinaria complexidade e relacionados coa rehabilitación de edificios históricos, situación que en ocasións provocou que puntualmente se foran acumulando, efectivamente, expedientes, chegando a rexistrar algúns deles atrasos de varios meses non sempre por causas imputables á Administración, senón nalgún caso pola demora da resposta aos requirimentos feitos pola propia Administración aos promotores. Por iso a Consellería de Cultura reforzou o persoal destas oficinas, ademais de suplementar un apoio desde Santiago para resolver algún dos expedientes máis complexos. Vostedes aquí se queixan de que hai atraso, pero non están a favor de que a Consellería tome as medidas oportunas para acelerar e axilizar a tramitación deses expedientes.

A realidade actual é que a inmensa maioría dos expedientes de Pontevedra se resolven en primeira instancia nun prazo breve de dous-tres meses; de feito, agora mesmo estanse resolvendo expedientes de abril e maio. E só unha pequena porcentaxe sofren un atraso debido, en primeiro lugar, á súa complexidade, pero tamén, señorías, por causa dos procedementos



administrativos e do importante patrimonio a conservar que hai na provincia, que fai que cada actuación teña que ser analizada en detalle.

A Consellería de Cultura, este grupo parlamentario e o que representa o Partido Popular, é un fervente defensor do patrimonio galego, e creo que o ten demostrado con feitos.

Efectivamente, pódense poñer exemplos, señora Pierres, de expedientes particulares que sofren certos atrasos —iso non llo vou negar—, e ás veces demoran varios meses —son os menos—. Na procura do cumprimento da norma e no ámbito da protección do patrimonio requiren que se realicen determinados controis patrimoniais e culturais, o que supón informes e traballos moito máis longos e complexos do habitual.

Sabemos que estas situacións puntuais producen atrasos na execución das obras e nas actuacións plantexadas por particulares e institucións, por iso tomáronse xa determinadas medidas na oficina de Pontevedra, incluídas as mencionadas. Pero, señorías, sobre todo púxose en marcha a recente Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, que entrou en vigor o pasado 22 de maio, que prioriza como primeiro obxectivo axilizar os expedientes do patrimonio cultural galego, simplificando os trámites para rehabilitar, ou ampliando os supostos para a concesión de licenzas directas por parte dos concellos, ou doutras medidas. ¿Ou vostedes pensan que os técnicos municipais non son hábiles, non son axeitados, para resolver estas cuestións? Non sei se vostedes deixan en moi bo lugar, cando rexeitan esta posibilidade por parte dos concellos, os técnicos municipais.

En definitiva, señorías, coa posta en marcha desta lei a Dirección Xeral de Patrimonio deixa de investir en preto dun 40 % das ocasións nas que ata o de agora tiña competencias. Dito doutro xeito, Patrimonio deixará de intervir en preto de 3.500 expedientes.

Entendemos que os esforzos efectuados na oficina de Pontevedra, mais a implementación das medidas recollidas na Lei de rehabilitación de maio de 2018, van solucionar e normalizar a situación que se daba nesta oficina. E, xa que logo, entendemos que as medidas que vostedes propoñen e que demandan da Consellería xa se están adoptando, de cara á correcta atención e mellora da equiparación dos tempos de tramitación...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor GÓMEZ SALGADO: ...dos expedientes. que, no caso concreto da oficina de Pontevedra, teñen na actualidade —e son datos estatísticos— unha media de resolución de dous-tres meses.

Señorías, non imos apoiar a súa proposición porque consideramos que se está traballando nesa liña. Ímoslles propoñer que deixen actuar a lei, que leva dous meses en vigor. Cremos que é a solución, que, xunto coas medidas que ten adoptado a Consellería, vai ser a solución nesta liña. Case que propón a emenda de En Marea —non sei se me permiten a licenza da marea alta e da marea baixa—, que di que se estuden e se deixe actuar a lei para valorar o funcionamento. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: É un chascarrillo.



O señor GÓMEZ SALGADO: Pedímoslles que deixen actuar.

O señor PRESIDENTE: É un chascarrillo que non ten ningunha...

O señor GÓMEZ SALGADO: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Por un lado, por suposto agradecer o apoio do Grupo do BNG e o do Grupo Mixto e as emendas realizadas polo Grupo de En Marea. É certo que non imos aceptar a priori todas as que nos propoñen, pero si consideraremos como engádega a que fai referencia a esa emisión dun informe de estudo de cargas de traballo e necesidades da Dirección Xeral de Patrimonio, que nos parece unha boa iniciativa.

Penso que é importante tamén abandonar os malos costumes, eses que nos levan a pensar que o éxito está na axilización que persegue reducir os doce meses de media de tramitación de hai apenas un ano e pico que chegaron a padecer os expedientes do servizo pontevedrés, e que se satisfai cunha redución a cinco ou seis meses, que é o que me traslada a maior parte dos compañeiros e compañeiras técnicos e promotores. E aínda que fosen os tres-catro, ou incluso os dous-tres que vostede comentou, señor Gómez, porque poderá ser unha mellora pero penso que non é suficiente.

Desde o noso grupo cremos que hai que ser moitísimo máis ambiciosos e aspirar a contar con servizos suficientemente áxiles para poder informar en tempos que non sobrepasen o mes de espera. ¿E por que o digo? Porque lembremos que a este trámite se suma sempre o da propia licenza municipal, e que a cuestión urbanística corre sempre en paralelo con este tipo de informes, o que fai que as demoras sexan especialmente gravosas. Se sumamos dous-tres meses a outros dous-tres meses dos concellos para un proxecto base, un proxecto de execución, etc., ao final estamos en tramitacións de máis dun ano sempre, sempre.

Para evitar isto, hai que dotalos do persoal suficiente e dos medios electrónicos tamén suficientes. Hai que impulsar a posta en marcha de medidas de transparencia e de mellora de trazabilidade —importantísimo— dos expedientes, coa implantación dunha plataforma dixital que permita o seguimento e axilización da tramitación. Esta instancia que antes lle quería ensinar é absolutamente infumable nos tempos que corren, absolutamente infumable. Expoño e solicito, e temos un parrapiño para explicar todo o que afecta a un ben de Patrimonio. A min paréceme inasumible. E para evitar que este problema se siga enquistando, penso que tampouco hai que confiar tanto na aprobación sen máis dunha lei como é a de rehabilitación.

Pídenos vostede fe na lei, señor Gómez, pero quero lembrar aquí que xa temos un antecedente, que foi a propia Lei de patrimonio cultural, que xa apostou pola sinatura de convenios cos concellos que contasen con plans especiais adaptados á Lei do solo para que fixeran uso das súas competencias en materia de emisión de informes que afectasen ao patrimonio, e así tamén descargar de carga de traballo o servizo provincial. ¿E cantos concellos se viron motivados por esa medida? Dous en toda Galicia. E o resto, ¿cantos se viron motivados para



xerar e actualizar os seus propios plans? ¡Cero! Por iso vostedes tiveron que modificar esa lei e ampliar os prazos a cinco anos, precisamente para que se poidan redactar eses plans especiais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: Quero tamén lembrar, por certo, como o Concello de Marín, no que goberna o Partido Popular desde hai anos, tampouco deu nin un só paso para elaborar ese plan especial demandado durante anos. Un concello que ademais está supoñendo unha carga de traballo ao servizo provincial de Patrimonio de Pontevedra de preto do 20 % dos expedientes. É un exemplo claro de que as incapacidades e a falla de medios dos concellos para asumir competencias é tamén un problema que debemos afrontar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: Axuden a dotar máis e mellor os propios servizos dos concellos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...para evitar, precisamente...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...que nas grandes vilas e cidades galegas...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. *(A señora Pierres López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 51406).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar coa máxima urxencia o aumento do parque público de vivenda e resto de medidas que faciliten o acceso á vivenda a prezos alcanzables, apostando firmemente polo réxime de alagueiro.»)



(O G. P do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 51406).

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto:

«Ademais, insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado a supresión das medidas que favorecen a especulación e o incremento do prezo da vivenda, e nomeadamente a derogar a normativa relativa ás socimis.

Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a promover un banco de vivenda pública para aluguer social en colaboración cos concellos mediante a promoción de vivenda pública e a mobilización da vivenda baleira, principalmente aquela que é obxecto de movementos especulativos por ser propiedade da SAREB, da banca e de fondos voitre.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Esta iniciativa que traemos hoxe á Cámara non deixa de ser de novo a denuncia dunha situación que non por facerse crónica e habitual non é un problema urxente e unha prioridade absoluta nas estratexias políticas que debe asumir o Goberno da Xunta. O dereito á vivenda —que é un dereito recoñecido no artigo 47 da nosa Constitución e que o Estatuto de autonomía obriga, por tanto, ao Goberno da Xunta a garantir poñendo todos os medios ao seu alcance— está cada vez máis lonxe no horizonte previsto polo Goberno.

A situación da vivenda é crítica no noso país. No segundo semestre do ano pasado —só no segundo semestre— executáronse en Galicia 797 desaloxos por incumprir as condicións dos contratos de arrendamento, un 12 % máis que no mesmo período do exercicio anterior, segundo a estatística do Poder Xudicial. No conxunto do ano, os desaloxos de pisos arrendados supuxeron case as tres cuartas partes dos lanzamentos practicados polos xulgados galegos, mentres que continuou o descenso dos desafiuzamentos derivados dunha execución hipotecaria. ¿Por que? Está claro o porqué. Porque cada vez hai menos xente que pode adquirir unha vivenda mercada e precisa dunha vivenda de alugamento.

A fenda entre prezos do alugueiro e salarios aumenta constantemente. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta, elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda, son arrepiantes. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31 % na Coruña, o 27 % en Vigo, o 15,3 % en Santiago, e un 21,5 % en Pontevedra.

Segundo as cifras do Observatorio Galego da Xuventude correspondentes ao primeiro trimestre deste ano, dos 317.000 mozos e mozas galegos de entre 16 e 29 anos, só 114.600, o



36,1 %, están ocupados. Dos ocupados, un 70 % traballa en xornada completa, 2.000 menos que no primeiro trimestre do ano pasado. A taxa de temporalidade para este colectivo sitúase ademais no 59,5 %; os que non superan os 1.000 euros ao mes supoñen preto do 30 % do total. Cun salario medio de 900 euros, a mocidade galega dificilmente pode afrontar un alugueiro cuxo custo ronda os 400 euros. Hai, por tanto, 13.375 galegos e galegas inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda protexida da Xunta, o 85 % destes solicitou vivenda en alugamento; deles, 4.083 menores de 35 anos, que están divididos por provincias; sobre todo na provincia de Pontevedra, 1.757, seguido da Coruña, mentres que en Lugo e Ourense hai menos demanda.

¿Cal é a situación que propoñen vostedes como Goberno? O Instituto Galego de Vivenda e Solo dispón dun parque público para alugamento de 3.500 vivendas, que están xa todas ocupadas. A única opción de lograr unha adxudicación destes pisos é que quede algún vacante, ou ben que a Xunta amplíe a súa oferta de arrendamento.

Falabamos antes dunha demanda de 13.385 galegos e galegas en lista de espera. Se falamos de vivenda protexida construída, en 2017 só se construíron 12 en toda a comunidade, e en 2018 unicamente 8. Non ten nada que ver coa crise. Se o comentamos con outras comunidades autónomas veciñas, en Asturias, 48 vivendas; Estremadura, 215; o País Vasco, 385; Navarra, 192. Falamos doutras comunidades cunha poboación parecida, pero cun investimento do Goberno e unhas políticas moi diferentes ás que temos aquí en Galicia.

Hai outra vía, aínda, para aqueles que teñen dificultades para afrontar o pago do alugueiro, á marxe de esperar por unha vivenda pública: as axudas que se conceden ao amparo do plan de vivenda para sufragar os custos de arrendamento. Aínda que están dirixidas a todos os que cumpran uns determinados límites de renda, hai tres colectivos preferentes: familias numerosas, maiores de 65 anos e menores de 35. Estas subvencións, que estiveron dotadas dentro do plan estatal con 106 millóns de euros para a comunidade galega, tamén quedan curtas ante a elevada demanda. Houbo máis de 12.000 solicitantes, pero a Xunta só dispón de orzamento para conceder unhas 4.200. Ademais, a súa concesión vai con atraso; de momento só lles aboaron aos beneficiarios o 20 % da partida económica dispoñible. Pero a política súa de propaganda non parou en todo este tempo. Xa en 2015, o plan estrela 2015-2018, cunhas medidas denominadas por vostedes de axenda social, foi o Programa de vivendas baleiras, concibido para destinar inmobles deshabitados ao alugamento social por parte de familias desfavorecidas. Neste caso, a Xunta optou polo modelo que máis lle gusta, o de botar balóns fóra de novo, utilizando un acordo coa Fegamp, levando de novo a responsabilidade das políticas que deberían asumir a avaliar e, en caso do seu fracaso, modificar, como foi o devandito programa, directamente aos concellos.

Dous anos despois da súa posta en marcha, o proxecto só tiña incorporados 16 pisos e adxudicados só 7, por non dicir que algúns concellos se negaron explicitamente a participar neste modelo porque non se contou en absoluto co seu punto de vista.

A pesar diso, o Grupo Popular presentou no mes de setembro de 2018 unha iniciativa nesta Cámara co obxecto de prorrogar a vixencia do programa de vivenda baleira en colaboración coa Fegamp e incluír no mesmo novas medidas que estimulen a incorporación de vivendas



alí onde son máis necesarias, en lugar de facer, como tocaría, unha avaliación do programa e mudalo se fora preciso.

O parque de vivenda baleira de Galicia non mudou dende o seu recuento no 2011, sobre 300.000 vivendas segundo o recuento do INE, un 18,6 %, que é o máis alto do Estado, no que nas grandes cidades se acumula o 30 % do total.

Saben vostedes que o fondo estadounidense Blackstone, que nos últimos anos foi aproveitando as gangas que deixou a crise para converterse, grazas á compra da carteira do Popular, na primeira inmobiliaria privada do país, só superada pola Sareb, que aínda xestiona 37.179 millóns en activos procedentes das entidades rescatadas. Verdadeiramente, un escándalo. Fronte á posición de dominio que aínda exerce o banco malo no conxunto do país, en Galicia os denominados «fondos voitre» xa son líderes no sector inmobiliario. Segundo as estimacións de fontes financeiras, as catro maiores firmas: Blackstone, Cerberus, Lone Star e Apolo controlan en conxunto 2.500 propiedades na comunidade; non só vivenda, senón tamén naves industriais, locais comerciais ou terreos, fronte ás 1.500 en mans da Sareb e o milleiro que posúen as grandes entidades financeiras que non foron rescatadas: Santander, BBVA ou Sabadell-Gallego entre outras.

Por iso solicitamos unha vez máis nesta Cámara que a Xunta tome as medidas urxentes, necesarias e precisas para actuar sobre o parque de vivenda baleira, activar e avaliar as actuais políticas, dotándoas de orzamentos efectivos executados que solucionen este drama, que é un factor máis á hora de valorar a desertización humana que sofre o noso país.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Estaba buscando a iniciativa porque pensei que me trabucara con respecto á proposta que se trae aquí a debate, que, se non entendín mal, é a limitación do prezo da vivenda mediante unha medida que debe adoptar o Goberno do Estado.

Pois imos ao tema. A realidade é —como se dixo— que vivimos unha auténtica situación de emerxencia social en relación coa vivenda, que é unhas das caras máis crueis e máis amargas desta chamada crise, que o que provocou é un auténtico espolio de dereitos e de rendas da clase traballadora, e fixo que o que debía ser un ben accesíbel e asequíbel, como a vivenda, se converta nun auténtico privilexio ao alcance só dunha minoría. Un dereito recoñecido así en todos os textos legais, empezando pola súa sacrosanta Constitución española, convertido en obxecto de especulación e de negocio, con esas cifras absolutamente astronómicas e pornográficas de incremento do prezo da vivenda nos últimos anos, mentres se deprezan, se devalúan e se reducen os salarios. Isto é realmente escandaloso. E con ope-



racións especulativas que están facendo tamén que haxa unha escaseza na oferta de vivendas para alugamento.

Por exemplo, na zona de Santiago saíu recentemente a información de que o alumnado estaba sendo expulsado cara aos concellos de arredor, cara á periferia, polo incremento artificial dos prezos da vivenda como consecuencia do fenómeno da vivenda turística. Entón, ¿como facerlle fronte a esta situación? Pois está claro como se pode facer, e así se fixo xa noutros sitios: mediante políticas públicas de vivenda que supoñan unha intervención no mercado e no prezo da vivenda. Pero teñen que ser políticas integrais, non poden ser medidas parciais, non poden ser medidas paliativas, non poden ser parches, non poden ser medidas para quedar ben como fai o Partido Popular. Hai que ir á raíz do problema, cambiar o marco de xogo e evitar esas actuacións especulativas de auténticos voitres, que o que procuran é facer negocio a conta do sufrimento dunha maioría social.

E tamén iso pasa, desde logo, polas políticas económicas. É economía, claro que si, é economía. É dicir, con salarios dignos, con emprego de calidade, con dereitos laborais para as clases populares, para a clase traballadora, para que poidan acceder á eses bens como a vivenda. E, desde logo, todo pasa tamén por un maior investimento público en vivenda, non como no Estado español e en Galiza, que estamos á cola de Europa nesta materia, como é sabido.

A proposta de En Marea é que se aprobe unha medida de limitación do prezo da vivenda. Nós entendemos que esta medida illada pode provocar o efecto contrario. Hai que ter cautela, porque as experiencias que hai en Europa nesta materia non están claras respecto da eficacia dunha medida deste tipo. Acaba de aprobarse unha medida deste tipo en Portugal, non sabemos o resultado, pero si sabemos os resultados que tiveron este tipo de medidas, por exemplo, en Berlín ou en París, que non provocaron o efecto desexado, porque hai unha contracción da oferta de vivenda e iso pode provocar un incremento de prezos.

Onde funcionou esta medida foi onde formou parte dun plan integral de actuación en materia de vivenda, onde hai políticas de vivenda social moi avanzadas dende hai practicamente un século, como por exemplo en Austria, en Viena. Efectivamente, en Viena contrólase, límitase, o prezo da vivenda, pero é que en Viena hai un inmenso parque público de vivenda social en alugamento, con máis de 220.000 vivendas públicas e cun gasto de 600 millóns de euros anuais en materia de vivenda por parte do Concello de Viena, que é maior que o gasto da Xunta de Galiza en toda unha lexislatura. Con ese tipo de medidas si que se pode actuar. Polo tanto, hai que ter cautela con este tipo de medidas, que poden ter un gran efecto mediático pero que teñen que ser analizadas e estudadas con moita precaución.

Por iso o BNG propón dúas emendas complementarias a esta que propón En Marea. A primeira consiste en demandarlle á Xunta de Galiza a creación dun parque público de vivenda social en alugamento que sexa un verdadeiro plan, non ese fiasco do plan de vivendas baleiras, que xa sabemos todos que foi un auténtico fracaso. Este parque, para o BNG, ten que estar formado por vivenda de promoción pública, pero tamén pola mobilización desa vivenda baleira que está en mans da banca mala, da banca peor e dos fondos vaitre, dos fondos de investimento internacional como os que se citaron aquí, que están especulando e facendo negocio a custa do sufrimento e da necesidade da xente.



Tamén propoñemos outra medida, que é acabar coas socimis, que son un auténtico cancro, que son os que provocaron esta explosión da burbulla da especulación inmobiliaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Que tiveron 2.200 millóns de beneficios no ano 2018.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, hai que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...converter os dereitos en feitos e garantir o acceso á vivenda para toda a poboación, sobre todo para a poboación que máis o necesita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente, novamente.

Bos días a todas e a todos.

A verdade, señora Torregrosa, se me pregunta se o Partido Socialista está a favor dunha regulación dos contratos de alugamento que aborde o tema dos prezos, eu direille que si, e, por suposto, que estamos a favor e tamén moi preocupados.

E se me pregunta se o Goberno do Estado está a favor de tomar medidas ao respecto, tamén lle direi que si. Dígollo porque as medidas para abordar o tema dos prezos xa se teñen iniciado, e non se reduce a unha soa medida, son varias, e, por suposto, de carácter transversal.

É unha mágoa, ademais, que vostedes non se sumasen desde un principio a dar eses pasos con nós, e que medidas que protexen a día de hoxe dun modo máis firme os arrendatarios tiveran que agardar ata marzo deste ano para poder ser implementadas.

Insisto, non hai un método único para controlar os prezos da vivenda. E non llo digo eu, non llo di o Partido Socialista, dínllelo todos os estudos e experiencias sobre vivenda e comportamentos dos mercados de vivenda que existen a nivel internacional.

De feito, naqueles países —como xa apuntaba o señor Bará— nos que se ten apostado por limitar os prezos, como vostedes propoñen, en cidades como Berlín, Nova York ou París, a experiencia non foi todo o positiva que cabería agardar. Basearon o seu modelo non en todo o territorio, senón no establecemento de zonas tensionadas do mercado inmobiliario, nas



que se limitou a suba das rendas. Nesas zonas as autoridades públicas fixaron un alugueiro medio de referencia, que non podía aumentarse en máis dun 10 % nuns casos, nunhas cidades, e dun 20 % noutros, sobre ese referente medio.

Pero a realidade é que as leis acabaron amosando resquicios que permitiron bordealas e incluso, talvez o máis grave, provocando a redución do parque ofertado, o que xera, se cabe, un problema aínda maior. E son esas consecuencias precisamente as que preocupan, e moito, ao Goberno do Estado, porque é preciso adicar tempo a analizar todos os modelos e ver cales teñen sido os resultados de cada un e como responderían no noso país. Porque supoño que concordará con nós en que non nos podemos permitir tomar medidas que poidan non só non mellorar a situación, senón incluso empeoralala.

Por iso, desde a responsabilidade, traballaremos por implantar e apostar polo mellor modelo posible. E para analizar o noso contexto, que non é nin o de París, nin o de Nova York, nin o de Berlín, temos que contar primeiramente con datos, e con datos que nos permitan obter o verdadeiro comportamento do mercado. Por iso xa no Real decreto lei 7/2019 se plantexaron medidas para avaliar con información precisa onde, como e en canto se están incrementando os prezos. Así, para finais de ano e principios de 2020 deberíamos contar xa coa resolución pola que se determine o sistema de índices de referencia do prezo de alugamento de vivenda. E poderemos coñecelos por seccións censais, por barrios, por distritos, por concellos, por provincias e tamén por comunidades autónomas, algo que, como comprenderá, parece o paso imprescindible para poder avanzar no control de prezos e para contemplar sequera unha limitación, algo que a día de hoxe non cremos, francamente, que sexa o mellor modo de control dos prezos.

E non temos confianza nesa limitación porque cremos que esta problemática se debe traballar dende varias fronteas, como xa lle indiquei. Principalmente, apostando de forma decisiva e importante polo incremento do parque público de vivenda, favorecendo un traballo coordinado coas comunidades autónomas e cos concellos. E non o dicimos nós, dino moitas persoas expertas do ámbito nacional e internacional: máis oferta e a prezo asequible distensionan de forma natural o mercado de vivenda de alugamento. De aí que na nosa emenda nós apuntamos esa necesidade de solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia a súa implicación para que no noso ámbito se implemente coa máxima celeridade a posta á disposición de vivendas públicas a prezos asequibles, algo que continuamente estamos a reclamar e que é mandato, ademais, deste Parlamento.

O Goberno do Estado, mentres, segue a facer os seus deberes, ampliando as medidas do decreto do pasado mes de marzo e presentando antonte mesmo o seu documento programático en materia de vivenda para este mandato; un programa que xa contempla, entre outras cuestións, o desenvolvemento dunha nova lei estatal de vivenda; o impulso dun plan estatal para a rehabilitación de vivendas coa mobilización de 400 millóns de euros; o reforzo do papel da SEPES e do ICO, apoiando e impulsando a creación de 20.000 vivendas públicas de alugueiro asequible e que xa están neste momento en marcha; un Plan de actuación da Sareb para a utilización de vivendas para alugamentos sociais, desenvolvendo un plan nacional de fomento da emancipación xuvenil ou cunha estratexia de *sinfogarismo*, incrementando fondos...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...para combater este fenómeno —e remato—. Todas son medidas que xiran en torno ao indispensable aumento do parque de vivenda pública...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...e de posta á disposición de vivendas a prezos asequibles...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...como o modo máis eficaz para o control dos prezos do mercado de vivenda.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Se a diferenza de alugueiros a día de hoxe entre Galiza e Portugal xa é notable, pois imaxínense vostedes a partir do mes que vén, cando entre en vigor a nova normativa de alugueiro que aprobaron no país veciño. Ese é un Goberno que mira polos seus habitantes, e non o Goberno da Xunta de Galiza, que goberna para quen goberna.

¿Como fai Portugal? Pois Portugal impón toques ao prezo dos alugueiros. ¿Como? Dependendo da ubicación do inmovible —non é o mesmo o prezo do alugueiro na cidade de Vigo que en Malpica de Bergantiños— e tamén dependendo do estado do inmovible e do seu tamaño. Pero é que, aínda por riba, vanlle dar incentivos fiscais ás clases populares máis desfavorecidas. E a cousa non remata aí, xa que os propios arrendadores ou arrendadoras poderán tamén recibir beneficios fiscais.

Pero non só Portugal se preocupa dos seus habitantes, na outra punta da península temos a Cataluña, que tamén nos adianta outra vez máis. En maio deste ano, aprobaron un decreto lei de medidas urxentes para conter o prezo do alugueiro, que obriga a que en determinadas zonas as rendas obtidas por ingresos do dito alugueiro non supere en máis do 10 % o custo medio da zona, e impedir así a propietarios e propietarias actualizar a renda durante a vivencia do contrato á baixa.

¿Que facemos mentres aquí? Pois os datos do Observatorio da Vivenda da Xunta din que dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31 % na Coruña, un



27 % en Vigo, un 15,3 % en Compostela, ou un 21,5 % en Pontevedra. Como dicía moi ben a señora Torregrosa, moitas familias teñen problemas, e teñen que renunciar a servizos básicos como pode ser encher o depósito da calefacción para quentarse no inverno ou renunciar a unha dieta saudable, para facer fronte aos pagos dos alugueiros da vivenda.

Datos do Ministerio de Fomento. Os prezos dos inmobles que están á venda tamén se están incrementando notablemente, xa levan catro anos nun ascenso continuado. Pero, claro, a Xunta fai as cousas a medias e atópase con que a demanda de axudas ao alugueiro desborda as súas previsións. Iso pódese chamar falta de xestión.

Arrendar un piso a día de hoxe é cada día máis caro; arrendar un piso a día de hoxe é cada día máis difícil, máis complicado. A maior tendencia ao alugueiro débese á diminución da capacidade adquisitiva das propias familias, ás trabas que os bancos poñen para conceder hipotecas e ao aumento da propia mobilidade laboral, debido a que cada vez temos tamén emprego máis precario.

Cos prezos dos arrendamentos cada vez máis caros, son moitas as galegas e moitos os galegos que teñen dificultades para custear a renda mensual, de aí que a medida estrela deste novo Plan de vivenda que saíu desde o ministerio, 2018–2021, en colaboración coas comunidades autónomas, foran as axudas ao alugueiro. A Xunta abriu o prazo para presentar as solicitudes hai un ano, o 31 de xullo do ano pasado pechouno, e seis meses despois aínda non resolvera a convocatoria. As razóns que esgrimiu a Xunta foron que chegaran moitas peticións ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, case 12.000 solicitudes —se non me equivoco— para 4.000 axudas previstas, isto é o triplo. Pero o Goberno galego move marcos e introduce criterios máis restritivos, se cabe, da renda que os que fixo o propio Goberno. O tope de ingresos mensuais nesta convocatoria estableceunos a Xunta en 1.340 euros, fronte aos 1.111 que recollía o Plan de vivenda en ámbito estatal. Claro, como aquí temos a renda máis alta do Estado, podemos permitírnolo.

Esta proposición non de lei vai sobrelimitar o prezo do alugueiro da vivenda, e dende o Grupo Parlamentario Mixto imos apoiala.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señorías, señor presidente, bos días.

Señora Torregrosa, asegúrolle que tiven que mirar dúas veces a orde do día e a iniciativa para saber se me equivocaba ou non, porque pensei que non era este o punto da orde do día, ata que o señor Bará me iluminou, porque veu dicir o que eu estaba pensando nese momento. Vostede ata o final incluso, que remata coa proposición, non leu a súa proposición. ¿Non está de acordo xa con ela? ¡Retírea! É o mellor que pode facer.

Vou ler, señorías, o que di a proposición. A proposición, despois dunha exposición de motivos, di: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que limite o



prezo dos alugueiros atendendo ás características da zona e ás propiedades dos inmobles». E vai sobre o límite. Aquí fala de Portugal e fala dunha serie de cousas que vostede nin mencionou.

Claro, nesta iniciativa pasou o que pasou. Primeiro fixeron unha en maio, onde daquela púñase de exemplo París e Berlín. O sistema de límite de prezos de París e Berlín, a lei Alur ou a lei de estabilización de prezos de Alemaña, unha está no Tribunal Constitucional —a de Alemaña— e a de París derogada, non funciona. Por certo, as dúas iniciativas de gobernos socialdemócratas, señora Pierres, medidas socialdemócratas, foron un auténtico fracaso.

E logo vén Portugal. Presenta inmediatamente isto porque hai un Twitter do señor Pablo Iglesias, automático, segundo se anuncia a aprobación da lei de Portugal, que di: «*Para garantizar el derecho a la vivienda y frenar la especulación de los precios del alquiler hacen falta políticas valientes. El Gobierno progresista de Portugal marca el camino y urge limitar los precios abusivos del alquiler*». E veñen aquí e incluso, don David, ¿vostede leu as medidas de Portugal?, ¿informouse adecuadamente? Aí non hai límites, e a menos que agora o Grupo Mixto abraza as políticas liberais... (*Murmurios.*) ¡ao mellor abraza as políticas liberais! Incentivos indirectos para que se reduzan os prezos, pero de límites nada. Hai un marco de prezos... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) Si, ensínollo cando queira porque eu tamén o lin. Pero, claro, hai que dicir a verdade e non fiarse dalgúns periódicos que, facendo seguidismo de Podemos e do Twitter de Pablo Iglesias, rapidamente venderon que Portugal limitaba prezos. ¡Falso totalmente! Portugal fai e intenta facer unha copia auténtica do programa de vivendas baleiras da Xunta. (*Murmurios.*) Por certo, vostedes... (*Murmurios.*) Si, escoiten... (*Murmurios.*) ¡escoiten e despois opinen! (*Murmurios.*) Escoiten, por favor. Primeiro escoitar e despois opinar. (*Murmurios.*) Porque, claro, é moi fácil falar do que non se sabe... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...ou das manipulacións. (*Murmurios.*)

Miren, Portugal establece uns prezos estándar por zonas: Oporto, unha vivenda de 3 dormitorios, 1.200 euros. Todo aquel que alugue por menos de 1.200 euros terá exención total nas rendas obtidas polo alugamento. É dicir, igual que aquí. Non sei se saben que en España hai o 60 % de exención de rendas obtidas polo alugamento, parte delas da Xunta de Galicia; parte dese 60 % é dos fondos da Xunta de Galicia. E despois ¿que aporta a maiores? A ese tipo de contratos daráselles un seguro multirrisco do fogar para que non lle estropeen a vivenda ao inquilino, e un seguro de garantía de cobro. (*Murmurios.*) Plan de vivendas da Xunta de Galicia, Programa de vivendas baleiras, ao que, por certo, todas as esquerdas se opuxeron radicalmente para que non funcionase. Resulta que di: as exencións no IRPF existen en España, non total pero si do 60 %, unha axuda aos propietarios para reformar as vivendas de 8.000 euros —que non a ten Portugal, pero aquí si que a hai—, un límite no alugueiro que pasan a ser de alugueiro social. Polo tanto, por exemplo en Oporto eran 1.200, esa vivenda en Vigo serían 350 euros máximo, e terán un seguro multirrisco e un seguro de garantía de cobro. (*Murmurios.*) ¿En que se diferencia o programa progresista de Portugal do programa conservador de Galicia? (*Aplausos.*) ¡Díganmo! ¿Cales son as diferenzas? Que en Portugal parece que hai unha dereita seria que apoiará, e é posible que funcione —hai que velo—, e en Galicia o que pasou foi que os gobernos dos concellos principais, que tiñan que liderar e



apoiar ese programa da Xunta —A Coruña, Santiago, Pontevedra, Vigo, etc.—, (*Murmurios.*) onde máis problemas hai, gobernos progresistas, foron á contra totalmente. (*Murmurios.*) ¡Foron á contra! (*Murmurios.*) Si, si, foron á contra totalmente. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Remate, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Tamén, pero Ourense ten menos problemas, mire vostede, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e si se sumou. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero ¿por que non fan aportacións para mellorar ese programa se fai falta...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...e non boicotealo?

Remato, señor presidente, só vou dicir unha cousa. Eu agradezo moito as emendas do BNG e do PSOE, son exactamente iguais á iniciativa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...que se trouxo a este Pleno pasado e que aprobamos, por certo, cos votos a favor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...do PSOE e do BNG. Pero vostedes non aportan nada...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...é o mesmo que xa estaba.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Do que xa ten coñecemento a Xunta de Galicia, por certo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas.

En primeiro lugar, para comezar, dar as grazas tanto ao Grupo Mixto como ao señor Bará e á señora Pierres.



¿Que hai que dicir que non saibamos xa de como funciona o Goberno da Xunta? Nunca res-ponde como se fora un goberno. Vostede fai unha oposición máis aquí, dentro do Parla-mento, non asumindo as súas políticas. Pasou o tempo falando de Portugal, do que eu, como ben dixi, nin tan sequera falei, (*Murmurios.*) pero se quere falo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Creo que un executivo debería ocuparse desta situación que hai que cualificar como de moi moi grave.

Entón, volvendo aos temas de exemplos de Portugal —que non é o único—, se non me equi-voco, Francia —a Francia de Macron— propuxo agora comezar este verán, ata o 2023, re-cuperar o programa que había de control dos alugueiros en Francia e deixalo nas mans dos concellos que quixeran apuntarse.

Tamén temos un programa diferente de valoración por puntos en Holanda. Temos en Cataluña agora un programa que vai comezar con Barcelona a nivel experimental e que vai ser pioneiro no Estado español para controlar un problema que é un problema gra-vísimo. O outro día tróuxose aquí á Cámara precisamente o tema da ocupación indebida da vivenda. E eu dígame, ¿por que a xente ocupa indebidamente a vivenda?, ¿será por-que non ten dereito a unha vivenda? ¿Como se lle pode negar á xente un dereito que ten pola Constitución e que o Estatuto de autonomía de Galicia e o Goberno como último responsable ten que garantir? ¿Como se pode negar? ¿Como pode vostede, como repre-sentante do Goberno da Xunta neste tema, pasar o tempo falando da situación doutros países e botando balóns fóra? Fagan reflexión, como sempre. Fagan contas das súas políticas.

¿Por que dicimos que non funcionan? Porque é un feito. Porque non se executan os pre-supostos que se orzamentan, porque as súas prioridades non están onde teñen que estar. Por iso estamos aquí reclamando unha e outra vez, dende diferentes iniciativas, unha cousa que é básica, que é o dereito á vivenda. E creo que neste tema podemos estar de acordo en que a vostedes lles poden servir máis ou menos os modelos exteriores, pero é que estamos a falar dun montón de países en toda Europa, e outra comunidade autó-noma como é Cataluña, que está tomando isto por diante dos beneficios dos fondos voi-tre, por diante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...dos beneficios da xente que quere facer negocio coa vi-venta, e porque penso que é moi importante.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos agora á seguinte iniciativa.



Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte texto:

«Ademais, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a promover unha lei que prohiba as touradas por ser un espectáculo de maltrato animal e alleo á tradición cultural galega.

Asemade, o Parlamento acorda como resolución manifestar o rexeitamento das touradas e dirixirse ao Goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Congreso para que promovan unha lei que prohiba as touradas.»).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a non subvencionar ningún tipo de evento tauromáquico, non apoialo nin participar na súa promoción e/ou no seu desenvolvemento, rexeitando así a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades cando poidan ocasionarlles danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dentro dun mes celébrase o espectáculo taurino en Pontevedra, na praza de touros, onde os anos anteriores, o ano pasado nomeadamente, asistiu representando a Xunta de Galicia o señor Rueda, o vicepresidente da Xunta de Galicia, e tamén estaba o actual conselleiro do Medio Rural.



Hoxe traemos unha iniciativa que busca que isto non volva ocorrer. Ten un obxectivo claro e sinxelo: que a administración, que a Xunta de Galicia deixe de apoiar espectáculos nos que se inflixa tortura animal. Que a Xunta de Galicia, a administración que representa todos os galegos e as galegas, non nos represente apoiando espectáculos crueis cos animais como son as touradas, que lle fan moita graza ao señor Fernández Prado.

Hoxe non pedimos que se prohiban nin que se restrinxan, non estamos pedindo que os touros deixen de ser unha excepción na Lei de benestar animal, que sexan protexidos da mesma maneira que calquera outro animal pola lei galega. Nós xa nos manifestamos contrarios a esta excepcionalidade dos touros na lei; excepcionalidade feita polo PP coa escusa peregrina baseada nunha suposta «tradición e cultura». Porque, en primeiro lugar, en Galicia non existe tradición de touradas, como todos e todas sabemos e como indican todos os datos. E, se acaso, e no caso de que fosen unha tradición, tamén deberíamos camiñar cara á erradicación de calquera tradición salvaxe e cruel cos animais, como se foron erradicando todas as tradicións que eran salvaxes e crueis cos animais.

Para vostedes o que é arte, tradición e cultura, aos animais provócalles unha agonía e un sufrimento enorme; é unha vexación, unha humillación dos animais, que lles provoca un enorme sufrimento. É importante que o vexan porque eu sei que cando están nunha praza de touros non ven de preto o sufrimento do animal, e, dende logo, non o escoitan. Vostedes escoitan bandas de música, vostedes escoitan moito jolgorio e moita festa, pero na praza, dentro da area, escóitase un animal agonizando. Esta é a realidade do espectáculo de tortura animal que son as touradas.

Como digo: hoxe non pedimos o remate desta excepcionalidade. Iso xa o fixemos noutras ocasións e seguiremolo facendo ata que isto remate. Hoxe o que pedimos é unha cousa moi sinxela, que é que a Administración se manteña á marxe. É dicir, se o PP non quere dar o paso necesario de camiñar cara a poñer fin a estes espectáculos cruentos, cando menos que non axude, que non colabore e que non dinamice os mesmos, que creo que é o mínimo que debemos exixir en Galicia en pleno século XXI. Que a administración non dea apoio ao maltrato animal en ningunha das súas formas, que a Xunta de Galicia non apoie o maltrato animal de tradicións de culturas coas que non se identifica a maioría dos galegos e das galegas, por moitos esforzos que se fixeran por unificar e adoutrinar no pensamento único cultural, e por moito que se sigan dedicando no día de hoxe esforzos por parte do Partido Popular en que estas tradicións, que son alleas á cultura galega e á xente de Galicia, se sigan practicando no noso territorio con ese tufo tan desagradable a «aqueles escuros anos».

Durante moitísimos anos, foi a norma que a administración apoiase financeiramente, a través de subvencións e, sobre todo, de compra de entradas e de repartimento de entradas, para así levar xente tamén ás prazas e seguir co adoutrino cultural único, senón tamén co apoio presencial. E vemos na praza de Pontevedra durante os últimos anos como asistía o señor Rajoy cos señores Feijóo, Louzán e Rueda, vemos o señor M. Rajoy moi orgulloso levantando unha boina esta de toureiro — non sei nin como se chama —, e... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dáme igual como se chame, preocúpame os touros, os animais. E o ano pasado vemos o vicepresidente da Xunta de Galicia apoiando este espectáculo de tortura, e é o que queremos evitar, que isto non volva acontecer.



Hoxe en día xa son excepcións os apoios en Galicia institucionais ás touradas, que a teor dos resultados nos lugares onde se retirou o apoio todo apunta a que iso é o que aínda os mantén con vida. Temos o caso da Coruña, onde no momento en que se deixou de apoiar institucionalmente a feira taurina rematou a feira, porque non se podía soste-lo por si mesma, porque a cidadanía non ten interese neste tipo de espectáculos, porque non é tradición en Galicia. Temos o caso de Pontevedra, onde cada vez ten máis dificultades, e este ano xa reduciu a feira a tan só dous días, chegando aos niveis dos anos oitenta e argumentando cuestións económicas. Vemos tamén como en Pontevedra dende hai dez anos se iniciou unha mobilización, iniciada por Pontevedra, que segue organizando touradas fóra de Pontevedra, que vai crescendo cada ano, cada ano ten máis apoios, e este ano conta con cento quince colectivos e asociacións respaldando, e o ano pasado houbo miles de persoas, de pontevedreses e pontevedresas, que saímos ás rúas demandar a fin deste espectáculo cruento, mentres a Xunta de Galicia estaba apoiando o espectáculo dentro da praza de touros.

E vemos tamén no que se chaman os espectáculos menores —as capeas, becerradas e este tipo de actividades— como estes cada vez tamén se veñen reducindo en Galicia. O ano pasado tan só se realizaron dúas, nada máis: unha en Valga e outra en Sarria, e ademais a de Sarria foi un enorme fracaso que non lle interesou a ninguén. As touradas están en decadencia porque a sociedade avanza e rexeita o maltrato animal.

Temos os datos de Galicia, a Enquisa sobre hábitos e prácticas culturais que publica de xeito relativamente regular o Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, pouco sospeitoso de antitaurinismo. E evidencia que no período 2014-2015 —o último en estudo— tan só o 0,3 por cento da cidadanía galega declara asistir a un evento tauromáquico, dos que o 0,2 por cento corresponde ás touradas propiamente ditas. Este é o interese que teñen as touradas dentro do territorio galego.

Nos últimos anos, a secuencia foi a seguinte: nove espectáculos taurinos celebrados en 2014, sete en 2015, catro en 2016, catro en 2017 e tres en 2018. A evolución é evidente: cada vez a cidadanía ten menos interese nestes eventos, e só queda o interese do Partido Popular.

Galicia, Mellor sen Touradas recolleu tamén este ano 377.000 firmas contra as corridas de touros en Galicia.

Os datos son moi clarificadores. A realidade amosa que a Xunta de Galicia pretende manternos en branco e negro en contra do que a sociedade demanda e do que a sociedade ten interese, e nega os avances dunha sociedade máis respectuosa cos animais. Vímolo tamén coa celebración da caza do raposo, na que a Xunta de Galicia apoiou este espectáculo cruento, tamén totalmente rexeitado pola cidadanía, anacrónico, que xa practicamente en ningún país se realiza.

Non asistir e non apoiar este tipo de eventos é algo que ninguén lle vai recriminar ao Partido Popular. É evidente que non hai apoio da cidadanía, que ninguén se vai preocupar de que a Xunta de Galicia non estea aí, ninguén, excepto catro amigos, evidentemente. Pero a cidadanía no seu conxunto non vai recriminar, o votante do Partido Popular no seu conxunto non vai recriminar que o Partido Popular non asista a este tipo de eventos.



Polo tanto, o único motivo polo cal o Partido Popular segue apoiando este tipo de espectáculos é unha cuestión meramente ideolóxica e tratar de continuar con ese adoutramento cultural único que se iniciou hai tantos anos. Ou iso, ou desfruta vendo o sufrimento animal, porque é a outra posibilidade que hai, que pode ser que os señores da Xunta de Galicia e os membros do Goberno desfruten vendo como se lle infrinxe sufrimento a un animal. Entendemos que ese non é o motivo ou agardamos que ese non sexa o motivo. Polo tanto, entendemos que é unha cuestión meramente ideolóxica.

Hoxe —como digo— non falamos de prohibir ou non prohibir, non falamos de regular ou non regular, única e exclusivamente falamos de que a Xunta de Galicia non asista a este tipo de espectáculos, a espectáculos onde se infrinxe humillación, vexación e sufrimento aos animais.

Se a Xunta de Galicia asiste ademais ás touradas deste ano en Pontevedra, tamén estará respaldando a becerrada que se fai a fin de semana anterior, porque como non hai corrida fan unha becerrada, porque se non quedan con ganas, e nesta becerrada están convidando a participar e asistir a menores de idade. E Nacións Unidas xa fixo recomendacións ao Estado español neste sentido, de que os menores de idade non deben participar neste tipo de espectáculos, porque é negativo para a súa formación. A fin de semana antes en Pontevedra estes organizadores convidan gratuitamente á asistencia a menores de idade. Isto é o que estaría apoiando a Xunta de Galicia.

Polo tanto, deixo aquí a iniciativa, que é clara a este respecto: non falamos de prohibición, falamos de que non asista. Polo tanto, pedimos que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a rexeitar os convites de asistencia a eventos tauromáquicos, non participando dos mesmos ningún membro do Goberno no chamado palco de autoridades, adoptando a postura maioritaria da cidadanía galega.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Eu voules contar unha historia que vivín en primeira persoa. Como saben, en xullo de 1999, xusto agora fai vinte anos, produciuse un fito histórico. E é que en Pontevedra despois de sesenta anos de goberno da dereita comezou a gobernar o Bloque Nacionalista Galego, e hai un alcalde en Pontevedra que se chama Miguel Anxo Fernández Lores desde o ano 1999, que leva vinte anos gobernando. Outro fito histórico, porque non hai ningún alcalde dunha capital do Estado que leve vinte anos gobernando. Algo debeu facer ben o señor Lores para manterse no cargo tanto tempo. *(Murmurios.)*

Pois si, imos falar de touros. Ben, naquel goberno, no 1999, eu era concelleiro de Cultura e Festas, e unha das cousas que me chamou máis a atención foi que empezamos a recibir chamadas na alcaldía pedindo as entradas para os touros, porque, claro, o Partido Popular xa se encargou de deixar pagado o convenio coa empresa taurina. ¿E que fixo o BNG? Pois mandou parar, acabáronse as invitacións e as entradas para os touros, gardáronse alí nunha caixa



forte, (*Aplausos.*) destruíronse, e ninguén desde aquel momento foi aos touros en Pontevedra de moca, pagado con fondos públicos. (*Murmurios.*) Si, si, foi tal cal.

E iso deu lugar, por exemplo, a unha manifestación en contra do Goberno municipal de Pontevedra ou a unha festa jolgorio tamén no coso taurino de San Roque berrando «¡Que saia Lores!», cando ía saír o touro. E alí o señor Mariano Rajoy co seu puro celebrando a festa. Pois si, Lores non saíu, Lores segue gobernando de alcalde no Concello de Pontevedra. (*Aplausos.*)

E ademais fixemos outra cousa daquela, que foi eliminar a figura da raíña das festas, que mantiña o Partido Popular durante eses sesenta anos de goberno da dereita. Porque ¿saben a que se dedicaban as raíñas das festas? A servir os licores e os puros no palco das autoridades da Festa taurina de San Roque; para iso era a raíña das festas. Esa era a concepción que tiña a dereita do papel das mulleres nos festexos, e iso tamén se acabou.

Pero, claro, os señores do Partido Popular seguiron indo ao palco de autoridades como se pode ver nesta foto (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotografía de tamaño folio.*), na que están o señor Rueda, o señor Rajoy, o señor Louzán, o señor Feijóo e o señor Pachi Lucas tamén, tamén estaba aquí o señor Pachi Lucas nesta foto do ano 2010 no palco de autoridades da Deputación de Pontevedra, porque a Deputación de Pontevedra seguiu pagando as entradas para que todos vostedes fosen gratis aos touros, todos vostedes, todos os que ían, ¿non?, —que non todos van, supoño—, (*Murmurios.*) pero todos os do PP e a camarilla que ía gratis aos touros pagada pola Deputación de Pontevedra.

No 2015 tamén se acabou a festa na Deputación de Pontevedra, que se declarou provincia libre de touradas, igual que o fixo o Concello de Pontevedra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois, ben, esta é a realidade.

E así chegamos, claro, a que o Partido Popular tivo que blindar cunha lei do ano 2012 os touros como «patrimonio cultural inmaterial»; ocorrúselles esta idea para que se puidese manter a festa dos touros. Despois aquí tamén, coa Lei de espectáculos, puxeron unha cláusula de garantías de blindaxe para que os concellos non tivesen a capacidade de autorizar as festas taurinas, porque sabían que era tamén unha vía para que non as houbera.

E a todo isto, o BNG presenta unha emenda para que os grupos e o Goberno do Estado, pero os grupos que teñen representación no Goberno do Estado, promovan unha lei. E hai unha maioría suficiente para facelo, hai que ter valentía simplemente para derrogar esa lei do Partido Popular, para acabar con esta festa cruel e inhumana de maltrato animal, a tauromaquia, que a UNESCO define como «a infame e comercializada arte de torturar e matar animais en público». Así é como definen no mundo civilizado isto que consideran vostedes unha festa tan necesaria.

Pero, ademais, é que en Galicia non ten ningún tipo de tradición. A pesar de que vostedes levan anos intentando implantala por aí polos concellos, como en Valga, en Moraña, en Sarria, a realidade é que a xente non quere esta festa, non lle gusta, non vai.

Polo tanto, vostedes, o que teñen que facer é, por un lado, ser europeos, ser xente civilizada, pero, ademais, teñen que facer unha cousa que é moi fácil: vivan como galegos, como galegos



e como galegas, que non lles gustan as touradas, e deixen de asistir ás touradas e, sobre todo, deixen de financiarlas, deixen de subvencionarlas, deixen de pagalas con fondos públicos, deixen de protexelas e de promoverlas, e así daremos un paso adiante. Pero, realmente, a cuestión de fondo é que temos que ter unha...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...lexislación que impida esta festa cruel...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...bárbara, de maltrato. E iso pódese facer aquí en Galiza e tamén no Parlamento do Estado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu vou comezar a miña intervención citando a Antonio Machado, quen no ano 36, a través do seu personaxe Juan de Mairena, dicía o seguinte: «*Las corridas de toros (...), ¿es una fiesta?, que llamamos nacional por llamarle de alguna manera que no sea del todo inadecuada? (...) ¿Qué son las corridas de toros?, ¿qué es esa afición taurina, esa afición al espectáculo sangriento de un hombre sacrificando a un toro, con riesgo de su propia vida? Señores, y un matador, que no es un matarife, ni un verdugo, ni un simulador de ejercicios cruentos, ¿qué es un matador, un espada, tan hazañoso como fugitivo, un ágil y esforzado sacrificador de reses bravas, de reses enfierecidas para el acto de su sacrificio? Si no es un loco, ¿será, acaso, un sacerdote? No parece que pueda ser otra cosa.*»

Xa que, habitualmente, a esas manifestacións que convoca o clero asisten tamén (*Murmurios.*) —o clero, os sacerdotes— persoas que están afiliadas ao Partido Popular, pois ao mellor hai unha conexión entre o clero, os sacerdotes e o mundo das touradas, as corridas de touros; esa festa nacional de puro, charanga, pandeireta e clero e mais persoas que van aos palcos a celebralo, a celebrar non se sabe moi ben que.

Nós estamos en contra de calquera tipo de sufrimento gratuíto. Pero esta proposición de lei, con todos os respectos, a nós parécenos que é un pouco curta, porque vai a unha cousa moi concreta, e nós cremos que habería que dar un paso máis adiante. E por iso presentamos unha emenda de substitución que engloba o que se pide nesta proposición non de lei, para que o Goberno non subvencione ningún tipo de evento tauromáquico, para que non o apoie, para que non participe na súa promoción nin no seu desenvolvemento, e que rexeite, ademais, o uso de animais en calquera tipo de actividade que lles ocasione dano, sufrimentos, ou que os faga obxecto de tratamento antinatural.



E hai que ser moi claro. E non se poden facer trampas, que é o que o que se está a facer por parte do Goberno agora mesmo, que é ir variando, en función de como evoluciona a sociedade, pois a miña posición polo menos dende o punto de vista do envoltorio, aínda que non dende dentro da caixa.

A Lei de benestar e protección dos animais de compañía, en 2017, excluíu expresamente os touros da lei. Efectivamente, porque os touros non son animais de compañía, é evidente. Por iso chamouse «de animais de compañía»; esa era unha das razóns fundamental. Pero esta lei derrogaba outra lei que si incluía os touros como animais salvaxes en cativeiro, e falaba de espectáculo tradicional, de celebracións consuetudinarias con animais e da necesidade de protexer o patrimonio histórico e cultural dos costumes de Galicia. Así ata o ano 2017. Eran animais salvaxes en cativeiro e, ademais, era cultura.

Nese mesmo ano, no ano 2017, como se excluíu da Lei de protección dos animais de compañía e non había norma onde incluílos, a Lei de espectáculos públicos e actividade recreativas permitiu os espectáculos tauromáquicos, pero xa non fala, xa non recolle a palabra «cultura»; xa non é cultura, aparentemente. Pero si permite, dentro dos espectáculos públicos, os espectáculos tauromáquicos en Galicia.

Pero á vez de facerse isto aquí por parte do Goberno, no Estado, no Congreso dos Deputados, o Partido Popular votaba a favor —porque saía por unanimidade— unha proposición non de lei para considerar os animais, que non son obxectos, non son cousas, senón como seres vivos que senten; non porque o digan os deputados ou o dixesen os deputados naquel momento, senón porque o di a comunidade científica. No Congreso, os touros son seres vivos e, ademais, son sensibles.

Pois non se pode defender que son cousas e á vez permitir o maltrato como se fosen pedras. Non se pode defender que se exclúen da Lei de benestar animal, chamándoa «animais de compañía», para dicir sinxelamente que isto é un espectáculo público, como se fose o teatro, por exemplo. É curioso que fixésemos iniciativas sobre o Centro Dramático Galego, que si é un espectáculo público, e que isto se equipare. Non se pode defender que hai que protexer os menores de idade e logo dicir que para ir aos touros xa es maior con doce anos. Pero presentar recurso contra a Lei do aborto do ano 2010 porque as nenas de dezaseis, que non son maiores de idade, non poden decidir voluntariamente por si mesmas sobre o seu propio corpo; para iso non hai maiores de idade. E non se pode subvencionar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ... —remato xa, presidente— dende o Goberno os eventos tauromáquicos, nin apoialos, nin participar na súa promoción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas de novo, presidente.

Ademais de manifestar o noso total rexeitamento do dito acto de maltrato animal alleo a todas as tradicións populares, como dicía moi ben o señor Bará, e que, como dicía o portavoz de En Marea, o señor Cal, conta co rexeitamento da maioría social galega, pois tamén queremos facer constar a nosa sospeita de que moitos destes actos, como pode ser o que están ofrecendo actualmente en Valga ou en Sarria, poderían incumprir moitos preceptos das leis que regulan este tipo de espectáculos, tanto leis xerais como autonómicas, como pode ser a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, como as específicas que regulan os espectáculos taurinos.

Vou ler un manifesto da Fundación Franz Weber e a organización animalista Libera!, onde se di que o 99,7 por cento da cidadanía galega declara na Enquisa sobre hábitos e prácticas culturais máis recente, realizada polo Ministerio de Cultura, non asistir a eventos taurinos de ningún tipo, evidenciando o escaso soporte social que recibe a tauromaquia no noso país e amosando a necesidade de que os poderes públicos se impliquen na erradicación dun conxunto de prácticas que someten os animais a un trato cruento, antinatural e degradante. Evidentemente, contrario ao sentir xeneralizado das galegas e dos galegos.

A ciencia xa nos amosou hai moitos anos como sofren os animais, non só fisicamente, senón tamén no eido psíquico e emocional, sometidos a un trato radicalmente arredado do seu comportamento natural e sendo parte obrigada dun mal chamado «festexo», para facer divertimento dunha minoría que prefire ver sufrir un animal que apostar por verdadeiras actividades de ocio. Estes eventos de crueldade foron reprobados polo propio Parlamento aquí no ano 2011, cando unha iniciativa aprobada por unanimidade reclamou da Xunta de Galicia a prohibición do acceso das persoas menores de idade — neste caso, os menores de doce anos — aos mal chamados espectáculos taurinos, en recintos fixos ou portátiles. Unha reivindicación á que incluso se sumou daquela o Valedor do Pobo cunha recomendación ao respecto.

Estamos falando de animais de curta idade, de festexos con escasas medidas de seguridade e dependendo da participación de supostos afeccionados ás touradas. Hoxe vemos como as prazas que se instalaban tanto no concello de Valga como no de Sarria pois deixaron moito que desexar no que atinxe a seguridade, os subsidios municipais, etc.

A parte resolutiva da proposición non de lei, a de «rexeitar os convites de asistencia a eventos tauromáquicos, non participando nos mesmos ningún membro do Goberno no chamado palco de autoridades, adoptando a postura maioritaria da cidadanía galega», por suposto que imos apoiala. Tamén nos gustaría que se aceptara a emenda do Bloque Nacionalista Galego, porque vemos que completa, e moito, a proposición non de lei.

E, xa para rematar, se o partido Popular non apoia esta proposición non de lei, pois serán vostedes os protagonistas desta España que retratou Berlanga en *La Escopeta nacional*, onde falaba da acidez da clase política daquela que viña despois do tardofranquismo.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías.

No último pleno, a miña compañeira Paula Prado traía aquí unha iniciativa referente á protección dos propietarios fronte aos okupas, e a oposición intentouna ridiculizar dicindo que traíamos temas que non interesaban a ninguén, como se pode comprobar hoxe na portada do diario máis vendido de Galicia, ¿verdade? Non interesaban a ninguén e, polo tanto, eu quero comezar agradecendo á oposición que nos dea a oportunidade de debater hoxe sobre un tema que está deixando sen durmir os galegos e as galegas, de se os cargos da Xunta van ou non van aos touros. *(Aplausos.)* A min páranme todos os días pola rúa, dígollelo de verdade.

Miren: como amosaron vostedes profusamente un montón de fotografías aquí sobre os perversos cargos da Xunta que acoden, eu móstrolle esta que se lles pasou sobre os señores Blanco, Pose e Louro, ¿verdade?, nunha tourada. *(O señor Pazos Couñago amósalle á Cámara unha fotografía tamaño folio.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dígoo porque non a amosaron por non ofender, que, se non, se lles acaba o chiringuito nestas cousas, pero vanme permitir que eu si que llelo recorde.

Como a cuestión, en fin, chama un pouco ao cachondeo, se mo permiten, imos debater. Hai que debater, e eu vouno facer sobre tres premisas: legalidade, tolerancia e coherencia.

Legalidade, premisa básica: calquera organización legalmente constituída que celebre un evento legalmente permitido pode cursar unha invitación ao Goberno da Xunta, que no ámbito da súa liberdade decidirá se acode ou non acode. Eu creo que nisto podemos estar de acordo todos. Vostedes hoxe o que pretenden é coartar esa liberdade e impoñer o seu criterio particular a un Goberno de todos os galegos, que debe representar todos os galegos.

Fano agora co tema das touradas, fixérono antes coa asistencia a actos relixiosos. Por certo, señora Vilán, dígalle ao señor Bugallo que non acuda á ofrenda do Apóstolo, que supoño que é o que pide vostede. En ambos os casos, acudiron vostedes sempre á máxima fundamental da esquerda menos tolerante de Europa: impoñer todo aquilo que lles guste e prohibir todo aquilo que lles desgusta. Nisto resúmese o seu pensamento. *(Aplausos.)*

Dicía, falando de tolerancia, o señor Bará: vivamos como galegos. ¡Home! pois fagan vostedes como os galegos. ¿Non lles gustan as touradas? Non vaian. ¿Non lles gusta a caza? Non cacen. ¿Non lles gustan as procesións? Non acudan. Pero deixen de frustrigar aqueles galegos que no uso da súa liberdade persoal exercen actividades lexítimas e legalmente permitidas. *(Aplausos.)* Están vostedes demasiado acostumados a expedir carnés. Miren: empezaron expedindo carnés de galego; continuaron expedindo carnés de feministas; agora expiden car-



nés de moderno, e tamén nos queren expedir carnés de tolerante. E se non tes o carné podes ser acosado, perseguido, insultado e sinalado na praza pública como intolerante, porque, señorías, a tolerancia son vostedes. E os que non abracen a nova fe progresista poden ser impunemente queimados no lume purificador da modernísima e laicísima inquisición da esquerda. Señores, a tolerancia é unha virtude que para ser exercida necesita da discrepancia. Non ten ningún mérito tolerar aquel co que se coincide, hai que tolerar a aquel co que se discrepa. (*Aplausos.*)

Eu pediríalles que xa que non coñecen o que é a tolerancia, —porque a tolerancia é evidente que non a coñecen— polo menos abrazasen a coherencia.

Miren: hai quince días aproximadamente, nesta cámara pedíase nos apoio á billarda; había que apoiala porque é unha actividade minoritaria en Galicia que necesita ser apoiada. Hoxe pídennos que neguemos axudas ás touradas, porque as touradas consideran que é unha actividade minoritaria en Galicia. Conclusión: hai que apoiar as actividades minoritarias que son do gusto da esquerda. (*Murmurios.*) Hoxe pídennos —perdón, pero non se alporicen, non se alporicen que xa estou rematando a faena— non subvencionar a tauromaquia, e pídennolo os mesmos, señora Vilán, que trasladaron as competencias de tauromaquia de Interior a Cultura porque —leo literalmente o real decreto que aprobaron vostedes— «*Entendida la tauromaquia como una disciplina artística y un producto cultural, se entiende que sus competencias en orden a su fomento y protección tienen su correcta ubicación en el Ministerio de Cultura*».

Pero é que xa sabemos todos como vai isto, porque o apoio da dereita á tauromaquia é maltrato animal, e o apoio da esquerda á tauromaquia é cultura. E eu non aspiro a ser como Carmen Calvo, ¿verdade?, que di que non ten que pedir permiso nin perdón porque *me gusten los toros* e que se define como *feminista, rockera y tauromáquica*, ¿como non? (*Aplausos.*)

Miren: hoxe pídennos que ignoremos unha lei, que ignoremos a Lei de tauromaquia, os mesmos que onte mesmo nos pedían a adhesión incondicional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a outra lei, a de interrupción voluntaria do embarazo, cuxo cumprimento íntegro defendemos, aínda que poidamos discrepar parcialmente dela. Porque as leis hai que respectalas —dicía onte un voceiro socialista—, sempre que sexa do gusto da esquerda, que iso se lle esqueceu dicilo.

E remato xa: hoxe pídennos acabar coas touradas en Galicia os mesmos que recuperaron o único touro ensogado que se celebra en Galicia. Porque ensogar touros é unha crueldade en Castela, pero en Galicia é unha respectable tradición se a bendí o BNG, que critica (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que os membros do Goberno da Xunta acudan ás touradas, pero aplaude que un alcalde nacionalista sexa o que porta a corda do único touro ensogado...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...porque o touro sofre cando muge en castelán, pero cando múa en galego desfruta moitísimo, señorías. *(Risos.) (Aplausos.)* Así que....

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...por tolerancia, por coherencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo.

O señor PAZOS COUÑAGO: Nada máis e moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Balbordo.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Ben, non sorprenden.

Eu, como xa dixen nun primeiro momento, traía unha iniciativa moi concreta, que era simplemente que a Xunta non asistise a este tipo de eventos. Non falamos de prohibir, non profundamos, coa esperanza de que ao mellor, cando menos, se puidera dar ese paso para que isto en Galicia fose rematando. *(Murmurios.)* Pero vemos que o Partido Popular desfruta moitísimo desta tortura animal, e así o acaba de demostrar toda a súa bancada. *(Murmurios.)*

É evidente que vostedes están defendendo, apoiando e dinamizando, porque é do que falamos cando vai a Xunta; non falamos de prohibir ou non prohibir, falamos de dinamizar, de apoiar, impulsar, que é o que fai... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Presidente, ¡por favor!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: Uns maleducados, uns auténticos maleducados. *(Murmurios.)*

Presidente, é imposible.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

¡Silencio, por favor!

Continúe señor Cal, por favor.

¡Silencio!



O señor CAL OGANDO: É evidente que vostedes apoian uns espectáculos de animais que non teñen respaldo en Galicia; así o amosan os datos, non teñen ningún apoio. Pero non nos posicionamos porque sexa minoritario, porque aínda minoritario infrinxe sufrimento aos animais. Algo que é minoritario e que é positivo non imos ir na súa contra. Non é porque sexa minoritario.

Con respecto ás emendas, eu xa dicía tanto ao partido do BNG como ao Partido Socialista, que me din que queren ir un pouco máis alá, como dixeran na miña intervención, eu quería só dar este paso porque sabía que o outro, evidentemente, non o ían apoiar, para ver se podía saír adiante. Pero unha vez confirmado o posicionamento do Partido Popular, de que van seguir dinamizando os espectáculos de tortura animal en Galicia, pois, evidentemente, buscaría unha transacción tanto co BNG como co Partido Socialista para incorporar esas iniciativas e que quede tamén exposta un pouco esa posición.

Señor Pazos, non é unha cuestión de tolerancia ou non tolerancia, é unha cuestión de posicionamento. En Pontevedra no mesmo día vai haber xente na praza de touros e vai haber tamén miles de persoas manifestándose en contra das touradas. E a Xunta de Galicia, nunha situación de conflito, onde hai un conflito social —é evidente—, posiciónase cunha desas partes. Posiciónase cunha desas partes porque non vai á manifestación, posiciónase cunha desas partes indo apoiar a praza de touros. E diso é do que estamos falando, de que dentro dun conflito social se posiciona cunha das partes: a Xunta de Galicia posiciónase a favor das touradas en contra de toda a cidadanía que se está manifestando en contra das touradas. Esa é a realidade: hai un posicionamento da Xunta de Galicia de apoio ás touradas asistindo a eses actos. Non é unha cuestión de tolerancia, señor Pazos, e vostede sábeo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal. (*Murmurios.*)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e de concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Un touro botando sangue pola boca nunha praza non debe dar pena. Seguro que esta tartaruga (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara unha foto tamaño folio.*) cun plástico na cabeza si que lles dá pena, ou esta foca (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara outra foto tamaño*



folio.) que está atrapada nunha rede, ou este cabaliño de mar (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara outra foto tamaño folio.)* que leva un bastoncillo —e non son imaxes preparadas—, ou esta nécora (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara outra foto tamaño folio.)*, que podería ser perfectamente en Galicia, metida nun cacharro de plástico. Se hai tolerancia con estes animais tamén debería haber tolerancia con outros. É máis: incluso tolerancia coas mulleres, incluso tolerancia coas persoas que deciden casar con outras do mesmo sexo. Se unha muller non quere abortar non é obrigatorio abortar, pero tampouco se debe presentar recurso no Tribunal Constitucional contra a Lei do aborto, ou absterse cando o que se pide dende aquí é o cumprimento desa lei do ano 2010, por exemplo. Ou ninguén obriga a ninguén a casar con persoas do mesmo sexo, non e necesario, pero tampouco é tolerancia presentar recurso ante o Tribunal Constitucional contra a Lei de matrimonio homosexual. E iso foi o que fixeron vostedes. A ese lado, leccións de tolerancia nin a primeira. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Presidente, eu pediríalle ao señor Pazos que, se é posible, xa que fixo aquí a súa manifestación tauromáquica, se a pode facer fóra, ou incluso pode ir en agosto á praza de touros de Pontevedra e facela alí, pero, por favor, que intente non interromper. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

É verdade, todo o tempo de todos os lados. Ás veces, isto parece o patio dun colexio.

¡Silencio!, ¡Silencio!, ¡Silencio, por favor! Escoiten a quen está no uso da palabra.

A señora VILÁN LORENZO: Esta foi unha campaña, a Trashtag Challenge en Galicia, que todos recordaremos —estas son fotos da praia en Vilanova de Arousa, na Coruña, en Vigo, (*A señora Vilán Lorenzo mira unhas fotos nun cartafol.*)—, de recollida de lixo mariño, que tiña que ver precisamente con esa preocupación que teñen os cidadáns anónimos voluntarios polo medio ambiente, polos animais, tamén polos touros. Por iso imos miles de persoas máis das que collen na praza de touros a esa manifestación. E, segundo di a comunidade científica, o 32 por cento de todo o plástico que usamos os seres humanos acaba na natureza. Oito millóns de toneladas de plástico acaban nos océanos e nos mares. E a ciencia estanos advertindo do perigo que hai sobre o medio ambiente e para os seres humanos polos microplásticos que pasan a través da cadea trófica. Moitas especies mariñas inxiren eses plásticos, e logo esas especies mariñas pasan a ser alimento que consumimos as persoas. Pola auga, polos microorganismos e pola luz do sol, ese plástico vaise degradando e acaban sendo partículas de poucas micras de lonxitude tan pequenas que o propio plancto confunde coa comida.

Aínda non hai estudos para saber que cantidade de plástico que inxerimos os cidadáns supón un perigo, un problema para a saúde das persoas. Pero si hai un estudo da Universidade John Hopkins, nos Estados Unidos, que di que de media, a través do sal, os seres humanos estamos tragando trinta e sete partículas de plástico ao ano. Fan incluso unha pequena brincadeira, e din que as persoas moi afeccionados ao marisco —aquí non somos moi afeccionados, pero si somos afeccionados, diríamos— poderían comer ata once mil partículas de microplásticos anualmente.

En Europa hai xa nove países que están estudando os efectos dos plásticos sobre a saúde humana, porque a Unión Europea é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con



preto de cincuenta millóns de toneladas anuais. Como exemplo, en Europa consómense máis ou menos cento setenta e seis bolsas de plástico por persoa ao ano, en España arredor de cento cincuenta, en Galicia máis ou menos igual, para usalas máis ou menos unha media de quince minutos.

En Galicia temos case mil cincocentos quilómetros de costa, non incluímos as illas, e non estamos libres destas imaxes. Esa nécora podería ser perfectamente unha nécora galega. E non temos un primo como o de Mariano Rajoy que nos poida defender dos plásticos en Galicia. Polo tanto, eses mil cincocentos quilómetros de costa e todo o ecosistema mariño galego están ameazados polo lixo mariño.

Fóra deses mil cincocentos quilómetros, como dixen antes, porque as illas quedan fóra, está o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas. Neste parque, no ano 2018, fixéron unha campaña, que se chamaba e se chama Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas de Galicia, e neste ano 2019 repetiron a campaña. ¿Por que? Porque está ameazado e o temor dos responsables do parque está en que se rache o equilibrio ecosistémico, o equilibrio socioeconómico e a biodiversidade do propio parque.

As medidas por parte das administracións fóra do parque non existen, e por iso dentro do parque os responsables decidiron facer este proxecto. No ano 2018, os resultados foron os seguintes —fundamentalmente foron milleiros de obxectos, pero maioritariamente eran fabricados con plástico—: un 42 por cento de cordas e cordeis de plástico, que poderían ser a foto (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara unha foto tamaño folio.*) desta foca cun colar de cordas, un 21 por cento de microplásticos e un 6 por cento de espumas sintéticas.

Este programa repítese no ano 2019 —desta aínda non temos datos—, pero teñen os dous proxectos tres obxectivos moi concretos:

Un, recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños porque é necesaria a concienciación sobre a sustentabilidade, decidindo implicar a poboación en xeral, fundamentalmente o sector pesqueiro, o terceiro sector, os centros de ensino e os concellos participantes.

En segundo lugar, fomentar o coñecemento, a xestión e a conservación dos espazos dos hábitats mariños que están protexidos nas illas. Comezaron pola illa de Sálvora, agora vano estender neste ano 2019 ás illas de Ons e de Cortegada. E tamén tiñan como fin protexer fundamentalmente os recursos biolóxicos mariños, especialmente na Rede Natura 2000.

E o terceiro obxectivo destes proxectos, destes programas é promover as accións de mellora do ecosistema, fundamentalmente promovendo a retirada de residuos dos fondos das praias das illas e outros areas de influencia nas illas, e a recollida das artes de pesca que estean abandonadas ou perdidas.

Estes proxectos nós cremos que non se deben deixar á boa vontade dos voluntarios e das persoas que, efectivamente, están concienciadas no respecto e na sustentabilidade do medio ambiente, senón que precisan unha aposta decidida por parte da administración. No parque nacional fi-



xérono —a nós gústannos estes proxectos—, mais non sabemos que lle parecen ao Goberno, se o Goberno estaría disposto a implantar unha medida exactamente parecida, ou igual, ou exacta, ou idéntica ou non, ou semellante noutras áreas protexidas mariñas que si son competencia da Comunidade Autónoma, fóra do parque e neses mil cincocentos quilómetros de costa que temos en Galicia, se vai desenvolver algunha vez campañas de concienciación sobre os residuos mariños, se ten intención de limpar os fondos mariños e as praias de toda Galicia.

Agora que saen vostedes dicindo que apostan por unha Galicia verde e unha Galicia sustentable dentro dos dez vindeiros anos, pois gustaríanos que voten a favor da nosa proposición non de lei. Non van ter ningún tipo de problemas para votala. Pedimos medidas inmediatas, sobre todo, de formación e de concienciación, para reducir a presenza deste lixo mariño nos fondos mariños de Galicia e nas praias de Galicia, e recuperar así a biodiversidade e os ecosistemas mariños. Non deixalo todo en mans de persoas que estamos e están preocupadas, dende a súa boa vontade, polo medio ambiente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Non está o señor Pazos, pero comparar a billarda cos touros case é como comparar o polbo á feira co sushi, ¿non?. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Falando de polbo á feira, como falamos hoxe de ecosistemas e contaminación, é unha mala combinación para o Partido Popular, ¿non?, cando falamos de sustentabilidade. ¿Que accións realizou a Consellería do Mar para controlar esta contaminación por microplásticos? Pois a verdade é que non o sabemos.

O problema está aí. Ducias —dicía a señora Vilán— de estudos no día de hoxe demostran a existencia de lixo nos ecosistemas mariños do país; lixo que xeramos nós, as persoas. Hoxe están máis que demostrados os danos e os enormes problemas de contaminación e risco para as especies mariñas por mor destes microplásticos, xa que o material polo que están compostos é tóxico.

A Consellería do Mar non sabemos se ten feito estudos sobre a necesidade de analizar estes contaminantes como os microplásticos e como están afectando o noso ecosistema. Dende a Xunta non sabemos se son capaces de ver os beneficios que estes ecosistemas nos brindan, senón xa terían actuado de forma contundente para frear esta auténtica desfeita. Pesca insostible, presión sobre a xestión, sobre a construción nas franxas costeiras, plans xerais de ordenación urbana polos que fixeron auténticas barbaridades nas nosas costas, sempre co beneplácito tamén do Goberno do Partido Popular, a contaminación e os efectos do cambio climático, pois todo isto xa leva décadas ameazando profundamente as costas galegas.

Un exemplo de xestión nula: no ano 2016, no Festival de Valarés, na Costa da Morte, temos alí uns habitantes de luxo como son a pílara das dunas, pois este festival desenvolveuse



nunha zona 1 de Rede Natura e incumpriu de xeito flagrante os termos da autorización. Incluso se permitiu dende a Xunta á organización que se acampara moitos máis días dos que estaban previstos no permiso. E ademais da xente do lugar e da denuncia do propio Seprona, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Non fixo nada. Pero, ben, temos máis exemplos; exemplos terra adentro, que acaban ao final nas nosas rías, nas nosas costas, como poden ser Touro, como pode ser San Fins, temos o exemplo de Ence.

As nosas praias e os nosos fondos mariños pois están a correr risco, os seus ecosistemas corren risco. ¿A solución? Conservar e utilizar de forma sostible o que son os nosos fondos mariños. Claro, para isto temos que salvagardar as nosas zonas costeiras, temos que salvagardar o noso caladoiro de pesca, preservar os nosos ecosistemas máis vulnerables. E isto significa ser capaces de responder aos impactos do cambio climático e das actividades humanas.

¿Como podemos facelo? Temos que frear esa sobreexplotación industrial costeira creando comunidades pesqueiras que sexan sustentables, que poidan vivir da pesca sostible, freando a contaminación, os efectos do cambio climático e, ¿como non?, pois como redacta moi ben esta proposición non de lei: «adoptar medidas inmediatas, incluídas de formación e concienciación, para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e nos fondos mariños de Galicia».

¿Vostedes dende o Partido Popular pensan que as nosas praias e os fondos mariños están debidamente protexidos? Están vostedes a permitir que se convertan pois moitas veces en auténticos vertedoiros, coa mala xestión da contaminación, a mala xestión dos residuos que se están a xerar terra adentro, a mala xestión do tráfico marítimo ou a presión da construción sobre o litoral.

Penso que é un labor e un deber de todos traballar no control desta contaminación, na organización da costa, na implantación de políticas pesqueiras sostibles e na protección da mariña, xa que só así entre todos e todas poderemos facer fronte á contaminación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Por un momento na anterior intervención pensei que este hemiciclo se convertera na praza de touros de San Roque, de Pontevedra, e en vez de asistir a unha corrida de touros asistiamos a un deses espectáculos cómico-aurinos do bombeiro toureiro, escoitando o deputado do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Por certo, falando de gastronomía, aos nacionalistas e ás nacionalistas galegas, a algúns, polo menos, gústanos o polbo á feira e tamén nos gusta o sushi. Non sei onde está o señor Rodríguez pero son cousas que se poden sumar.



Ben, falemos tamén dalgunha maneira de maltrato animal, de maltrato ao planeta, ao medio, ao medio mariño, porque realmente o lixo mariño, os plásticos que se acumulan no mar e nas praias son unha das caras máis evidentes do actual sistema económico, dese sistema de usar e tirar. E, desde logo, é unha necesidade, unha urxencia actuar de maneira integral mediante unha actuación, ademais, pública. Non podemos deixar estas actividades en mans da iniciativa privada e do voluntariado, da xente que, desde logo, ten moitas ganas de actuar nesta materia para coidar o medio mariño e o litoral. E non só nas illas atlánticas —parécenos interesantes e positivas esas iniciativas—, senón que hai que actuar no conxunto do litoral e da costa galega cun plan integral e serio. E non só ou non principalmente mediante proxectos piloto, porque aquí lévase moito o de facer proxectos piloto, é dicir, facer que se fai, actuar moitas veces para a galería con esta política de maquillaxe de decorado; imos facer aquí un bonito para que se pense que estamos facendo algo.

E neste sentido quero recordar que o ano pasado, no 2018, daquela a conselleira de Medio Ambiente presentaba publicamente un proxecto que se chamaba «Mares circulares». A cousa soa ben. Pois ben, esta iniciativa estaba promovida por unha empresa multinacional que se chama Coca-Cola, que é unha das principais responsables, realmente, da produción e da xeración de lixo e de residuos plásticos, que moitos deles acaban no mar. É que non queren facer campañas de limpeza das praias, queren facer campañas de lavado e limpeza da súa imaxe. Isto é o que pretenden estas empresas con iso que agora se chama modernamente a «responsabilidade social corporativa». Polo tanto, esta é unha política de foguetes de artificio que practica moito a Xunta para desviar a atención do principal, do fundamental, cara a cuestións accesorias.

E o fundamental neste caso tamén é, sobre todo, actuar desde a orixe, desde a xeración, desde a produción dese lixo, deses residuos, deses plásticos. É fundamental neste sentido cambiar o sistema económico e social. E existe normativa para facelo. Pero aínda que non existen esas directivas europeas, que si existen, sobre os plásticos, sobre os produtos plásticos, sobre o seu uso, sobre envases ou embalaxes, aínda que non existisen, xa se podería e debería ter feito moito antes. E hai países europeos como Dinamarca, como Finlandia e como, sobre todo, Irlanda que levan practicamente dúas décadas facendo ese tipo de políticas con grandes resultados. E neste caso Irlanda é un exemplo a seguir nesta materia. E no Estado español tamén hai comunidades, como, por exemplo, Cataluña ou Andalucía, que levan tamén actuando en materia de redución dos plásticos desde hai moitos anos. Pódese actuar xa e pódese facer, por exemplo, nun ámbito moi concreto, que é o dos envases ou embalaxes, cambiando ese sistema pernicioso que é Ecoembes por un sistema de depósito, de devolución e retorno, que é o que está conseguindo os mellores resultados nos países máis avanzados de Europa nesta materia.

E con respecto aos residuos mariños, hai que actuar de maneira urxente e global porque Europa produce case vinte e seis millóns de toneladas de residuos de plásticos, e unha parte deles, arredor do trinta por cento, acaba tirado no mar, ou o setenta por cento do lixo mariño son produtos derivados dos plásticos e das artes de pesca tamén fabricadas con plástico.

Cómpre, polo tanto, un plan público; un plan público con medios públicos pero tamén con financiamento privado, con financiamento que poñan esas empresas, que son —como



dixen— as principais responsables da xeración da produción destes produtos plásticos. E tamén cunha implicación, concienciación e sensibilización de toda a cidadanía para actuar no mar, nos fondos mariños, na costa, nas praias, no litoral e, tamén moi importante, nas zonas portuarias, que son se facemos un percorrido polas zonas portuarias de Galicia un auténtico desastre nesta materia.

Polo tanto, o BNG vai apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Estamos asistindo á era do planeta de plástico, que algunhas dirán que as pillou desprevidas. Igual que o cambio climático, que de repente está aquí e ninguén o viu vir, aínda que a comunidade científica leve anos e décadas advertindo de que esta situación chegaba.

Estamos asistindo a unha tremenda crise ambiental que está poñendo en risco o mundo tal e como o coñecemos, a mingua a pasos axigantados da biodiversidade, da riqueza natural. O cambio climático, a contaminación do aire, a auga e a terra son hoxe un problema de primeiro nivel, posiblemente o maior reto ao que nos enfrontamos como sociedade, o maior reto do presente e do futuro: conservar o noso fogar habitable.

E non chegamos a esta situación de casualidade. Isto ten responsables, e son aqueles que veñen defendendo un modelo depredador co medio, no que uns poucos obteñen grandes beneficios externalizando custos tamén en forma de agresión e depredación do medio.

E agora temos diante de nós a crise ambiental, a crise climática, a crise do plástico, a crise do aire, a crise da desertificación, a seca, a crise da biodiversidade, unha Xunta de Galicia que segue mirando cara a outro lado como se non estivésemos nesta situación de tanta gravidade.

Sabemos que a conservación e a recuperación do medio ambiente non está entre as prioridades dalgunhas organizacións políticas, é evidente, tal e como o demostran os seus programas electorais e a súa acción política. Pero seguro que a todos os deputados e deputadas como individuos, e sobre todo á maioría dos votantes e das votantes de calquera dos grupos parlamentarios, si lles preocupará saber que a crise do plástico está afectando xa e moito a saúde humana.

Miren: é bo coñecer isto, para que tampouco despois os pille de sorpresa dentro duns anos, porque vostedes sempre chegan tarde a estas cuestións. Investigadores da Universidade Médica de Viena, en colaboración coa Axencia de Medio Ambiente de Austria, nos resultados do seu último estudo, atopan microplásticos na cadea alimentaria humana, en forma de partículas feitas de polipropileno, polietileno tereftalato e outras substancias. E posiblemente os



alarme tamén saber que ao seren inxeridas estas substancias e arrastradas ata o tracto intestinal estas micropartículas plásticas resultan daniñas para o corpo humano, porque afectan a tolerancia e a resposta inmune do intestino a través da bioacumulación. E tamén deberán saber que estes microplásticos no corpo humano favorecen a transmisión de químicos tóxicos e patóxenos, co cal estamos falando dunha cuestión de saúde pública importante tamén.

Ademais diso, tamén hai que ter en conta que o problema do plástico non só se limita á cadea trófica, tamén ten que ver coa propia emisión de dióxido de carbono, que é outro dos grandes problemas que temos que resolver, porque os emite no seu proceso de produción.

A isto temos que sumarlle tamén o feito de que o plástico no mar afecta negativamente as plantas acuáticas, que son as principais fontes de oxíxeno que deberían frear as emisións de gases de carbono. Ademais, o plástico tamén solta velenos á auga que matan o fitoplancto e outras especies.

Creo que sobran motivos para afrontar esta problemática canto antes, que xa chegamos tarde. O mar ten que deixar de ser un vertedoiro, levamos moitos días dicíndoo, e non se poden seguir adiando as solucións. Por iso, evidentemente, imos apoiar esta iniciativa enfocando o fondo mariño das illas atlánticas, que ademais é unha localización que é unha zona de especial protección por ser o Parque Nacional das Illas Atlánticas, e, sen embargo, a situación que estamos visibilizando hoxe demostra que non se está protexendo como debera.

Vimos tamén como as illas atlánticas non gozan da sensibilidade da Xunta de Galicia para a súa protección. Vimos tamén como durante anos non estiveron a controlar a presión humana que podía soportar, con moitas visitas permitidas moi por riba das permitidas durante moitísimos anos, que expertos biólogos aseguran que xa tiveron repercusións importantes nas propias illas. E estámolo vendo agora tamén coa ameaza de depositar os lodos, que a Xunta de Galicia reconece que son prexudiciais para a ría de Pontevedra, a dúas millas da illa de Sálvora, no Parque das Illas Atlánticas.

Polo tanto, apoiamos esta iniciativa e todas aquelas que vaian dirixidas a que o mar deixe de ser un vertedoiro, porque non podemos continuar así.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días.

Señora Vilán, ten vostede moito valor para ser da esquerda e falar de tolerancia, debería vostede ler a Hayek ou a Popper, ou incluso as novelas de Milan Kundera, que lle explican moi ben cal é a tolerancia da esquerda, ou viaxar a aqueles países de Europa do leste ou, por exemplo, a Venezuela, a Cuba, onde a esquerda funcionou con total perfección, e verá vostede cal é a tolerancia nestes países. *(Aplausos.)*



Pero cando falamos da homofobia hai que tomalo tamén moi en serio. Eu xa lle dixen que cada vez que falamos das cuestións de gays, de lesbianas, de transexuais, non hai un só home do seu grupo que saía a este estrado a falar, non hai nin un só home, ¿por que? Porque no seu grupo tamén actúa, tamén opera a homofobia. Cando unha ministra lle chama «maricón» a outro ministro tamén opera a homofobia. Cando houbo un presidente do Goberno que se riu cando o seu vicepresidente chamaba «mariposón» ao líder da oposición tamén operaba a homofobia. Co cal, señora Vilán, cando fale de homofobia teña un pouco de humildade e analice o que fan vostedes desde as súas liñas, desde as súas filas.

Mire: nós imos apoiar esta iniciativa, aínda que vostede nas súas intervencións ás veces pono moi difícil, e parece que quere que o noso grupo non lle apoie as iniciativas. Falou vostede do proxecto Rede para a recuperación dos ecosistemas marítimos no Parque Natural Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas, que se desenvolveu ao longo do ano pasado. Foi un amplo programa de actividades encamiñadas a paliar o problema sobre o que versa esta iniciativa. O obxectivo principal dese programa foi minimizar e prever a perda de biodiversidade, polo que se actuou nun dos enclaves que integran o Parque Nacional das Illas Atlánticas. A maiores, insiste na clara importancia de sensibilizar sobre o problema dos plásticos e tamén en levar a cabo pequenas accións para eliminar os residuos mariños que prexudican o contorno do parque natural.

No 2019, a Xunta volve participar na segunda fase deste proxecto, e amplíase o ámbito de actuación ademais a outras zonas do espazo protexido, e conta con socios tan importantes como o Colexio de Biólogos de Galicia e tamén o Instituto Español de Oceanografía. E, ademais, neste marco xa se realizou un estudo que era moi importante para analizar e caracterizar o lixo mariño da contorna da illa de Cortegada, que nos permite saber exactamente como é ese lixo que acaba nas nosas costas. Esa información, ademais, serve para ter unha radiografía para logo poder desenvolver un traballo de campo que se vai desenvolver ao longo destes meses.

Este ano, ademais, tamén se levou a cabo unha acción ambiental para retirar especies invasoras e os restos de plásticos que se localizaban nas praias do arquipélago das Ons. A maiores, os galegos volvemos sumarnos á campaña 1 m² pola natureza, a través da que se realizaron batidas de limpeza nas praias. En total, no 2018, houbo máis de cincocentos voluntarios que fixeron limpeza.

Fixéronse tamén campañas para a redución das bolsas de plástico. A Xunta participou en campañas de recollida selectiva do contedor amarelo e, ademais, está levando a cabo a ampliación do Complexo Ambiental de Sogama, que conta cun investimento de 20 millóns de euros, o que vai permitir incrementar a capacidade de tratamento de 550.000 toneladas a máis dun millón. E recordo isto porque, grazas a Sogama, acabouse con centos de vertedoiros que había nas nosas costas hai tan só tres décadas, como seguramente todos aqueles deputados que son dalgunha vila da costa poden lembrar.

Pero, non só é importante o que se está a facer, senón tamén que temos grandes retos por diante. Por exemplo, a Estratexia galega de plásticos, que xa se está a redactar e que vai ser unha das principais ferramentas para evitar ou para reducir o consumo de plásticos, e tamén,



por suposto, o Anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia, que actualmente está en tramitación, que agardamos que poida entrar en vigor no 2020 e que recolle importantes avances neste sentido. Esperemos que poida entrar en vigor no 2020 despois de facer, por suposto, o trámite parlamentario xa en breve nesta cámara.

Esa lei vai levar medidas encamiñadas a frear o impacto dos plásticos, como a previsión de vender no territorio da nosa comunidade autónoma vaixelas de plástico dun só uso, tamén vasos, cuncas e bandexas alimentarias que non estean compostos por un cincuenta por cento de material biocompostable, ou dun sesenta por cento...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...a partir do 2025 ou completamente a partir do 2030. Tamén se vai potenciar a reutilización. Vaise tamén profundar na reutilización ou reciclaxe dos residuos domésticos.

En definitiva, señorías, eu penso que esta é a gran ferramenta. Os grupos temos a responsabilidade ter unha das mellores leis que poidamos ter. Nese caso, coma sempre, ofrezco a vontade e a intención do noso grupo de escoitar as achegas de todos os grupos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...para acadar entre todos a mellor das leis, que permita practicamente combater a produción de residuos plásticos e tamén a súa eliminación das costas.

Máis nada e moias grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu quero agradecerlles ao Grupo Mixto, ao Grupo do BNG e ao Grupo de En Marea o seu apoio. Non sei que dicirlle ao Grupo Popular porque non entendín se vostedes van votar a favor ou en contra. Entendo que si, e alégrome.

Pero, claro, que vostede veña aquí e inicie a súa intervención con algo que sinceramente non entendemos a gran maioría, porque non soubemos moi ben a que veña falando de... Efectivamente, hai persoas que se equivocan en todos os partidos. Pero vostedes equívocanse como partido, porque negocian e levan de canciño de compañía a Vox. Ese é o seu problema. Por certo, Vox está en contra do plástico; efectivamente, dos plásticos, dos anticonceptivos, dos condóns, que se repartían o Día do Orgullo en Madrid. Iso si que é estar non só en contra dos plásticos senón en contra do desenvolvemento do dereitos das persoas.



E aí hai unha gran diferenza entre o seu partido e o noso. Porque ese señor tan deostado que se apelidaba Zapatero, a Lei do matrimonio homosexual —que eu saiba— vostedes nin a apoiaron, e ademais tiveron a desfachatez e o descaro de presentar un recurso contra ela ao Tribunal Constitucional. Esa é a diferenza entre vostedes e nós. Non hai moito máis que contar.

Aquí, o único que pediamos, efectivamente, e alégrome de que todos esteamos de acordo, é que se copie unha iniciativa que unha entidade pública desenvolveu para o Parque Nacional das Illas Atlánticas, porque a sociedade estanos pedindo que protexamos máis o medio ambiente. E esa xente nova que vén aí presionando para a protección do medio ambiente, porque a nós quédannos xe anos de vida, pero a eles quédanlles moitísimos máis do que a nós, está preocupada, e é necesario que os gobernos se impliquen, que impliquemos os concellos, que impliquemos o sector pesqueiro e que impliquemos os centros de ensino.

Eu, para rematar, quero dicir que non podemos esperar nin á redacción dunha Estratexia galega de plásticos, nin á Lei de residuos, que, por certo, non di absolutamente nada dos residuos mariños. Fala dos cubertos, dos vasos, dos plásticos, como aquilo de «*un plato es un plato y un vaso es un vaso*», pero non di nada dos residuos mariños.

Estaría ben tamén que na Lei de patrimonio natural vinculasen vostedes os ecosistemas mariños e as áreas mariñas protexidas, que tampouco están.

E eu quería rematar falando da diferenza. Vostedes levan dez anos de goberno, e en Nigrán, un concello da provincia de Pontevedra, hai un alcalde socialista que acaba de idear un sistema para a recollida de cabichas nas praias, incluso ten un hashtag a través das redes sociais. É un sistema, un depósito especial para as cabichas nas praias porque contaminan moito. Pois vostedes poderían copiar iniciativas así, e simplemente non votar a favor de proposicións non de lei sen máis e logo non facer nada e agardar a estratexias e agardar a leis futuras. (*Murmurios.*)

Agardamos, estamos contentos de que vostedes voten a favor...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! É unha suxestión, non pasa nada.

A señora VILÁN LORENZO: ...da nosa proposición non de lei, pero... (*Murmurios.*)

De verdade, eu non podo saír falar porque é imposible con este persoal animado co dos touros e o coso de Pontevedra.

Grazas polo apoio. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a demandar ante o Goberno Central que desenvolva as actuacións precisas para levar a cabo as seguintes cuestións:

— Que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Comunidade a actualización das entregas a conta do exercicio do ano 2019 por importe de 330 millóns de euros.

— Que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Comunidade a devolución da mensualidade do IVE do exercicio de 2017 por importe de 200 millóns de euros.

— Pagamento dos 188 millóns de euros que o Estado adebeda en concepto de financiamento da Lei de dependencia.

— A negociación dun Plan de Investimentos para compensar Galiza polos máis de 1.000 millóns de euros que deixou de executar o goberno central durante o período de Rajoy de cara a garantir os compromisos pendentes, nomeadamente canto a infraestruturas básicas viarias e ferroviarias.

— Incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018, por un importe global de 170 millóns de euros. - Incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018, por un importe global de 170 millóns de euros.

— Derrogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional exprés de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e das administracións locais.

— A inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España que se constitúa unha vez elixido presidente do Goberno polo Congreso dos Deputados:



— Que impulse, a través dos instrumentos legais oportunos, a modificación do Regulamento do IVE (RD 1624/1992, de 29 de decembro, art. 71.4, modificado polo RD 1075/2017), para que con vixencia indefinida a declaración-liquidación correspondente ao mes de novembro sexa presentada nos 20 primeiros días naturais do mes de decembro.

— Que impulse, mediante os instrumentos legais oportunos, unha solución para que as CCAA perciban, no exercicio 2019, a mensuralidade do IVE correspondente á declaración-liquidación de 2017, que en Galicia ascende a 198 millóns de euros.

— Que impulse, mediante os instrumentos legais oportunos, unha solución para que as entregas a conta por IRPF, IVE e Impostos Especiais ás comunidades autónomas non se vexan afectadas á baixa pola prórroga orzamentaria para 2019, o que supón para Galicia 331,93 millóns de euros

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España que se constitúa unha vez elixido presidente do Goberno polo Congreso dos Deputados para que proceda a impulsar os trámites necesarios no Consello de Política Fiscal e Financeira e a AIREF para regular a aplicación dos incentivos previstos na disposición adicional 151ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Esta mañá estaba o portavoz socialista no turno de control cervantino —foi o que el dixo—. E para enfocar esta proposición non de lei eu quero recordar o diálogo entre Babieca e Rocinante que vén no *Quixote*. O que di que Babieca: «*Metafísico estáis*», e contesta Rocinante: «*Es que no como*». Porque, realmente, do que vai esta PNL é de comer, das cousas importantes, non da metafísica. Como todos sabemos: coas cousas de comer non se debe de xogar. (Aplausos.)

¿Cales son os feitos? Os feitos son que o Estado, unha vez pechado o primeiro semestre, lle debe a Galicia unhas cantidades comprometidas para a súa transferencia por importe de 700 millóns de euros, dos cales 530 están incluídos nos orzamentos vixentes no presente exercicio. E nós o que pedimos é que a Cámara apoie a demanda ao Goberno da nación para que faga estas transferencias.

¿De onde proceden? En primeiro lugar, da actualización das entregas á conta do exercicio. Estas entregas á conta, por 330 millóns, foron oficialmente comunicadas polo ministerio en xullo de 2018. Afecta certamente este non-pago das entregas á conta anunciadas no verán pasado a máis comunidades autónomas; hai nove que as teñen incluídas nos orzamentos. O importe total é preto de sete mil millóns para todas as comunidades autónomas. Pero tamén é certo que a media do que afecta os orzamentos das comunidades autónomas é o 0,4 por cento do total dos orzamentos, e en Galicia significa o 0,8, é dicir, o dobre. A recadación e a marcha da economía confirman que o Estado dispón e está a ingresar realmente eses recursos, pero o que non fai é transferilos ás comunidades autónomas, o cal —como direi despois— xera problemas á Facenda autonómica.



A segunda cifra é de 200 millóns de euros —dun total para toda España, para todas as comunidades autónomas, de 2.800 millóns de euros— ten que ver cunha disfunción que se plantexou na liquidación do sistema de financiamento autonómico no ano 2017. Ese ano fíxose unha reforma do sistema de pago do imposto sobre o valor engadido, unha reforma que ninguén discutiu porque tiña dous obxectivos— e a reforma está a cumprir eses dous obxectivos—: primeiro, facilitar o pago por parte do contribuínte do imposto sobre o valor engadido, neste caso o obrigado a ingresar, que son as empresas. E, en segundo lugar, porque ao ser informatizado, mellora significativamente a capacidade de loita contra a fraude neste tributo.

Ocorreu que ese ano, precisamente por ese cambio, o Estado ingresou por trece mensualidades, atribuíbles ao exercicio do ano 2017. Pero, cando se fixo a liquidación, á Xunta chegaronlle once —e ao resto das comunidades autónomas—.

Isto pasa unha soa vez. Porque no ano 2018, co novo sistema —que non é necesario mudar, entendo eu—, xa as comunidades autónomas van recibir doce mensualidades do IVE. Polo tanto, estamos a falar da liquidación do 2017, por unha única vez, que afecta os ingresos da Xunta no ano 2019.

Este problema xa foi abordado polo presidente da Xunta. Non fai falta recordar o que dixo a actual ministra de Facenda cando era consejera de Facenda na Comunidade Autónoma de Andalucía. Simplemente o que lle dixo ao presidente en agosto do ano pasado —que tivo unha entrevista persoal, e así deu conta a toda a prensa nas roldas de prensa dese encontro— é que había un compromiso formal do Ministerio para solucionar esta cuestión.

Estas dúas cifras, 330 e 200 millóns de euros, son 530 millóns que están nos orzamentos da Xunta para o ano 2019 e que o Goberno do Estado non está a transferir. A terceira vén dos pagos que non están incluídos nos orzamentos da Xunta pero si están incluídos nos orzamentos do Estado, elaborados polo anterior goberno do Partido Popular, que, como é sabido, incluíron nunha das súas disposicións adicionais uns incentivos, unhas compensacións, para as comunidades autónomas cumpridoras dos obxectivos de déficit. Basicamente son dúas, que naquel momento —ata hai pouco— curiosamente tampouco estaban gobernadas polo Partido Socialista. Unha é Galicia e outra é Canarias.

Galicia cumpriu os obxectivos de déficit. Está iso testemuñado e certificado tanto pola Airef como polo propio Goberno do Estado. Cumprimos o obxectivo de déficit. Tiñamos un obxectivo do 0,4 % e tivemos un superávit do 0,7 %, o que nos permitiu hai pouco nesta Cámara aprobar unha lei que permitiu aplicar este superávit ao gasto social. Cumprimos o obxectivo de débeda, que era un obxectivo individual para Galicia do 18,4 % do PIB, e foi do 18 %. E cumprimos a regra de gasto, que tiña un tope do 2,4 % e que Galicia tivo un 0,4 %.

Precisamente por iso, en aplicación dos orzamentos do Estado, a Galicia se lle deben 85 millóns de cada ano, do ano 2018 e do ano 2019. E quero recordar á Cámara que eses incentivos son unha condonación dos cartos que lle debemos ao Estado polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009; é dicir, os cartos que o Bipartito incluíu nos orzamentos dos anos 2008 e 2009 e que estamos a pagar. E, grazas a esta iniciativa do Goberno nacional de Ma-



riano Rajoy, conseguiu-se que polo menos as cumpridoras tivesen como compensación non ter que ingresar eses cartos na facenda do Estado. Polo tanto, isto é un incentivo que tivo a súa orixe en malos orzamentos de gobernos socialistas do pasado.

Certamente, de non recibir estas cantidades, hai unha serie de riscos. Non hai moito Standard and Poor's, unha axencia das coñecidas de avaliación de riscos de cumprimento fiscal, dicía que podía haber presións no cumprimento dos obxectivos de déficit por parte das comunidades autónomas como consecuencia de non traspasar, de non transferir, as entregas á conta. Certamente hai riscos para a tesouraría, porque, se non se dan eses cartos nas entregas mensuais pode ter un problema de liquidez o tesouro. E Galicia, que nestes momentos é a comunidade autónoma que máis rápido paga —catorce días fronte a unha media de trinta e cinco— das comunidades autónomas, pois podería ter problemas para seguir facendo algo que é moi positivo para a economía da comunidade, que é que se paga aos provedores en prazo. E aínda podería ocorrer algo moito peor se isto se prolonga cara ao final de ano. E é que no orzamento hai 530 millóns de euros que, se non se transfiren, vai provocar que haxa algún axuste no gasto, que é xusto o que non queremos facer e é do que nos leva acusando a oposición moitos anos. E, evidentemente, se agora se ten que producir nun caso extremo —que esperemos que non se produza— non vai ser por culpa da Xunta. FEDEA propuxo incrementar este ano a débeda que se pode emitir, o teito de débeda deste ano, para compensar por esas cuestións. Pero esa non é a solución máis acaída cando o Estado está ingresando eses recursos e cando o Estado pode evitar un problema tamén no futuro, que sería que cando se liquide o ano 2019 no ano 2021 —os 7.000 millóns que vai ter que pagar pola liquidación, neste caso positiva, do ano 2019— pode ter o propio Estado problemas para facer esa liquidación.

Ben, eu pido coherencia á Cámara, coherencia, en primeiro lugar, coas emendas —das emendas dedúcese que hai un acordo básico sobre que o Estado lle debe á Xunta estas cantidades—, pero tamén coas actuacións do pasado. No ano 2018, precisamente despois de que no ano 2017 incorporásemos as entregas á conta aos orzamentos da Xunta, retrasouse a aprobación dos orzamentos do Estado. En Madrid os orzamentos do Estado, como saben, aprobáronse no verán. Pero xa en xaneiro do ano 2018 o Grupo Socialista en Madrid empezou a falar de chantaxe do Partido Popular porque non facía esas transferencias salvo que se aprobasen os orzamentos.

En Galicia presentouse unha batería de iniciativas reclamando os 321 millóns de euros, preguntándolle á Xunta onde ía recortar, dicindo que era un quebranto para a Xunta, que desaparecerían dun plumazo eses 321 millóns de euros, e falábase de deslealdade institucional — en xaneiro do ano 2018—. Hoxe, que xa estamos en xullo de 2019, non imos ser tan dramáticos e dicir que temos que ter unha actitude decidida para reclamar o que lle corresponde a Galicia, que era o que dicían as iniciativas socialistas, pero cremos que é axeitado que o conxunto da Cámara faga esta reclamación e, desde logo, non aceptar que se someta a unha nova chantaxe que non ten nada que ver co tema orzamentario, como é a investidura do señor Sánchez. Porque ademais é que hai outras saídas, ademais hai outras saídas, e hai antecedentes. Eu quero recordar que no 2005 e no 2007 se aprobaron anticipos porque a recadación ía moito mellor do que se esperaba, e que o Goberno en funcións de Mariano Rajoy, coas Cortes constituídas, aprobou dous decretos lei precisamente para facer pagos...:



O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...o 1/2016, que foi o Programa de activación do emprego, e o 30 de setembro o Real decreto 2/2016, de medidas tributarias de corrección do déficit. Polo tanto, hai antecedentes de que o Goberno en funcións, coas Cortes constituídas, poida aprobar reais decretos lei por razóns de urxencia en materia financeira.

Hai antecedentes, hai mecanismos, pero tamén hai unha sospeita: a sospeita de que os decretos dos venres famosos non incluíron ningunha destas cuestións. Hai a sospeita de que se nos diga que todo depende da investidura do señor Sánchez e hai a sospeita financeira —que é máis grave— de que o Goberno do Estado está quedando cuns cartos que corresponden ás comunidades autónomas e que hai unha ameaza...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...de eleccións inminentes no outono. Iso xa nos parece máis grave.

Señorías, en resumo, o que pedimos é o apoio para que Galicia teña o que lle corresponde. Non se trata dunha investidura a cambio da que se dan cartos adicionais. Trátase de que, pese a esa investidura, Galicia ten que recibir aquilo ao que ten dereito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Comezarei dicindo, antes de que se nos acuse de ser cómplices de Pedro Sánchez e de telematicamente ilo investir, que no fondo da reivindicación concreta que presenta esta iniciativa do Grupo Parlamentario Popular estamos de acordo. E non seremos obstáculo a que iso se demande desde Galiza. De feito, presentamos unha emenda precisamente porque nos parece que o Partido Popular, para estar revestido deste traxe permanente de loita contra o agravio do Estado, pois queda bastante curto. Entendemos que esta iniciativa fica curta e, polo tanto, presentamos unha batería de emendas. Porque, claro, o problema de fondo é que, unha vez máis, vemos como vén aquí o Partido Popular a practicar amnesia selectiva. Eu non lle vou pedir, señor Puy, que empreguen os seus deputados en Madrid para investir o señor Sánchez a cambio destas cuestións, como nos pedían vostedes nos concellos do país para solucionar problemas como o de Alcoa. Pero non estaría de máis que lles transmitiran este certo ademán de rebeldía que teñen para condicionar na política do Estado algunhas das cuestións relevantes —por exemplo, no tema eléctrico ou nalgún que incluímos na nosa emenda—. Porque, claro, onte o señor Santalices dicíanos que non nos alporizáramos, que non empezara a campaña. Eu non sei, señor Santalices, se non empezou a campaña á que vostede facía mención, pero, desde logo, aquí hai quen está de campaña xa por se cambiamos os magostos polas urnas.



En todo caso, nós temos claro que hai cuestións que teñen que estar por riba desa axenda estatal e por riba tamén desa campaña que ten agora o Goberno da Xunta de Galiza, que parece que continúa respirando aliviado porque en Madrid hai alguén que non son eles e entón pode trasladar cuestións que antes non facía. Porque, claro, hai que facerse algunhas preguntas. Parece que esta cuestión concreta que se nos traslada do IVE é algo novo, que o marco do sistema de financiamento, ese mecanismo de entregas á conta, é algo que emerxeu da nada, que non tivo nada que ver coas decisións do Partido Popular no Estado.

A conclusión que sacamos da intervención do señor Puy é que hai dous períodos de desgraza neste planeta: un foi o 2005-2009, con ese Bipartito de sete cabezas do que xa falabamos onte, e outro foi este último ano. O que pasou entre 2009 e xuño de 2018 foi que a este país lle ía estupendamente, que non tiña ningún tipo de problema en servizos como a sanidade nin de falta de financiamento, ou que non tiña ningún outro problema relacionado coa relación económica que temos co Estado español. E a nós iso parécenos pouco honesto en realidade e pouco realista. Porque hai que recordar que foi precisamente o Partido Popular quen instaurou esa normativa de déficit, que nós, na nosa emenda, propoñemos derrogar. E agora parece que nos escandalizamos porque Galiza non ten a suficiente autonomía como para non verse afectada pola inestabilidade do Estado; inestabilidade que neste momento pode ser inestabilidade e noutros momentos é irresponsabilidade pero que en xeral a cuestión é que as políticas centralistas que se aplican desde Madrid son prexudiciais para o noso país.

E falou o voceiro do Partido Popular das cousas de comer. Efectivamente, o nacionalismo galego, os soberanistas, moitas dicimos que precisamente a soberanía vai de falar das cousas de comer. Polo tanto, benvidos á conciencia de que temos unha mala relación económica co Estado e que, polo tanto, haberá, primeiro, que cuestionar ese marco que instaurou o Partido Popular de cumprimento do déficit e asumir que de momento a Galiza ser cumpridora non lle serviu de nada.

Porque, claro, unha das cuestións que se poñen enriba da mesa é reclamar eses incentivos da lei de orzamentos de Rajoy do 2018, pero eu quero recordar aquí a todos e todas como foi aquel debate. Nese momento viviamos en que se ía aplicar unha quita ás comunidades que non cumpriran e que, polo tanto, non recortaran, como Galiza, os seus servizos públicos básicos. E é que, claro, estaba quedando tan en evidencia o peso pluma a nivel do Estado do señor Feijóo que petaron un pouco na mesa e entón o señor Rajoy prometeu esas bondades nos orzamentos, cando xa se sabía, pola situación política, que ía ser difícil que se verificaran. E, polo tanto, é un exemplo máis do curioso beneficio que obtivemos por ter ese marco tan restritivo.

E remato xa. Na nosa emenda tamén incluímos outras cuestións que nos parecen relevantes e que nos parecen das cousas de comer. Porque ¿acaso non afecta á estabilidade financeira e á capacidade de desenvolvemento da nosa política orzamentaria que o Estado siga debéndonos eses 188 millóns de euros en materia da Lei de dependencia? ¿Por que diante diso non aplicamos tamén un consenso para ser contundentes nesa reivindicación? ¿É que lles dá vergonza asumir que iso é o legado Rajoy? Ou, por exemplo, ¿por que non pedimos que se compense en Galiza con eses máis de mil millóns de euros que quedaron sen investir dos orzamentos de Rajoy? Porque, claro, aquí rasgamos as vestiduras cos orzamentos que plan-



texaba o señor Sánchez e que nós tamén criticamos, pero logo a realidade é que os que están aprobados e os que están prorrogados prexudican o noso país e a vostedes dálles igual.

Polo tanto, nós non nos imos opoñer a esta iniciativa pero agardaríamos que houbera un pouco de espírito de ambición e que, efectivamente, trasladáramos máis reivindicacións ao marco do Goberno central.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día.

En relación con esta iniciativa teño que empezar por dicir que a min me parece que podemos coincidir todos en que reclamar, digamos, eses 530 millóns de euros adicionais dos que se fala, e que están incluídos na Lei de orzamentos da Xunta, pois é sensato. Eu creo que isto é de xustiza, que a Comunidade Autónoma de Galicia poida dispoñer destes recursos para afrontar, digamos, os gastos necesarios nos servizos públicos. E aí vannos atopar sempre para iso. E dicir, non hai problema para coincidir nesa posición.

Pero, despois disto, está, digamos, o que está implícito na súas palabras. E o primeiro que está implícito é que é responsabilidade do actual Goberno, e o segundo é que é específico para Galicia, unha especie de España nos rouba, que non é real. Porque saben vostedes ben que isto afecta ao conxunto das comunidades autónomas de réxime común, non hai ningunha conxura contra Galicia, e isto afecta tamén a aquelas comunidades autónomas que están gobernadas polo Partido Socialista. Polo tanto, esa idea que vostede traslada de que hai unha especie de manobra política para prexudicar aquelas comunidades que son doutra cor pois non parece que teña nada que ver, non parece que teña nada que ver.

En relación coas responsabilidades, gustaríame indicar o seguinte. No proxecto de orzamentos xerais do Estado que non foi aprobado e que deu lugar á convocatoria de eleccións para o ano 2019 estaban incluídas unhas previsións orzamentarias que permitirían á Xunta de Galicia, a través das entregas á conta, por riba das que se están producindo actualmente, cumprir coas súas previsións orzamentarias. Isto estaba incluído xa. E o que ocorreu foi que, como esa lei de orzamentos non foi aprobada, pois isto non é posible. O meu grupo no Congreso dos Deputados votou a favor, e creo que o seu, non; polo tanto, os que votaron en contra daquel orzamento provocan estes efectos, provocan estes efectos. Efectivamente, a partir de aí plantéxanos a cuestión de como resolver o financiamento das comunidades autónomas en relación con esa diferenza entre as entregas á conta comunicadas e as entregas á conta que efectivamente se realizan en cumprimento das previsións da lei. Iso temos que resolvelo agora. Vou ir agora a isto.

E en relación co IVE sabe vostede perfectamente que isto foi ocasionado por unha modificación do regulamento do IVE que foi impulsada polo ministro Montoro e apoiada tamén



polo seu grupo parlamentario no Congreso dos Deputados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Xa, xa!, pero esa é a responsabilidade. E sabe tamén vostede que na lei de orzamentos de 2019, non aprobada, había unha solución que permitía resolver este tema para o futuro; polo tanto, había unha solución favorable ás súas pretensións. E de novo foi a non aprobación desa lei de orzamentos o que nos trae a esta situación.

Seguinte pregunta: ¿é posible facelo de acordo co Goberno en funcións? Pois parece que non. Se un le o que di a Lei do Goberno, para o Goberno de España, pois indica xustamente que hai determinadas cousas que están impedidas. Igual que non se pode pretender a substitución do actual xefe do CNI —e non creo que isto non queira facelo o goberno do señor Sánchez— pois tampouco se poden impulsar proxectos de lei, que sería a forma máis sensata de resolver isto. ¿Pode haber outras fórmulas? Parece que os servizos xurídicos do Ministerio indican que non. A ministra —sabe vostede que non só co señor Feijóo senón tamén con outros responsables políticos— indicou a súa vontade de resolver estes dous temas e, polo tanto, non parece que haxa ningún impedimento político. O que hai é un impedimento de carácter legal.

Por iso nós dicimos que a mellor maneira de resolver isto, e, polo tanto, tamén de reclamalo desde aquí, é ter en conta esta circunstancia e pedir que sexa un goberno efectivo unha vez que se produza a investidura de quen sexa —eu non vexo máis alternativa que a do señor Sánchez, pero ao mellor hai algunha outra— e ao goberno efectivo pedirlle que solucione este problema, que eu creo que está non só en condicións, senón querendo facelo. Porque, efectivamente, os ingresos existen, os ingresos van estar nas contas do Estado e os ingresos deberían poder fluír ás comunidades autónomas para que poidan prestarse os servizos que os cidadáns merecen. E nisto estamos de acordo.

En relación cos incentivos, eu creo que o problema é un pouco diferente, e esta diferenza está recollida tamén no feito de que a propia Xunta de Galicia non os orzou. Porque é certo que nesa disposición adicional dos orzamentos de 2018...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor,.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...se establecía unha previsión, que non era obrigación, e se condicionaba, entre outras cousas, a que o Consello de Política Fiscal e Financeira e a Airef pois emitiran un ditame favorable, cousas que non sucederon —ningunha delas—. E, polo tanto, estamos falando dunha posibilidade que non está cifrada en ningunha cantidade concreta —porque non fala de cantidades, esas cifras que vostede cita son un máximo—. A nós parécenos ben este instrumento, pero tamén queremos trasladarlle ao Pleno do Parlamento que se dan estes condicionantes.

Señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Rematou.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bueno, pois rematei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bo día, señorías.

Estamos ante un clásico popular con esta iniciativa, unha iniciativa cínica do Partido Popular que non se lle ocorrería, si, que non se lle ocorrería presentar cando goberna, cando está gobernando no Estado, pero si agora que está na oposición. E agora explicarei a miña afirmación, non se preocupen.

É a dobre cara que amosa o Partido Popular. Cando goberna no Estado está disposto a pasar por unha asfixia social, unha asfixia económica, de Galicia e mesmo do seu autogoberno. Pero despois, cando non goberna, pois hai unha finxida reivindicación de autonomía e de benestar. E dicimos que é finxida porque axiña veñen Casado ou Abascal a cortarlle a lingua ao Partido Popular de Galicia. Vímolos nos últimos meses, cando Feijóo en quince días pasou de autonomista a centralista simplemente porque o chamou a filas o seu xefe Casado para pasear por Colón de ganchete coas tres dereitas.

Ben, non é unha forma de falar isto que estamos dicindo. Poñen xa vostedes na propia exposición de motivos desta iniciativa unha serie de exemplos de incoherencia nesta Cámara ao longo desta mesma lexislatura. Fai falta bastante desmemoria na nosa opinión —ou algo de desmemoria, polo menos— para mentar algúns dos temas sen ruborizarse. Falan vostedes, na exposición de motivos desta iniciativa, da non aprobación do estatuto electointensivo para as empresas electointensivas do noso país. Pois ben, o grupo político de En Marea ao longo desta lexislatura presentou en varias ocasións a mesma iniciativa en relación con este tema, e o Partido Popular variou a súa posición de voto en función de se estaba gobernando no Estado ou se estaba na oposición, e coa mesma iniciativa e coas mesmas palabras; coa variación, única e exclusivamente, da situación no Estado. Por iso falamos de incoherencia. Pero non pasa nada, está aí, no *Diario de Sesións*. E, dentro das posicións que resulten incoherentes, é mellor a posición de rectificación que supoña a defensa dos intereses do noso país, non soamente do emprego de Alcoa senón, e sobre todo, para acabar coas estafas da luz que todas as persoas consumidoras reciben a finais de mes como consecuencia dun prezo que non debería ser ese.

En segundo lugar, falan tamén do traspaso da AP-9. Non fai falta que recordemos aquí como, a pesar da posición unánime desta Cámara durante a última lexislatura e mesmo na anterior, o Partido Popular de Galicia e os seus doce deputados e deputadas votaban outra cousa distinta no Congreso dos Deputados e vetaban en numerosas ocasións o propio debate —xa non dicimos que votaban en contra senón que vetaban o propio debate— sobre o traspaso da AP-9. Polo tanto, claro que estamos no noso dereito a falar de incoherencia e a falar de cinismo neste tipo de posturas.

E podemos afondar tamén noutra que é significativa, das que mentan vostedes na exposición de motivos, que é sen dúbida tamén a da memoria histórica. E xa non o digo polo que tardaron en asumir determinadas situacións senón pola posición que mantén o seu partido nas negociacións con Vox en relación coa propia memoria histórica e en como está cedendo o Partido Popular en materia de memoria histórica ás pretensións da ultradereita de desmemoria e de negacionismo.



Pero neste punto si que temos que loar e, desde logo, recoñecerlles, como Partido Popular de Galicia, que se manteñan nesa posición de defensa da memoria histórica fronte aos seus colegas do ámbito do Estado, que están cedendo posicións ante a ultradereita e ante o negacionismo da barbarie que supuxo o golpe de Estado e posterior ditadura franquista. Polo tanto, tómeno a beneficio de cumprido.

En canto á posición sobre as emendas que achegaron os outros partidos políticos, nós pensamos que, na medida en que afondan na mesma tese, se son acollidas polo Partido Popular, nós tamén a respaldaremos. Se a clave é, tal e como explicaba o BNG, axustar contas cos agravios fiscais e orzamentarios, é xusto o recoñecemento da ampliación das reivindicacións que se fan na emenda. E é xusto recoñecelo precisamente por unha razón: porque durante toda a época, durante todo o mandato, de Mariano Rajoy executouse a metade dos investimentos previstos sen que Feijóo dixese nada. E iso tamén son anais da Cámara. É dicir, deixáronse sen executar orzamentos que estaban previstos para Galicia sen que o Goberno e sen que a maioría Popular presentase ningún tipo de iniciativa neste sentido. É máis, cando foron presentadas iniciativas nese sentido foron tombadas pola maioría Popular. Hai unha incongruencia. Nós preferimos esta segunda posición que a posición anterior.

Se a clave tamén é a defensa do autogoberno, tamén está ben lembrar, en coherencia co que tamén se dixo aquí, que a ausencia dun sistema de financiamento autonómico xusto dá lugar a este tipo de desaxustes.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando xa.

Son consecuencias tamén de non crer firmemente no autogoberno, o que nos podería dar lugar a un sistema diferente de descentralización fiscal que acabase con este tipo de problemas.

Desde En Marea, considerando que a proposta é xusta, e aínda que discrepemos sobre a coherencia ou a incoherencia da exposición de motivos, votaremos a favor desta proposta do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Desde o Grupo Parlamentario Mixto votarán a favor desa proposta.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Estame corrixindo?

O señor PRESIDENTE: Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O de son de Podemos ou son de tal son chascarrillos. Agora, outra cousa é a contestación que a Mesa lle remitiu a vostede. Vostede é «Grupo Parlamentario Mixto», sen apelido, ¡sen apelido! O futuro veremos como vai. Terminou esta cuestión, señor Villares, ¡por favor! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*



Non, retíroa, queda retirada. E chámoo á orde. Grazas por colaborar con isto. *(Murmurios.)*
Eu máis non podoo facer. Síntoo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Bos días tamén a veciños e veciñas de Sada. Aínda que sexan do Partido Popular, un saúdo tamén.

Eu sempre dixen que, cando se botou a Mariano Rajoy do Goberno, tivo moitas cousas positivas. Entre elas está castigar democraticamente a corrupción do Partido Popular, pero outra foi que reactivou o Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia. Foi a partir de aí cando empezou esa dura actividade de facer oposición dende o Parlamento de Galicia ao Goberno do Estado, que nós evidentemente respectamos, e é lexítimo.

Hai un intercambio de papeis co Partido Socialista nalgunhas cuestións que é curioso. O mesmo señor Puy falaba dese ano 2018, cando a situación cun goberno de Mariano Rajoy tamén era algo semellante, porque non se aprobaban os orzamentos e entón había 320 millóns que reclamaba o Partido Socialista de Galicia que se lle tiñan que dar a Galicia. Mesmo o señor Leiceaga lle preguntaba ao señor Feijóo —non era unha iniciativa do Partido Popular de Galicia senón do Partido Socialista de Galicia—, que dicía, entre outras cousas: ¿por que non apoian vostedes os presupostos do señor Rajoy e se soluciona o problema? Agora tamén o señor Leiceaga, indirectamente, lles di que faciliten a gobernabilidade no Estado para que se soluciona o problema. Hai un intercambio de papeis bastante estéril.

O señor Feijóo tamén di que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Podoo dicir cousas moito máis graves. Non se poñan así. *(Fortes murmurios.)* Non sei que van dicir cando empece a subir un pouco o ton. Vai ser imposible falar, tranquilícense un pouco.

Ben, o señor Feijóo dicía que Galicia tiña capacidade financeira suficiente para asumir ese tempo sen eses 320 millóns.

No fondo volvo repetir o que repetiron os compañeiros. Nós non imos actuar como actúa o Partido Popular, en función da cor de quen governe, e imos apoiar esta iniciativa do Partido Popular de Galicia. Porque cae de caixón, claro que son cartos que lle corresponden a Galicia. Non imos actuar coma vostedes.

Na iniciativa —que empezo a dudar que a redactase o señor Puy, non sei— considera o Partido Popular —considera ou reconece— que esta situación é debida á interinidade que se está a producir no Goberno español. Polo tanto, dálle algo a razón ao señor Leiceaga. No principio di: «Porque non hai aínda Goberno, pois estamos sufrindo as consecuencias con eses 700 millóns que non se pagan». Polo tanto, non sei se terá algo de razón o señor Leiceaga cando di que cun goberno en funcións non se pode facer iso.



E despois tamén di: «...e a interesada subordinación da posta en marcha do proceso de investidura ao desenvolvemento de diferentes acordos partidistas». Traducido ao Partido Popular, cando gobernaba Rajoy eran eles os que non podían aprobar os orzamentos e traballar responsablemente para conseguir a gobernabilidade do Estado *mientras los radicales nos impiden eso*. ¿Como van construír vostedes en Madrid a gobernabilidade, señor Puy?, ¿van votar a favor da investidura do señor Sánchez? Porque as contas desexadas para vostedes non se dan. Vostedes non poden formar goberno con VOX porque non lles dan os votos, como lles deron en Andalucía, como lles dan en Madrid e como lles dan en Murcia. Polo tanto, ¿que van facer vostedes —que non utilizan tácticas partidistas para contribuír á gobernabilidade— para que non teñamos os problemas que vostedes explican na súa iniciativa? Claro, cun Goberno con VOX as autonomías estarían moito mellor, os dereitos das mulleres tamén e os colectivos LGTBI moito mellor.

Di a iniciativa tamén que abundan os exemplos de deslealdade deste Goberno con Galicia. Falan da AP-9, da enerxía, do pazo de Meirás... Hai que ter callo para falar disto cando vostedes bloquearon antidemocraticamente en Madrid a transferencia da AP-9 —unha proposición de lei aprobada por unanimidade neste Parlamento, da que xa temos falado moito—, ou cando o portavoz anterior, Rafael Hernando, dicía que estes da memoria histórica só se moven cando hai subvencións.

Fala a iniciativa de que estes impagos mesmo obrigarían á Xunta de Galicia a estudar medidas de restrición de gasto; medidas de restrición de gasto como as que adoptaron en tempos do Goberno de Rajoy, como o atraso da dispensación dos medicamentos para curar a hepatitis C, que foi debido tamén a esas políticas de austeridade que aquí non se cuestionan e que seguen defendendo co acordo do Partido Socialista, esas políticas de austeridade que firmaron os constitucionalistas con nocturnidade e aleivosía aquel 2010 —que para iso si que rapidamente cambiaron a Constitución—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Claro que sería un quebranto, señor Puy —e vou rematando—, pero un quebranto achacable, sobre todo, a un sistema de financiamento autonómico deficiente cuxa reforma é inabordable agora como é inabordable a gobernabilidade no Estado. Porque no fondo hai un problema político que se ten que resolver no Estado español ou con máis democracia e co dereito de autodeterminación dos pobos ou con máis autoritarismo. E ese é o problema, o elefante que non se quere ver no Congreso dos Deputados: que se prefire pactar antes coa extrema dereita, que nega dereitos conseguidos despois de moitos anos de loita, tanto na memoria histórica como nos dereitos das persoas, que con formacións democráticas que defenden lexitimamente a independencia das súas nacións. ¿Por que non se avanzou nin co PSOE nin co Partido Popular na reforma do sistema de financiamento autonómico, señor Puy?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Puy.



O señor PUY FRAGA: Ben, aínda que os grupos teñen unha forma bastante simpática de dicir que unha proposición non de lei está ben, que é criticando duramente o Partido Popular, eu agradezo que a apoien e que estean de acordo con ela.

Señor Villares, señor Sánchez, fundamentalmente isto é a primeira vez que pasa. Non digan que nós non pedimos isto antes, porque é a primeira que pasa que estamos en xullo, que non hai perspectiva de aprobar un orzamento e que a Galicia non lle dan os anticipos á conta que se dixo que lle ían dar. Polo tanto, como é a primeira vez que pasa, e á diferenza do que fixeron outros, que en xaneiro, cando era previsible que houbera orzamentos —como despois houbo no 2018—, xa dicían que había que exixirlle ao Estado o que se lle debía a Galicia —e aínda non se lle debía practicamente—, pois comprenderá vostede que traíamos esta iniciativa.

Xa sabemos que o Grupo de En Marea, o grupo oficial de En Marea, está polo labor de aprobar os orzamentos que lle quitaban a Galicia máis do 30 % ou do 40 % dos investimentos que tiña Galicia. E xa sabemos que iso provocou a primeira escisión do Grupo Parlamentario de En Marea, pero eu prefiro non falar destas cuestións porque é moito máis importante falar do tema da proposición non de lei.

Señora Presas, vostede está de acordo basicamente. Eu agradézollo. Méteme o da dependencia, que esta Cámara xa aprobou varias veces —a petición da dependencia—. Estamos falando dun tema moi concreto, que é a execución do sistema de financiamento autonómico vixente. E despois mete dúas cousas coas que eu non estou de acordo. A primeira é unha reforma da Lei de estabilidade. Eu insisto en que o que aprendemos da crise é precisamente que, se non se teñen unhas mínimas regras de estabilidade orzamentaria, ao final imos cara ao desastre, que foi o que pasou nos anos 2008-2009 na facenda pública española en xeral e na galega en particular. E despois pídeme que apoie unha nova relación co Estado. Non di «cupo» pero é o que vostedes sempre piden. E o cupo si que nos custaría moita fame. Aí si que xogamos coas cousas de comer de verdade: mil millóns de euros menos ao ano, todos os anos, de financiamento para Galicia se se aprobase un sistema como o que vostedes propoñen unha e outra vez e que nós rexeitamos por responsabilidade. Porque eu entendo que vostedes defendan Galicia tanto coma min, pero eu defendo antes o interese e o benestar dos galegos que un concepto de Galicia que nos leva á ruína, como é un sistema como o do cupo. *(Aplausos.)*

En relación co Partido Socialista, non podemos aceptar as emendas, porque nós cuantificamos en 700 millóns de euros e vostedes apenas chegan aos 530; faltan algunhas cantidades, por exemplo os 20 millóns e os 52 millóns respectivamente do Fondo de suficiencia e do de garantía, que na redacción non vén; e basicamente porque estamos de acordo no noso.

O que me plantexa o señor Leiceaga é un contrafactual: media culpa é de que non hai orzamentos. Eu poderíalle plantexar outro contrafactual.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY GFRAGA: ¿Que ocorrería se non houberese aquela moción de censura que botou un goberno que tiña a punto de aprobar os seus orzamentos e que tiña maioría para seguir



gobernando? Pois que non teriamos este problema, porque o Goberno de Mariano Rajoy sempre lle pagou á Comunidade Autónoma o que lle debía.

Decía a señora Presas que estes millóns de compensación ás comunidades cumpridoras foi porque empezaron a condonar ás incumpridoras, cousa que se fixo, entre outras cousas, para axudar a Cataluña e aos nacionalistas que arruinaran a facenda catalá, por solidariedade do resto de España con Cataluña. E, efectivamente, nós demandamos unha compensación. A clave é —dixo vostede— que petaron un pouco e que Rajoy lles fixo caso. Pois, se é tan sinxelo, xuntémonos e pidámoslle...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...ao Partido Socialista que tamén pete un pouquiño na porta do señor Sánchez e que faga as transferencias dos 700 millóns que lle corresponden a Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor,64.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 64 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Mixto nin as do Grupo Parlamentario Socialista.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tello Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 66 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada.*

Si se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Luisa Pierres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural.*

Manifestou que si aceptaba un punto da emenda do Grupo Parlamentario de En Marea como engádega.

A señora PIERRES LÓPEZ: *O terceiro punto acéptase como engádega.*

O señor PRESIDENTE: *Grazas.*

(A señora Cuña Bóveda solicita a palabra.)

¿Si, señora Cuña?

A señora CUÑA BÓVEDA: *Solicitamos a votación por puntos.*



O señor PRESIDENTE: Solicitan a votación por puntos.

¿Aceptalle vostede a votación por puntos?

A señora PIERRES LÓPEZ: Votariamos entón de forma separada o terceiro punto, e o 1 e o 2 tal como están.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos en primeiro lugar, polo tanto, o punto número 3.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto de puntos desta proposición non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 3, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Julia Torregrosa, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non a do Grupo Parlamentario Socialista.

(A señora Torregrosa Sañudo solicita a palabra.)

¿Si? Déanlle voz ao escano da señora Torregrosa.



A señora TORREGROSA SAÑUDO: Aceptamos a votación por puntos que pediu o PSdeG.

O señor PRESIDENTE: ¿Cantos puntos ten a proposición?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Ao final tería como engádega as dúas emendas.

O señor PRESIDENTE: Entón ¿é o último punto do final? Ou sexa, ¿cantos puntos ten a proposición non de lei? (*Murmurios.*) ¿Cantos? Pregunto o número. (*Murmurios.*) ¿Un? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Como di que lle acepta o último punto...

(*Un señor deputado: Tres parágrafos.*)

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Si, tres parágrafos

O señor PRESIDENTE: Entón é un parágrafo. ¡Vale!

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Claro.

O señor PRESIDENTE: Entón acepta o último parágrafo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: As dúas engádegas separadas mais o orixinal.

O señor PRESIDENTE: Vale. Era mellor por puntos. Así era máis fácil.

(*O señor Castiñeira Broz solicita a palabra.*)

O señor PRESIDENTE: Agora a ver que di o señor Castiñeira.

Déanlle voz ao señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Si, sinxelamente é para aclarar, porque en principio non se ían aceptar as emendas. Agora acéptanse e entón creo que debemos explicar o noso voto e a nosa posición.

Aquí hai dúas cuestións. Hai, por un lado, a iniciativa orixinal, coa que, loxicamente, non estamos de acordo baixo ningún concepto. Hai unha iniciativa do BNG que consta de dous puntos. É unha emenda que pasa a ser de engádega. Respecto do primeiro punto por suposto que estamos en contra. Respecto do segundo punto, a emenda do PSOE —que sería de substitución e agora vai de engádega— vén sendo igual que o segundo punto da do BNG, e é o mesmo que o que se acordou e se aprobou no pleno pasado nunha iniciativa deste grupo ao que represento. Polo tanto, a nosa xustificación é que non imos votar eses puntos a favor porque xa están aprobados e xa ten coñecemento deles a Xunta de Galicia.

Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Refundimos.

Entón, señora Torregrosa, ¿vostede que me propón?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: A ver, a primeira sería a resolución nosa, o punto 1. O punto 2 sería a engádega completa do BNG. E o que pediu a señora Pierres é que, en lugar de substitución, puxeramos de engádega tamén a súa. E aceptamos.

O señor PRESIDENTE: Votamos esa transacción que acaba de ler. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

¡Pero é que non hai puntos! A ver, señor Bará, ¿hai puntos ou non? *(Murmurios.)*

Agora hai puntos, ¡vale!

¡A ver, xa me dirán se isto non é un pouco complicado!

Entón, ¿que puntos queren separar —separar, digamos, apartados—? ¿Que apartados quere separar, señora Pierres?

A señora PIERRES LÓPEZ: A nosa polo menos. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón! É que non lle escoito nada. *(Fortes murmurios.)* ¿A unha e a dúas xuntas e a terceira por separado? ¿Iso válelles, señora Pierres? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Queremos votar por separado o parágrafo orixinal, que será o punto 1 da iniciativa.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede iso, señora Torregrosa? Quere votar por separado o parágrafo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón?

Era mellor que puxeran puntos nas seguintes. É moito máis fácil cando poñen puntos, porque isto é unha complicación grande. Agora danse conta. *(Murmurios.)* ¿Si? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale.

Imos votar. Acéptase modificar o parágrafo final.

Señor Castiñeira, ¿entendeu? Modifícase o parágrafo final. ¿Con isto aféctalle a vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non. Entón votamos. *(Murmurios.)*

Votamos tal e como dixo. Claridade ante todo, é mellor que se aclare a Cámara.

Votamos, señor Leiceaga, segundo acordaron, modificando o parágrafo final tal e como propuxo vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso foi o que solicitou vostede. Se non, hai puntos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*



¿Non sería mellor que me falara quen ten a iniciativa? Creo que é o mellor para que eu me aclare, porque, se me falan todos... Señora Torregrosa, por favor, acláreme como debemos votar. Acláreme como debemos votar unha vez que isto quedou, parece ser, constituído en puntos.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Claro, dá igual, é que podemos facer o punto da señora Pierres á parte, se é o que queren, ou o punto noso á parte.

O señor PRESIDENTE: Non, a ver, é que iso non... (*Murmurios.*)

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ¿Non?

Si, o primeiro punto, que é o noso, á parte.

O señor PRESIDENTE: Díganme por puntos. ¿Cantos puntos teñen agora vostedes...?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: O punto orixinal da iniciativa á parte.

O señor PRESIDENTE: Un punto. ¿E que mais? ¿O resto todo xunto?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: A engádega.

O señor PRESIDENTE: Pois é o que estaba dicindo o señor Cal dende o principio e non lle valía.

Entón, votamos, en primeiro lugar, o punto número 1. E o resto dos puntos despois.

Votamos o punto número 1. ¡Miren que lle demos voltas!

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto do texto.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto dos puntos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 1, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Quinteiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para asistencia dos seus membros ás touradas. Perdón, foi iniciativa do señor Marcos Cal.

Hai unha transacción, que a teño por aquí. Esta é máis fácil de ler. ¡Atentos á transacción, por favor! A transacción que propoñen di que se mantén a parte resolutiva, cunha engádega do BNG na primeira parte. E ademais un texto que é: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover unha lei que prohiba as touradas por ser un espectáculo de maltrato animal e alleo á tradición galega». E engade esa emenda do PSdeG.

Isto é o que nos pasou. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, déanlle voz ao escano do señor Cal.

O señor CAL OGANDO: O texto que leu vostede é a primeira parte da emenda do BNG. Sería a primeira parte.

O señor PRESIDENTE: É mellor por puntos. Por favor, se puxeran puntos, isto sería moito máis sinxelo. ¡Si, home, si!, por puntos, 1, 2, 3, 4... E transaccionan os puntos. É moito máis sinxelo, o 1, 2, 3, 4... Así é un pequeno follón: «Cámbiame un texto», «cámbiame unha coma...» Así é moi complicado, é moi difícil.

Entón, ¿como queda, ao final, o asunto?

Déanlle voz ao escano do señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Se lle parece, señor presidente, facemos tres puntos. O primeiro punto sería a nosa proposta; o segundo punto sería a parte da engádega do BNG; e o terceiro punto sería a proposta do PSdeG. E aceptamos a votación por puntos que nos pide o PSdeG.

O señor PRESIDENTE: Moi ben. ¿Todos por separado? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, ¿o número 2 por separado? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 2, que é a emenda do BNG.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 2, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán, sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños.

Non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 66 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado del Río, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para este ano.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno



central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e suspendemos a sesión ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 5 da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, pasaron xa dez anos desde que no 2008-2009 estouraran diversas burbullas inmobiliarias e se iniciara desa forma un período de profundas transformacións no sistema financeiro, unha década caracterizada por unha intensa crise e tamén por movementos que fixeron cambios na súa composición e na súa función. E desde calquera punto de vista podemos dicir que pouco teñen que ver as entidades financeiras de hoxe coas daquela, e tamén que quedou demostrado o fracaso das regulacións internacionais e estatais.

Esta década, que coincidiu ademais coa década Feijóo, caracterizouse tamén polo silencio cómplice do Goberno da Xunta de Galiza, un goberno que permitiu e alentou tamén a desaparición do músculo financeiro deste país.

E hoxe podemos preguntarnos —pasado este tempo— cal é o balance de Núñez Feijóo á fronte desta situación. E a verdade é que é francamente desolador. En primeiro lugar, podemos recordar como con silencio o Goberno se aliñou do lado desas medidas de reestruturación bancaria que pactaron no ámbito do Estado o Partido Popular e o Partido Socialista, que, lonxe de ser a solución, supuxeron novos problemas. Pois aos problemas da falta de regulación e da falta de control o que se ofreceu foi precisamente máis desregulación e menos control por parte dos poderes públicos. E isto ao señor Feijóo pareceulle estupendo.



En segundo lugar, temos que recordar tamén que foi parte responsable dese proceso de bancarización e privatización das caixas galegas. Hoxe hai aínda moitas cousas que non sabemos. De feito, temos neste Parlamento unha comisión de investigación conxelada e paralizada polo Partido Popular, que lles nega a verdade aos galegos e ás galegas. Pero o que si sabemos é que foi unha venda escandalosa, e que se regalou a prezo de saldo a capital venezolano. Pese a que fora rescatada con máis de 9.000 millóns de euros, vendeuse só por 1.000 millóns de euros, que se recuperaron tan só cos beneficios do primeiro ano. ¡Vaia negocio! A verdade é que poden estar vostedes orgullosos, señor conselleiro.

En terceiro lugar, temos que recordar tamén que o saldo destes dez anos nos deixa, por unha banda, a perda definitiva da galeguidade do noso tecido financeiro. Hoxe podemos dicir, por exemplo, que non hai un só banco con capacidade de decisión desde Galiza. E, por outra banda, tamén os niveis de concentración bancaria quedan disparados. Son hoxe en día superiores os galegos aos de calquera media estatal ou europea.

Este, en suma, señor conselleiro, é o saldo dun fracaso que tivo moitos episodios. Recordemos que no 2012 culminou a absorción do Banco Pastor por parte do Popular, refundado novamente como filial; no 2013 o Sabadell absorbeu o Banco Gallego; e no 2017 houbo ese chanzo definitivo no que puidemos ver que, polo prezo dun café con leite, o Banco Popular era comprado polo Santander —á súa vez, hai que recordar que ese banco xa absorbera o Pastor—.

Advertimos tamén daquela que as consecuencias destes movementos habían ser longas. E hoxe, dous anos despois, aínda esta mañá se concentraban traballadores e traballadoras que van ser despedidos, afectadas e afectados por un ERE que supón o despedimento de case 300 empregos no noso país e o peche de oficinas dunha entidade que obtén beneficios multimillonarios.

En resumidas contas, señor conselleiro, o balance desta década Feijóo en termos de saúde financeira, baixo o noso punto de vista, demostra, primeiro, a absoluta inutilidade deste Goberno para defender os intereses do país e tamén das persoas consumidoras; o fracaso, en segundo lugar, dese proceso de reestruturación bancaria, esa estafa que nos custou máis de 64.000 millóns de euros dos que non imos recuperar a totalidade; e tamén, en terceiro lugar, pois un resultado, en conclusión, de debilidade financeira que nos afecta, que afecta o tecido produtivo deste país e afecta tamén as persoas consumidoras, abonda ver a evolución do crédito tamén.

E con este sistema, en resumidas contas, o país perde, e perden as e os consumidores. Hoxe precisamente queríamos centrarnos no referido á radiografía e ao balance que podemos facer, efectivamente, da política de protección das persoas consumidoras e tamén do seu acceso aos servizos financeiros. É un acceso cada vez máis difícil porque hai que ter en conta, por unha banda, o fracaso do marco legal de protección e a inacción da Xunta de Galiza —que eu quero recordar que ten competencias exclusivas en materia de comercio e consumo—; e, por outra banda, o peche de oficinas, o que supón perda de emprego pero tamén un aumento da vulnerabilidade das persoas consumidoras e da exclusión social.

Centrareime, en primeiro lugar, no referido ao fracaso desa política de protección e á inacción da Xunta de Galiza.



É obvio que nos últimos anos todos e todas puidemos asistir a eses escándalos do sector financeiro mediante prácticas abusivas, cláusulas opacas e produtos complexos. Recordamos neste país todo o vivido coas preferentes, pero tamén, máis recentemente, coas cláusulas chan, co caso dunhas partes das accións do Pastor e posteriores bonos do Santander; e incluso con espectáculos bochornosos de conivencia entre poderes —que deberían estar separados— co acontecido co imposto das hipotecas, e un longo etcétera.

Froito tamén da mobilización social e da presión política é certo que se deron pasos para avanzar na regulación e na protección tanto por parte de institucións europeas como estatais, e tomaron medidas. As galegas a verdade é que, máis alá de medidas de apoio, salientaron pola súa falta de ambición. Pero a día de hoxe tamén podemos concluír que isto foi absolutamente insuficiente. Esta é unha conclusión que se tira de forma doada vendo o grao de litixiosidade que aínda existe a día de hoxe, ou as conclusións que as propias asociacións de consumidores ou incluso entidades como o Defensor del Pueblo transmiten.

Un exemplo disto é o acontecido co Código de boas prácticas. Nós xa fomos críticos e críticas cando este código viu a luz, porque entendiamos que a voluntariedade implicaba a lasitude xa de partida. Pero a día de hoxe, vendo os últimos informes, pois crecen as reclamacións, diminúen as solicitudes desde Galiza, diminúen tamén as accións sen pagamento e as reestruturacións de débeda. E isto demostra que non funciona. E o propio Banco de España alertou de incumprimentos e mesmo iniciou procesos de sanción a entidades polo seu incumprimento.

E, mentres, non sabemos cal é a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento ou non do Código de boas prácticas. Limitábase a ser mero espectador e non sabemos o que opina do asunto.

Tamén poderíamos falar do que supuxo —ou, máis ben, do que non supuxo— a transposición da MiFID II, esa transposición que o Goberno Rajoy retrasou e que foi mesmo obxecto de reclamacións xudiciais no ámbito europeo. Pero o certo é que hoxe en día podemos testar no territorio que o impacto dos activos tóxicos continúa, que cada vez as entidades son máis colocadoras de produtos, debido á concentración bancaria, do que fornecedoras de crédito, como hai uns anos. E, polo tanto, observamos con preocupación que disto tampouco a Xunta de Galiza nada ten que dicir aparentemente. Non hai un incremento de recursos para vixiar esta cuestión, non hai un incremento de medidas de educación financeira. E temos, en resumidas contas, un Instituto Galego de Consumo que fai un traballo bo, que nós valoramos positivamente, pero que cremos que está absolutamente infradotado e infradesenvolvido, como infradesenvolvida está tamén a nosa normativa en materia de consumo.

E esta situación que estamos a relatar entendemos que se agrava ademais por un fenómeno crecente, que é o peche de oficinas. Iso —como digo— supón perda de emprego —máis de 5.000 empregos na banca na última década—. Pero supón tamén unha consecuencia inmediata: non só esa perda de emprego —que, ademais, cada vez se está precarizando máis o emprego no sector da banca e iso introduce novos problemas— senón que aumentan as condicións obxectivas que poden favorecer un aumento da vulnerabilidade das persoas consumidoras e tamén da exclusión financeira. Porque isto reduce a capacidade de atención



presencial e reduce tamén —esa precarización— a súa calidade. Hai que recordar que Galiza perdeu o 40 % das entidades bancarias desde o 2008 e que isto o di o propio Banco de España, que tamén nos informa de que hai 41 concellos neste país que non teñen ningunha entidade bancaria. Isto é problemático. Trouxémolo moitas veces a este Parlamento, debatemos en numerosas ocasións sobre este asunto, e a verdade é que o Partido Popular estaba instalado na negación inicialmente. Dicían que coa cuestión da dixitalización isto se resolvería. É certo que hai unha parte que se pode ir resolvendo por medio da dixitalización. Pero non son menos certas —debatíamolo onte tamén ao fío da Lei da administración dixital— as dificultades de acceso á Internet que temos no noso territorio, unhas dificultades que nalgúns casos se deben a unha falta de alfabetización dixital, que tamén hai que ter en conta. E tamén temos que dicir que isto non substitúe o asesoramento presencial.

Polo tanto, esta cuestión preocúpanos e estamos un pouco estupefactas, porque pasamos de ver como o Goberno galego non facía nada a como fai algo que, baixo o noso punto de vista, non ten demasiado sentido. Viamos hai poucos días que no Consello da Xunta vostedes dicían que, bueno, que a solución a que as entidades bancarias multimillonarias —eu quero recordar que, por exemplo, Abanca, que é maioritaria no noso país, tivo 430 millóns de beneficios netos en 2018, a cifra máis alta da historia—, que a solución a que estas entidades...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pechen oficinas e pechen caixeiros, é que a Xunta de Galiza queira pagarlos con cartos públicos. (*Aplausos.*) Porque debe parecerlle que 9.000 millóns de euros de rescate é pouco. (*Aplausos.*)

En fin, señor conselleiro, na diagnose dunha parte dos problemas creo que poderemos coincidir, pero queremos abrir hoxe tamén un debate sobre cales teñen que ser as alternativas diante dunha preocupación, que é que a deficiencia na protección ás e aos consumidores deste país continúa e que vostedes continúan mirando unha vez máis cara a outro lado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, lamentable, (*Risos.*) lamentable a intervención que vén de facer neste Parlamento, (*Murmurios.*) que só sería útil para trasladarlles a alumnos de ciencias políticas o que non debe facer nunca un parlamentario nun parlamento, ¡nunca! (*Fortes murmurios.*)

Señora Presas, só se pode interpretar a súa intervención de dúas formas: ou ten mala fe ou ten un descoñecemento absoluto do funcionamento do sistema financeiro en España e na Unión Europea. Paréceme lamentable que vostede veña aquí a confundir e que pretenda vin-



cular a actuación dun goberno de calquera comunidade autónoma en España co funcionamento do sistema bancario español e europeo. (*Murmurios.*) E iso, señora Presas, é simplemente un síntoma de que vostede ou ten mala fe porque quere confundir os cidadáns galegos ou de que simplemente non ten ningún tipo de coñecemento sobre o tema do que está a falar. (*Aplausos.*)

Vostede sabe perfectamente que a regulación do sistema financeiro é unha competencia estatal e europea —sábeo— e que, polo tanto, tanto o Banco de España como a Comisión Nacional do Mercado de Valores son os que teñen atribuídos en España o control e a supervisión das entidades e dos produtos financeiros. Con isto xa ten unha emenda á totalidade a toda a súa intervención, señora Presas, a toda. E paréceme lamentable que vostede veña aquí a pretender vincular a actuación da Xunta de Galicia coa actuación que nas súas competencias ten o Goberno de España e o Goberno da Unión Europea. Se quere falar con coñecemento de causa, polo menos debería falar da realidade e, polo tanto, a partir de aí non sacar ningún tipo de conclusións que simplemente pretenden confundir e que pretenden vincular a actuación dun goberno da Xunta de Galicia coas competencias que se teñen, a nivel nacional e a nivel europeo neste caso, sobre o sistema financeiro.

Polo tanto, señora Presas, lamentablemente a súa intervención, como lle veño de dicir, non ten ningún tipo de validez. Seguramente vostede —e ten moitas referencias e tivo moitas referencias no seu partido político— pretende instaurar aquí en España, ou na Unión Europea, os modelos do sistema financeiro de Venezuela, por exemplo, porque non é a primeira vez que trasladan esa idea. (*Murmurios.*) Pois trasládolle que claramente este Goberno non participa desa vocación. A súa intervención, dende logo, si é digna de calquera tipo de goberno populista, pero non ten cabida nun parlamento democrático como é o galego e como é o español.

Fálame vostede do Instituto Galego do Consumo e da Competencia. Vostede sabe perfectamente, perfectamente, que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten unicamente a capacidade para asesorar sobre o procedemento que está regulado para os clientes bancarios. Porque sabe perfectamente que, cando un consumidor ten que presentar unha reclamación dende o punto de vista bancario, tena que presentar na propia entidade financeira e que, no seu caso, é o Banco de España o que ten as competencias para defender os consumidores en calquera tipo de actuación vinculada co sistema financeiro. En ningún caso —reitero, en ningún caso— ten as competencias o Instituto Galego do Consumo nin ningún instituto do consumo en España. Polo tanto, sabe que as reclamacións ante os servizos ou os departamentos defensores do cliente nas entidades son o ámbito de actuación que teñen os consumidores. E se non se contesta nos prazos debidos, ten que ser o Banco de España o que resolva esa situación. Sábeo perfectamente. ¿Por que quere confundir? ¿Por que? ¿Que interese escuro a leva a pretender confundir os galegos? Seguramente se tivera un maior coñecemento do funcionamento do sistema non caería nestes erros conceptuais, que, salvo que teña mala fe, non teñen outro tipo de explicación.

Fálame vostede do Código de boas prácticas. Por certo, código que foi aprobado por un goberno do Partido Popular. Se non o sabía, foi o goberno de Mariano Rajoy o que aprobou este Código de boas prácticas para as débedas hipotecarias sobre a vivenda habitual. E sabe per-



fectamente que este real decreto prevé o control, o seguimento e a supervisión do cumprimento que realice unha comisión que está constituída para tal efecto. Voulle recordar os membros desa comisión, que parece que vostede obvia ou que vostede non quere trasladar aquí. Participan o Ministerio de Economía, o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, un xuíz designado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, un secretario xudicial designado polo Ministerio de Xustiza, un notario designado polo Consello Xeral do Notariado, un representante do Instituto Nacional de Estatística, outro da Asociación Hipotecaria Española, un representante do Consello Nacional de Consumidores e Usuarios e dous de asociacións que realicen labores de acollida. Eses son os membros encargados desa comisión de seguimento do Código de boas prácticas, que, como vostede comprenderá, teñen que actuar e remitir toda a información á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso. Creo que non vería aí ningún representante de ningunha comunidade autónoma, porque non temos, simplemente, as competencias. E cando un non ten as competencias, lóxicamente non pode participar niso, o cal non quita que o Instituto Galego do Consumo actúe en defensa dos consumidores.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia claro que informa, claro que asesora e claro que resolve os conflitos dentro do ámbito das súas competencias. E claro que, cando lle foi requirido, actuamos de forma adicional e de forma intensiva para solucionar as dúbidas dos galegos cando xurdiron temas financeiros. Refírome, de forma concreta, ás preferentes. E remítome, tamén de forma concreta, ás actuacións que tivo que desenvolver o Instituto Galego do Consumo para informar e para asesorar no caso das cláusulas chan. Claro que actuou o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, porque esa é unha responsabilidade de informar e de asesorar; cuestión distinta é que teña as competencias de cara ao procedemento de tramitación das mesmas. Fixémolo no ano 2012 coas preferentes creando un procedemento de arbitraje gratuíto copiado no resto de España. E fixémolo tamén, señora Presas, no ano 2016 coas cláusulas chan, sendo tamén pioneiros na posta en marcha dun programa de información e de formación.

En definitiva, señoría, remítase, por favor, a trasladar cun mínimo de coñecemento de causa aquelas cuestións que vostede considere oportunas. Pero sabe perfectamente que as competencias en materia de funcionamento, de supervisión e de control do sistema financeiro as ten España e a Unión Europea, e en ningún caso a Comunidade Autónoma.

Xa vexo que iso non lle importa. Pero o que si debería de importarlle é non confundir os galegos e non vincular en ningún momento o Goberno desta Xunta de Galicia coas competencias que non lle están asignadas. Polo tanto, o que si facemos é defender os consumidores e defender os galegos cando hai temas que levan á confusión. Incluso, polo que vexo, temos tamén que defendelos das posicións do Bloque Nacionalista Galego cando pretende vir a este Parlamento a confundir a xente.

Eu o único que lle pediría é que actuara cun pouquiño de responsabilidade, cun pouquiño, señora Presas, e que fuxa de debates confusos que non conducen a nada. Dende logo, o único que está buscando é reivindicar o separatismo do Bloque Nacionalista Galego, seguramente porque vostedes pretenden instaurar en Galicia sistemas financeiros como os que existen en Venezuela. (*Murmurios.*) Pero ese, dende logo, non é nin o sistema financeiro que temos



en España nin o sistema financeiro que temos na Unión Europea. E, lamentablemente, con esas posicións o único que están intentando é confundir os galegos. E os galegos, dende logo, non merecen este tipo de intervencións.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Conde, ¡de verdade está vostede para falar de Venezuela, eh! (*Aplausos.*) Vostedes, os que regalaron as caixas deste país a capital venezolano por unha ridiculez que se recuperou en beneficios no primeiro ano despois da venda, os mesmos que teñen esa comisión de investigación conxelada —perdón, arrefriada— no Parlamento galego, están para falar de Venezuela e de respecto a este Parlamento e aos galegos e galegas —díxolle o pote ao caldeiro—. (*Aplausos.*)

Ben, parece que nos convidou vostede, señor Conde, a que teñamos que elixir no BNG se estamos instalados na mala fe ou na estupidez. Eu dígolle que en ningunha das dúas cousas, en ningunha das dúas cousas, non se preocupe.

Logo tamén dixo «interese escuro», que había un interese escuro, que non sabía vostede cal era o noso interese escuro, que o Goberno galego non tiña nada que ver co sistema financeiro. Eu non sei entón por que temos tantas probas gráficas do señor Núñez Feijóo cos directivos das caixas. (*Aplausos.*) Absolutamente nada ten que ver, seica, o Goberno galego co sistema financeiro. Claro, debe de ser este un deses aspectos nos que, malia que agora se volveron vostedes case independentistas co cambio do Goberno central, decidiron non ter opinión. Noutras cousas de repente teñen opinión, pero nisto non.

Mire, señor Conde, de verdade que eu si que lle presumo mala fe, porque, como lle presumo xa de por si moitos coñecementos, si que lle presumo mala fe. Porque é que vén vostede a escudarse aquí en que a competencia é estatal e europea, e parece que acaba de descubrir que estas cuestións afectan o noso país e acaba de descubrir tamén que desde o BNG, efectivamente, somos nacionalistas e reclamamos que Galiza teña voz e teña acción tamén respecto de todas esas cuestións. Efectivamente, reclamamos que debemos ter capacidade de opinar e tamén de decidir e de actuar de interlocutores diante destas cuestións que afectan os galegos e galegas, como é o medre de activos tóxicos, como é todo ese tipo de calotes bancarios ou como é que a acción e a omisión do Goberno galego teña debilitado o músculo financeiro deste país ata estar nunha posición case extenuada. É vostede tamén o máximo responsable político en materia económica. Debería preocuparlle un pouco iso, porque sabe que, efectivamente, o impulso industrial deste país estará hipotecado mentres estas sexan as condicións.

Tamén algo terá que dicir de toda esta normativa que nos afecta, da MiFID II, por exemplo, á que vostede non fixo mención. Claro, debe ser porque tampouco, cando se tramitou no



Congreso, os seus deputados dixeron nada. Pero, desde logo, iso aféctanos e de forma moi importante.

A min o que me preocupa, claro, é que se fale aquí do Instituto Galego do Consumo e que, non sei, pouco menos xa nos digan que é un obxecto decorativo, que non pode facer nada. Eu non sei se non será vostede quen non leu o DOG, o decreto que o impulsa e a Lei de consumo galega. (*Aplausos.*) Porque ten competencias en asesoramento e ten competencias tamén en investigación. Aquí ninguén falou de que leven ningún proceso xudicial. Agora, tamén nós defendemos que o idóneo sería que se implicara en buscar resolucións non xudiciais a esas cuestións, como se fixo nas preferentes grazas á presión social e que vostedes non quixeron facer no caso das cláusulas chan.

Tamén sobre a cuestión do Código de boas prácticas eu creo que, para ter vostede tanto rigor, non estivo atento. Porque eu falei precisamente dos datos que nos dá esa comisión de seguimento que hai de ámbito estatal, pero tamén lle dixen que ese código naceu fallido, xa naceu fallido porque non se obriga as entidades a aplicalo. E de aí que as propias que voluntariamente, por cuestión cosmética, se adhiren a el estean a ser sancionadas polo Banco de España. Algo terá que dicir o Goberno galego, algo terá que dicir, se botan un galego ou galega da súa casa incumprindo ese Código de boas prácticas, algo terá que dicir a Xunta de Galiza e algo terá que propoñer, en nome dos galegos e galegas, para que esas cuestións non acontezan, señor Conde. Polo tanto, vostede debería de ter opinión tamén sobre esta cuestión.

E, por último, porque son moitas cuestións, tampouco fixo vostede ningunha alusión á repercusión que están tendo na calidade da atención financeira dos galegos e galegas as decisións que está tomando a banca, que está pechando entidades financeiras por buscar o máximo beneficio mentres está deixando desatendidos moitos sitios. Sabe vostede que a principal cuestión e máis problemática de que isto aconteza é, por unha banda, esa atención personalizada, e, por outra banda, algo que é evidente: que cando pechan entidades bancarias adoitan pechar tamén eses caixeiros que se atopan nas súas instalacións e, polo tanto, hai un problema no acceso ao crédito, no acceso ao efectivo. E sabe que maioritariamente, segundo a propia enquisa do Banco de España, as e os galegos, igual que no resto do Estado, prefiren aínda —un 53 %— a forma de pagamento en efectivo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E, polo tanto, diante diso, a solución máxica non é que a Xunta pase do negacionismo a dicir: ¡Oh, si!, é necesario que haxa un caixeiro en cada concello polo menos, e imos pagalo cos cartos dos galegos e galegas. Esa non é a cuestión, señor Conde. Terán que impulsar vostedes algún tipo de negociación con esas entidades bancarias, coas que tantas fotos se sacan, para que iso non aconteza e iso non nos custe diñeiro.

En resumidas contas, son moitos os retos de como esta nova forma de relación das entidades bancarias afecta os galegos e as galegas, desde a cuestión máis cotiá da nosa vida, que é sacar cartos para comprar unha barra de pan, a outras moito máis complexas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E o que é lamentable, o que é verdadeiramente lamentable, é que haxa un goberno que vén aquí vestido de oposición da oposición a facer o seu paripé en lugar de traer...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha soa alternativa a esta situación.

Traémola nós na nosa moción. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Imos clarexar que o conselleiro non utilizou a palabra «estupidez». *(Murmurios.)* ¡Si, si, ímolo clarexar, porque, se utilizara a palabra «estupidez», eu tería que retirala! Eu entendínlle que falou de mala fe e de confusión. De confusión, de tratar de confundir, non de estupidez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, dixo que dixera estupideces. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, estupidez, vostede mencionou desde aquí a palabra «estupidez». Non, non, estupidez, vostede mencionou desde aquí a palabra «estupidez». Vamos deixar a cousa aí. *(Protestas.)* Si, oíña eu, acabo de oíña eu. Por favor, acabo de oíña eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, referíndose a que o conselleiro falou de que vostedes dicían estupideces. *(Murmurios.)* ¡Xa está! *(Murmurios.)* Non, quedou clarexado este asunto. Está clarexado para min. Non lle vou dar a palabra.

Ten a réplica o conselleiro. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Pontón Mondelo solicita a palabra.)*

Non, non lla vou dar. Pide a palabra, pero ¿con base en que artigo pide a palabra? *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non estou corrixindo a... *(Fortes murmurios.)* Perdón, non, non... Falando enténdese a xente. Non estou corrixindo a ninguén. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois entón están entendendo mal.

Cando vostede falou dende a tribuna, vostede fixo unha mención a que o conselleiro dixera que se vostedes dicían estupideces... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu entendín iso. E eu o que lle dixen é que non se mencionara nunca a palabra «estupidez».

Ben, quedou aí, non se mencionou «estupidez» e punto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, con base no sentido común. *(Fortes murmurios.)* Con base no artigo do sentido común de corrixir iso. *(Fortes murmurios.)*

Turno de peche.

¡Silencio, por favor! Por favor, a cousa non vai a maiores. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señores, por favor, non é cousa de «¿con base en que artigos?», é con base no sentido común. ¡Punto! ¡Acabou! *(Murmurios.)*

Señor conselleiro.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, un gran exemplo da política que vostedes están intentando trasladar a este país é un separatismo que é anacrónico, (*Murmurios.*) e que, lamentablemente... (*Murmurios.*) E non forma parte das iniciativas políticas nin deste Goberno nin tampouco da maioría dos galegos e das galegas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Efectivamente, señora Presas, á diferenza do Bloque Nacionalista Galego, o Goberno de Galicia e, como lle dicía, a maioría dos galegos e das galegas sentímonos cómodos en España e sentímonos cómodos en Europa. Vemos claramente que vostedes non se senten cómodos. Pero, independentemente das discrepancias políticas, nós intentamos defender os intereses de Galicia. E nós compartimos o proxecto europeo, compartimos o proxecto europeo de convivencia en común co resto dos países membros da Unión, onde pertencemos a un mercado único que ten regras en común e que esas regras nos están permitindo vivir en convivencia.

E, dende o punto de vista financeiro, esas competencias están —como ben sabe— no eido da Unión Europea e tamén no eido estatal. Por iso, señora Presas, cando vostede me fala de regulación financeira e pretende vincular regulación financeira con Xunta de Galicia realmente ou ten mala fe ou ten descoñecemento da materia. Vostede saberá onde pretende situarse.

En calquera caso, vostede, na súa interpelación, plantexa o funcionamento do sistema financeiro e sabe perfectamente que iso non é un asunto de consumo, e volve pretender confundir novamente coa súa intervención. Eu faciliteille a información sobre o Código de boas prácticas —que, por certo, foi aprobado, como xa lle trasladei, no Congreso por iniciativa do Partido Popular—. E expliqueille tamén o que vostede xa sabe: que a Xunta de Galicia e que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia están sempre defendendo os dereitos dos consumidores, os dereitos dos galegos e das galegas. Por iso —trasladándolle datos—, no ano 2018 atendéronse 714 consultas vinculadas co sector financeiro.

Señora Presas, claro que o Instituto Galego do Consumo informa, asesora e orienta os consumidores galegos, aínda que esas reclamacións teñan que canalizarse a través do Banco de España. Estamos asesorando sobre ese procedemento e estamos actuando en todos os casos nos que o Instituto ten competencia, e tamén naqueles que loxicamente permiten asesorar sobre os diferentes procedementos.

Pídeme vostede datos do Código de boas prácticas. Claro que estamos actuando. Sabe que hai 93 entidades adheridas que tramitan esas solicitudes. E debería saber —e seguramente debería trasladar eses datos— que o balance da actuación desa comisión son máis de 54.000 operacións realizadas —¡54.000, señora Presas!—, das cales 46.827 finalizaron cunha reestruturación de débeda pendente; 10, cunha quita; e preto de 8.000, con acordo de dación de pago.



Fálame vostede da transposición da directiva que regula os mercados de instrumentos financeiros. Sabe que se traspuxo a través do Real decreto lei 14/2018. E sabe que foi validado no Congreso dos Deputados con 270 votos a favor. Non sei por que pretende tamén trasladar confusión sobre o apoio que esta transposición tivo por parte dos diferentes grupos parlamentarios.

En definitiva, señora Presas, se quere falar de instrumentos financeiros, falemos. Pero falemos sabendo quen ten as competencias e sabendo perfectamente tamén quen está defendendo os consumidores. As competencias da regulación, da supervisión e do control son de ámbito nacional e de ámbito europeo. E sabe tamén que os consumidores teñen no Banco de España o instrumento para defender os seus intereses. E o Instituto Galego do Consumo e da Competencia estará, como estivo e está, presente para defender os intereses informando, asesorando e orientando os consumidores naqueles casos que precisen da súa orientación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a xestión de Xóvenes Agricultores

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Volvemos preguntarlle sobre Juan Pérez Miramontes porque, a pesar da súa resposta cando viñemos facerlle a anterior pregunta, cremos que si teñen que dar moitas explicacións con este tema, non unha soa senón moitas. Nin o Partido Popular é un partido calquera, é o partido do Goberno —o único partido do Goberno—, nin Miramontes pode entenderse como un particular, como dixo vostede na súa intervención. Miramontes é o ex-presidente dun sindicato agrario que recibiu moitos cartos públicos da Xunta de Galicia mentres vostedes gobernaban. E, ademais, Miramontes, evidentemente, ten unha vinculación evidente co seu partido. As mostras disto son públicas, están documentadas. Hai moitas fotos dos paseos en barco que facía Mariano Rajoy, que facía Ana Pastor, que facían moitos outros dirixentes. Tamén hai moitas novas que falan do gran mitin que lle organizou a Fraga. E, como digo, sobre todo tamén recibiu moito diñeiro público, fixo uso indebido dese diñeiro público e vostedes miraron sistematicamente para outro lado, coma se non fora con vostedes.

O tema máis actual, e do que tamén lle queremos preguntar en primeiro lugar, a pesar de que non nos quixo contestar, é que sabe que Miramontes foi detido recentemente por suposto financiamento dunha rede de trata de explotación sexual de mulleres. A maiores, coñecemos que esta rede lle roubou un bebé a unha das mulleres para dalo en adopción ilegal. E volvemos preguntarlle, porque vostedes teñen que desmarcarse. O único que sabemos ata o día de agora sobre a opinión do Goberno galego con este tema é que o señor presidente lle desexou sorte a este home e non dixo absolutamente nada máis. Dixo que non lle preocupaba en absoluto.



Para nós estas declaracións son intolerables, son unha falta de respecto para todas as mulleres. E entendemos que teñen que rectificar. E nós queremos que hoxe nos responda se vostede concorda con estas palabras. ¿Vaille desexar sorte vostede tamén ao señor Miramontes? Coas vinculacións evidentes que existen, e cun tema tan grave coma este, nós entendemos que, dicindo que non lles preocupa en absoluto, deixan moi claras cales son as súas prioridades.

Por outra parte, xa tiveron moitas outras ocasións de desmarcarse de Miramontes. Porque non é a primeira vez que este home é noticia. Xa hai moitos anos era noticia pola utilización indebida das subvencións que recibía por parte da Xunta de Galicia. E non o dicimos nós. O propio Consello de Contas deixouno moi claro: non respectou os procesos e ademais inflou os custos dalgúns dos inmobles que se adquiriron —o Consello de Contas foi moi claro—; o que fixo foi avalar un crédito privado co patrimonio que é de todas, co patrimonio público da Xunta. E a Xunta naquel momento volveu mirar para outro lado —e tampouco o dicimos nós, tamén o di o Consello de Contas—, porque naquel momento vostedes dixeron que non tiñan coñecemento da vinculación destes inmobles co ex-presidente. É mentira, sabíano perfectamente. Recibiran a notificación e non fixeron absolutamente nada. Non é algo illado tampouco o dos locais, o propio Miramontes afirmaba que a contratación de empresas de familiares e amigos se facía, que non tiña nada de malo porque era mellor meter na casa a coñecidos.

E mentres se facían todas estas declaracións —que nin sequera ocultaba—, vostedes continuaban dándolle diñeiro público sen ningún tipo de control. Tamén era denunciado por impagos, e tivo moitísimas denuncias laborais, mentres facía ostentación de todo o seu diñeiro, coches, iate, e moitas outras cuestións. E vostedes, mentres miraban todos estes indicios, non fixeron absolutamente nada.

Recentemente, o presidente Feijóo dixo que, se houbera indicios de irregularidades, estaría disposto a abrir unha investigación e realizar as auditorías necesarias. Eu creo que é evidente que xa son máis que indicios, e entón tamén queremos preguntarlle se desta volta van abrir algunha investigación, se van analizar como se realizaron estas subvencións e para que utilizaron estas subvencións —que xa está constatado polo propio Consello de Contas, porque os locais sabe perfectamente que non se utilizaron para uso agrario, como recollía o convenio— ou se realmente non van facer nada. Se realmente non teñen nada que ocultar, se realmente tanta transparencia queren demostrar, pois ben, demóstrano, veñan aquí e dean conta sobre todas as subvencións, especificadas ano por ano.

E temos que dicirlle que esperamos que hoxe sexa un pouco máis rigoroso na súa intervención. Porque o outro día —non só na súa intervención— tamén colgaron na propia *web* da súa consellaría unha nota de prensa falando da pregunta, que é un procedemento pouco habitual pero deben de estar moi preocupados por vender o seu relato. Eu pediríalle que sexa un pouco rigoroso, sen mesturar todos os temas, porque nós lle preguntabamos por un sindicato no que existen irregularidades. Falar do resto de sindicatos falamos cando queira vostede, pero non era o asunto da pregunta. Porque no resto de sindicatos non existían indicios de irregularidades, por iso lle preguntabamos por Xóvenes Agricultores. Pediríámoslle que hoxe se cinga á cuestión, porque cremos que utiliza iso para escapar e para que pase o tempo e non contestar ás preguntas que lle formulamos.



Mesturou tamén ao facer coma que son o mesmo os convenios que asinaron estes sindicatos durante o Bipartito con cesión de locais que sabe perfectamente que eran locais que eran patrimonio que tiñan previamente as cámaras agrarias, que non foi que lles deran eses dous millóns de euros porque si. Non é que se aumentara esa subvención en abstracto. Foi unha cesión, un convenio, que nada ten que ver coas subvencións directas. E entón pediríalle tamén, cando fale, que fale con rigorosidade. E, se fala de subvencións, fale de subvencións, pero non meta no mesmo saco os convenios, porque sabe perfectamente que son cousas moi diferentes.

E, por último, veu aquí dicir —coma se fora unha decisión política— que deixaron de financiar a Xóvenes Agricultores no ano 2014. Díxoo aquí e foi o titular da súa nota de prensa. É vir rirse —a verdade— do conxunto deste Parlamento. ¿Como ían financiar unha organización que naquel momento xa non estaba ao corrente de pagos, que xa estaba tendo embargados locais sistematicamente, que non estaba pagando aos seus traballadores? Pois obviamente non os podían financiar porque non llelo permite a propia lei. Entón non veñan dicir aquí que deixaron de financiar a Xóvenes Agricultores no ano 2014, coma se fora unha decisión, cando non puideron financiarlos máis e por iso deixaron de financiarlos. De feito, cando fai a comparativa co resto de sindicatos para tratar de vender que foron outros sindicatos os que recibiron máis diñeiro público das administracións, tamén está mentindo e manipulando. Porque sabe perfectamente que foi exactamente a mesma cantidade. A única diferenza é que Xóvenes Agricultores deixou de recibir diñeiro no ano 2014 porque Xóvenes Agricultores ía entrar en concurso de acredores, e entón, evidentemente, non podía continuar recibindo diñeiro se non estaba ao corrente de pagos.

Dixo tamén na súa intervención que exixiran o reintegro de dous millóns de euros pola compra destes inmobles para uso privado, cando o convenio era para utilizar para actividades de interese agrario. Ben, nós queremos que nos volva deixar clara a data exacta na que solicitaron o reintegro e se ese reintegro se chegou a facer efectivo —que xa imaxinamos a resposta—. Porque, claro, empezar a solicitar o reintegro máis dun ano despois de que empezaran a embargar e a vender locais pois tamén é unha burla, cando saben perfectamente que non podían efectuar ese reintegro. Entón, vir aquí vender e pór un titular de que a Xunta solicitou o reintegro a Xóvenes Agricultores de dous millóns de euros, que utilizou este señor para intereses privados particulares, pois tamén é de risa. Entón queremos que nos aclare cando solicitaron ese reintegro. E, se non o fixeron no mesmo momento en que se enteraron de que estes locais estaban vendéndose para outro uso, ¿por que non actuaron de inmediato? Por desgraza, a resposta xa a sabemos. Porque non estamos falando dun caso illado, estamos falando de que o Partido Popular leva moitos anos funcionando da mesma maneira, cunha trama caciquil que compra favores. (*Murmurios.*) E están con este señor que lles financiou campañas electorais e lles montou as campañas electorais e eses mitins tan interesantes. Empregan o diñeiro público para facer iso, para facer as súas campañas electorais. Porque, como digo, non é un feito illado. Esa é a súa concepción da democracia, levan moito tempo demostrándoo. E utilizan este Parlamento para mentir, porque o outro día mentiu, manipulou. Entón eu hoxe pídolle dúas cousas que penso que son a súa obriga como conselleiro: responder ao que se lle pregunta e non falar de temas que nada teñen que ver... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, nótaselles que este tema os molesta, porque, evidentemente, teñen moito que ocultar. Pero non hai problema, porque, se non hai nada que ocultar,



teñen todo na súa man. Fagan unha auditoría clara de todas as subvencións que levou este sindicato e, se non teñen nada que ocultar, desmárquense publicamente deste señor. ¿Por que non se desmarcan publicamente dun señor que acaba de ser detido por financiamento dunha rede de trata de mulleres? Ben, pois nós entendemos que son moi sinxelas as cousas que deberían facer se realmente non existiran vínculos. Pero os vínculos, como se sabe, neste caso xa son públicos, hai moitas fotos e moitas probas gráficas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías, eu cada día aquí, neste Parlamento, aprendo cousas novas. Pensaba que as interpelacións eran para facerlles preguntas aos membros do Goberno e que eles responderan. Pero vostede fixo a interpelación e xa me deu as respostas tamén. Co cal, bueno... E despois, falando de rigor, eu tratarei de ceñirme ás preguntas da interpelación. Fixo como quince preguntas máis, pero están feitas na interpelación.

Señorías, vémonos de novo hoxe aquí e, como o que se trataba naquela fantástica película protagonizada por Bill Murray, *O día da marmota*, volvemos falar do mesmo que hai uns meses. Neste caso é unha versión estendida da pregunta vista a finais de abril, posto que agora é unha interpelación. Eu non teño problema en seguir falando deste tema, pois hoxe, igual que aquel día, vou aportar todos os datos dispoñibles, nesa vontade de transparencia que temos como Goberno da Xunta de Galicia.

A primeira pregunta da interpelación é sobre as relacións de Xóvenes Agricultores co Partido Popular. É certo que esta vez vostedes, á diferenza da iniciativa de abril, aclaran que o Partido Popular é o partido que está na Xunta de Galicia. Pero de novo eu tamén debo aclarar que a Xunta de Galicia somos o Goberno, somos persoas dun partido político que agora representan o poder executivo. Pero non por ser as mesmas persoas somos o mesmo órgano. Eu non son voceiro do Partido Popular neste caso. Neste Parlamento é o señor Puy. Eu podo falar como Xunta de Galicia e quero que estean vostedes seguros de que vou contestar como Xunta de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Tranquilo, señor Lago, que vou dar datos con rigor. Non quero extralimitarme nas miñas competencias, e o feito de considerar que podo responder por unha organización da que non son voceiro sería sen dúbida levar a cabo un labor que non me compete. Eu vou dar todos os datos —como se me pide na interpelación— das axudas que a Consellería do Medio Rural fixo á asociación profesional Xóvenes Agricultores, pero tamén a outros sindicatos similares, para que todos teñamos o contexto do que se facía cos sindicatos e do que se fai cos sindicatos —que os temos que apoiar—, e poidamos comparar este suposto trato de favor do que vostedes nos acusan. Verán vostedes, terán evidencias, cando remate a intervención, de que os datos falan por si sos.



O ano no que a asociación profesional de Xóvenes Agricultores recibiu máis axudas do Goberno da Xunta foi o 2008. Estaba no Goberno o Bipartito. Nese ano recibiron 850.000 euros. (*Murmurios.*) Durante os catro anos do Bipartito, esta entidade recibiu un total —para que quede claro e con rigor— de 2.540.847 euros. Esta asociación seguiu recibindo axudas, como as demais organizacións agrarias, cando o Partido Popular entrou no Goberno da Xunta, concretamente ata o 2014. E nese tempo recibiu 2.389.558 euros —repito, como se fai con todas as organizacións agrarias que cumpren os requisitos legalmente establecidos—.

Tamén temos que destacar que a esta asociación, durante o goberno do Partido Popular, se lle abriron diferentes expedientes de reintegro cando se constatou que se podían abrir os expedientes de reintegro. Porque, señorías, estamos nun Estado de dereito e hai procedementos que temos que seguir. Neste caso, o expediente de reintegro abriuse por incumprimento do destino dos locais adquiridos para o mantemento de actividades de interese agrario. Miren, o total do reintegro exixido nestes expedientes ascende —feitos polo Partido Popular— a 2.100.912 euros. É dicir, se sumamos o total recibido do Goberno do Bipartito —2.540.847 euros— e durante os primeiros anos do Goberno do Partido Popular —2.389.558 euros—, suman un total de 4.930.406 euros. Pero, se temos en conta a cantidade que lle exiximos reintegrar, a cantidade total non chegaría aos 3 millóns.

¿E que pasou cos demais sindicatos, co Sindicato Labrego Galego, con Unións Agrarias —repito, organizacións agrarias que cumpren os requisitos legalmente establecidos e que perciben subvencións da Xunta de Galicia igual que Xóvenes Agricultores mentres cumpriron eses requisitos—? Por exemplo, o Sindicato Labrego Galego recibiu durante o Bipartito 2.470.300 euros; e durante o Goberno do Partido Popular, un total de 2.740.032 euros. Unións Agrarias, por outra banda, durante o Goberno Bipartito, 2.583.651 euros; e durante o Goberno do Partido Popular, 2.593.407.

Lembro —para que poñamos todo en situación— que a Xóvenes Agricultores se lle exixiu un reintegro de máis de 2 millóns de euros. A cantidade exacta xa a dei antes, pero eran 859.000 pertencentes á lexislatura do Bipartito —é dicir, o Partido Popular exixiu o reintegro de cantidades aboadas polo Bipartito a Xóvenes Agricultores— e 1.228.723 pertencentes á lexislatura do Partido Popular.

Señorías, dende o 2014 non existen axudas nin achegas que a Xunta de Galicia fixese a este sindicato; desde 2014, señorías. ¡Home, xa hai un tempo! Penso que daquela aínda non existía En Marea. Polo tanto, non cabe senón deixar constancia de que esta asociación foi a que menos cartos percibiu durante o Goberno do Partido Popular en comparación con outras deste ámbito.

Por último, lembro que este exercicio de transparencia sempre é algo que se fai dende o Goberno da Xunta ante este Parlamento, pero que neste caso concreto, no que se refire ao Partido Popular, como expliquei ao principio da miña comparecencia, a pregunta está mal dirixida e que non desexo, nin vou facelo, extralimitarme nas miñas competencias. Respondo, pois, á interpelación na parte que atinxe á Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ben, a pesar de non ser ningunha sorpresa, a verdade é que non sei como non lle dá vergoña utilizar... (*Murmurios.*) Polo menos, estaría ben que me escoitara. Podemos esperar a que rematen de falar, porque estou falando con el. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O tempo que se pare, ¿non? É que digo que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home, pois paréceme que...! Xa me parece que... (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

Demostran un respecto por este Parlamento cada día máis alto coa súa resposta, con esta actitude. Ou sexa, é a escusa máis mala que escoitamos neste Parlamento. O Partido Popular nada ten que ver co Goberno do Partido Popular, son cousas totalmente diferentes. Debe de ser o Partido Popular unha asociación que se dedica... non sei a que. Non debe dedicarse á política.

Pero, ben, indo ao tema, volve manipular e mentir. Volve falar do conxunto dos sindicatos. Nada ten que ver, porque o resto de sindicatos non utilizaron de maneira fraudulenta as axudas. Xóvenes Agricultores utilizounas para beneficios privados. Xóvenes Agricultores, con ese señor á cabeza, Juan Pérez Miramontes, utilizou para o seu interese persoal o diñeiro que se lle daba. Entón, nada ten que ver. ¡Que me vén contar!

Volve dicir o do ano 2014. Eu pediríalle que, polo menos, non ría aquí na cara de todos. Non lle podían dar máis subvencións a partir do ano 2014, é que non podían. Non foi unha decisión, o Partido Popular non decidiu non darlle máis subvencións. É que non podían darllas porque ían entrar en concurso de acredores e tiñan débedas, non estaban ao corrente de pagos e estaban sendo embargados todos os seus locais, non lles pagaban aos traballadores, etc. Entón, obviamente, non decidiron non darlle máis subvencións e si ao resto. É que non podían facer outra cousa diferente.

E despois volve mezclar o tema do Bipartito, que lle quedará moi ben para un titular pero sabe perfectamente que é mentira. Non teñen nada que ver as subvencións cun convenio para uso de inmobles de uso agrario, non ten absolutamente nada que ver. Os sindicatos fixeron un convenio para ceder uns espazos que tiñan as cámaras agrarias para despois poder comprar outros locais para uso agrario. ¿Que fixeron os outros dous sindicatos? Comprar eses locais para ese uso. ¿Que fixo Pérez Miramontes? Comprar locais para si mesmo, para despois vender. Despois foron embargados, e vostedes ¿que fixeron? Absolutamente nada. E vén dicir aquí que se lle exixiu o reintegro polos prazos legais. É mentira, é mentira e sábeno perfectamente. E non o digo eu, dío tamén o Consello de Contas.

Máis dun ano despois, cando Xóvenes Agricultores xa estaba en concurso de acredores, veñen dicir: ¡Por favor, páguenme agora o local! ¡Home, pois a ver, váianse rir de quen queiran, pero polo menos teñan un pouco de vergonza e disimulen! Podía vir aquí e falar, non



sei, doutra cousa. Supoño que será un papel difícil vir aquí defender unha trama tan evidente de caciquismo cando non fixeron absolutamente nada durante moito tempo. Como digo, el mesmo falaba publicamente dos enchufes a amigos e a familiares en empresas relacionadas coa Deputación, por exemplo. El non se escondía, dicíao publicamente.

Vostedes miraban para outro lado porque pensaban que podían facer absolutamente de todo. Porque non o facían unicamente neste caso, a rede caciquil do Partido Popular non se limitaba, por desgraza, a este caso. Entón polo menos non veña aquí a mentir de maneira tan descarada. O do 2014 ¿non lle parece unha burla? Non lle parece unha burla dicir que a partir do ano 2014 o Partido Popular decidiu non darlle axudas a Xóvenes Agricultores, cando non podían dar esas axudas.

Eu creo que o que teñen que facer agora —e a ver se fan algo— é dicir se van facer algo para que se reverta no público ese patrimonio que era público ou se simplemente van quedar coa mesma cantilena de dicir: Non, solicitouse que o reintegra pero, como non pode facelo porque obviamente están en concurso de acredores, quedará alí. E é mentira, e os datos están aí. Cando vostedes pediron o reintegro —que aquí non o dixo publicamente— foi máis dun ano máis tarde de cando se enteraran. E a Xunta, porque así o estipulaba o convenio dos locais, tiña que ter coñecemento cando eses locais pasaron a outra titularidade diferente. Non fixeron nada naquel momento e van facelo despois, cando xa non tiña ningún tipo de consecuencia.

Pero hai dúas cousas que si poden facer agora, e díxoo o presidente —a iso non me contestou absolutamente nada—. ¿Están dispostos a abrir unha investigación para revisar as subvencións que lle concederon e como foi todo ese proceso? Se realmente non teñen nada que esconder e foi unha subvención totalmente escrupulosa, pois fágano. Nós traeremos unha moción a este Pleno e a ver que votan. Supoño que votarán a favor se realmente non teñen absolutamente nada que esconder.

E do outro tema volveu non dicir unha palabra. É un insulto que o presidente do Goberno, ante a detención dun señor por unha rede de trata...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...lle desexe sorte e diga que non lle preocupa en absoluto. E vostede, outra vez, non gastou aquí os dez minutos e non dixo nin unha palabra. Eu píddolle, por favor, que diga que opinión ten. ¿Vostede tamén lle desexa sorte a Miramontes? Déixeno claro, porque o que non poden facer é vir aquí a tratar de non contestar absolutamente nada do que lles preguntamos coa excusa de que o Goberno e o Partido Popular non teñen absolutamente nada que ver. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Peche da interpelación por parte do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.



Eu a verdade é que estou un pouco impactado, porque ¿como dixo?, ¿mentiroso compulsivo?, ¿manipular?, ¿mentir?... Eu dei datos. Penso que o que fixen, ao mellor, claro, foi excederme nos datos e dar ata o céntimo de euro para que non quedara ningunha dúbida de que eu estaba dando os datos certos.

E, simplemente —e no ton máis tranquilo posible—, dígolle que, se me fala de rigor, eu pediríalle que faga unha interpelación con todas esas quince preguntas que trouxo aquí fóra da interpelación, que ma volva facer e miraremos, tereille que contestar. Pero a min preguntame, como primeira pregunta da interpelación, que relación mantiña e mantén Juan Pérez Miramontes co Partido Popular, o actual grupo de goberno na Xunta de Galicia. Eu contesteille. Entendo que, coa fractura do seu grupo parlamentario, perderon parte desa orixinalidade e innovación nas súas preguntas, esas da nova política, e volven preguntarnos o mesmo que nos preguntaron hai catro meses.

Eu son un conselleiro que non se esconde, dou os datos con transparencia. Non teño ningún problema en falar deste e doutros temas. Agora, que aquí se fale de delitos gravísimos, de imputacións e de todo isto, e que a min me estea interpelando de cousas que non teñan nada que ver co que viña na interpelación... Polo tanto, de novo tratarei de volver transmitir esta información.

E quero aclarar, como xa dixen antes, que, por unha parte, hai poder executivo e, por outra parte, poder lexislativo. Polo tanto, eu aquí estou contestando como goberno, o dos que estamos nas cadeiras da primeira fila, que son de color azul, non son de color marrón como as de vostedes. Polo tanto, nós somos goberno.

Mire, na primeira pregunta interroga, como xa dicía, pola relación entre un partido político e unha antiga organización sindical agraria. (*Murmurios.*) Pois ben, eu lamento volver dicirlle que, aínda que son un membro orgulloso, por suposto, do Partido Popular, como dixen antes, non son o seu voceiro. Respondo como membro do Goberno galego. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Na segunda pregunta, e dixo que aquí se mentiu nas axudas —eu recomendaríalle que se informara ben das axudas que perciben as organizacións agrarias—, volvo repetir que o ano que máis axudas percibiu Xóvenes Agricultores foi o 2008. Eu non lle teño a culpa. Non estaba aquí pero non lle teño a culpa de que o 2008 fora o ano que máis axudas percibiu Xóvenes Agricultores, máis de dous millóns e medio de euros. Se quere, volvo á pregunta anterior para darlle o dato exacto, polo tema do rigor. Recordamos que, neses catro anos, a Consellería do Medio Rural se atopaba —como digo— en mans do Bloque Nacionalista Galego, polo que igual o Bloque nos podería axudar a completar esa información.

A terceira pregunta di: ¿en que datas exixiu a Xunta de Galicia o reintegro aos xoves agricultores de dous millóns cen mil euros? E respondo tamén que foi o 26 de setembro de 2015, cando legalmente se podían iniciar os expedientes de reintegro. E se me desculpa por non ter a certeza exacta da cifra, foron máis de dous millóns cen mil euros —xa llo din na primeira comparecencia—.

E tamén pregunta —e respóndolle á interpelación— ¿por que non o fixeron anteriormente? Porque legalmente os expedientes de reintegro —se quere, poderíamos estar aquí media



hora falando de como se tramita un expediente de reintegro— téñense que facer cando se acredita o reintegro, e neste caso o reintegro —como sabemos— foi incumprimento do destino dos locais adquiridos, o mantemento de actividades de interese agrario.

E di: ¿produciuse o dito reintegro? Os reintegros, como nos facilita a información a Axencia Tributaria Galega, están na súa tramitación. Polo tanto, a débeda está viva, e mentres estea viva e non prescrita, señora Quinteiro, pódese reclamar; polo tanto, pódense recuperar todos eses cartos para a Axencia Tributaria Galega e para todos os galegos e galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. (*Murmurios.*)

Quedou clara a esencia de Montesquieu. (*Murmurios.*) Iso é bo para todos, claridade no asunto.

Preguntas ao Goberno. Comezamos. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

¡Preguntas ao Goberno! Pasamos ao punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e D. Raúl Fernández Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o motivo polo que a Xunta de Galicia se atrasou nos pagamentos dos fondos para Programas de Desenvolvemento Rural (PDR)

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don José Manuel Pérez Seco, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor conselleiro, o Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 ten un orzamento aproximado duns 1.200 millóns de euros para os sete anos do período da programación da Unión Europea, dos cales o 75 % o financia a propia Unión Europea a través do fondo Feader de desenvolvemento rural.

Este fondo está ao cargo de medidas tan importantes como as que corresponden á promoción de boas prácticas agrarias, medioambientais, xestión forestal e prevención de incendios, modernización de explotación agrarias, agricultura ecolóxica, etc., pero dende o pasado mes de novembro de 2018 a Xunta de Galicia, dado o caos administrativo da xestión, está a levar á paralización dos pagos dos fondos europeos do Feader. A Xunta de Galicia debe unha cantidade aproximada de 90 millóns de euros aos solicitantes das diferentes medidas do PDR,



cantidades que xa están executadas e certificadas polos beneficiarios. Este atraso inédito nos pagos está a xerar problemas de financiamento nas explotacións e no entramado empresarial do rural galego, que está a incorrer en custos financeiros, en atrasos de pagos a provedores e mesmo en regulación de emprego nos casos moi graves.

Ademais destes atrasos de pagos, a presenza normalizada do xabaryl, que tamén aumenta as consecuencias e os problemas aos nosos gandeiros e agricultores, xa que son eles os que sofren no seu propio peto os danos desta poboación de xabaryl descontrolada. Porque os xabaris, como ben saben, esnaquizan as plantacións que os agricultores teñen para o seu gando, o cal lles produce máis custos e menos beneficios, polo que os problemas de liquidez xerados no agro por esta falta de xestión contrastan co anuncio a bombo e platillo da lexislatura do rural. Por iso, formulamos a seguinte pregunta: ¿cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia se atrasou nestes pagamentos?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente.

Señorías.

Para entrar en materia sobre o Plan de desenvolvemento rural —por certo, o 75 % do Plan de desenvolvemento rural vén desa Europa que tanto deostamos ás veces, mil douscentos millóns de euros— é preciso dar un contexto ao seu funcionamento, ver como foron os últimos anos e así entender os datos por completo, e comparalos tamén con outras autonomías.

En primeiro lugar, quero destacar que a execución financeira do Plan de desenvolvemento rural de Galicia no período 2016-2018, cos pagos realizados a diferentes beneficiarios, é de 454 millóns de euros —que se di pronto— en tres anos, 454 millóns de euros. É dicir, levamos unha porcentaxe de execución do 38,26 %, oito puntos por riba da media española; somos a sexta autonomía se nos compramos co total de comunidades autónomas, pero se tomamos as de tamaño similar —que serían as dúas castelas, Estremadura e Andalucía— somos a primeira comunidade autónoma de España en execución do Plan de desenvolvemento rural. Ademais, señorías, levamos tamén un ritmo ascendente. Miren, no 2016 —señor Pérez Seco—, 95 millóns, porque era o primeiro ano de aplicación do Plan de desenvolvemento rural; no 2017, 167 millóns; e no 2018, 190 millóns de euros. Polo tanto, levamos un bo ritmo de execución.

Ademais, teño que aclarar tamén como funcionan, desde o punto de vista do calendario, os pagos do PDR. Anualmente, os pagos do PDR concéntranse en Galicia nos dous últimos meses do ano. Isto é debido á planificación das axudas, porque se tramitan por anticipado para que se poidan realizar os pagos a finais de ano.



No ano 2018, a execución dos primeiros dez meses foi de 62,5 millóns de gasto público total, e nos meses de novembro e decembro —recordo que na súa pregunta dixo ata novembro— os pagos realizados foron de 128 millóns de euros; é dicir, en novembro 19,9 millóns de euros e en decembro 108,2 millóns de euros. É dicir, do total pagado nestes meses, 95 millóns de euros —dos 128— son do capítulo VII. A pregunta parlamentaria fai referencia a que dende novembro de 2018 a Xunta de Galicia acumula unha débeda de máis de 90 millóns. Cos datos aportados, señor Pérez Seco, podemos dicir que non existe tal débeda.

Creo que queda claro, polo tanto, o punto esencial desta cuestión, que é o pago nos últimos dous meses de cada ano. Volvo lembrar que aumentamos nos últimos anos o ritmo de execución do PDR e que estamos entre as seis comunidades de España con máis alta porcentaxe de execución financeira, pero se as comparamos coas do noso tamaño, somos os primeiros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, polos datos. Fíome da súa vontade.

Eu pregúntolle a partir do mes de novembro porque a xente que está pendente de recibir eses cartos —xa que tiñan as súas certificacións feitas, cantidades executadas e todo iso— non recibiu estes cartos. Se é así como vostede me di, ¿poderíame dicir cantos compromisos de pagamento das distintas medidas do PDR hai pendentes do 2018? ¿Cando van recibir eses cartos? E se o Goberno galego pode avaliar o custo económico que isto lles supón aos beneficiarios na existencia dos prazos para os créditos e préstamos que teñen pedidos.

Eu espero que estes pagos se poidan facer o antes posible, para que esta xente do rural teña unha pouca visión de futuro e poida seguir traballando e vivindo no rural.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Peche desta pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente.

Señorías.

Grazas, señor Pérez Seco. Vólvolle repetir os datos, evidentemente, para que queden recollidos con toda claridade. Volvemos sinalar que no período 2016-2018 —este PDR 2014-2020 comezouse executar no 2016— levamos executados 454 millóns de euros de gasto público



total —recordo que o 75 % vén da Unión Europea—. O 38,26 % de porcentaxe de execución, 8 puntos por encima da media nacional, que é o 30,89 %. Ademais, levamos —como non podía ser doutra maneira— un ritmo de execución ascendente: 96 millóns no 2016, 167 millóns no 2017, e 190,6 millóns no 2018. Seriamos os que ocuparíamos o primeiro lugar en execución financeira en comparación coas autonomías do noso tamaño; se atendemos á totalidade de autonomías, estamos no sexto lugar.

Ademais, vólvolle repetir que a maioría dos pagos se soen producir pola propia dinámica das subvencións en novembro e decembro. É dicir, no ano 2018 —ata cando vostede fai a pregunta, ata outubro—, nos tres primeiros trimestres a execución foi de 62,5 millóns de euros; sen embargo, nos dous últimos meses, para chegar aos 190 tivemos que executar 128 millóns de euros. Se nos falaban dunha débeda de 90 e pagamos 128, non hai esa débeda.

Para finalizar, quérolles facer unha reflexión a todos os deputados, sobre todo aos que teñen coñecementos financeiros. Os anticipos das subvencións que perciben os nosos agricultores e gandeiros son uns dos produtos financeiros con máis baixa taxa de interese que teñen as entidades financeiras en Galicia. ¿Por que? Porque teñen a garantía de subvencións con fondos europeos, e ademais —e esta é unha boa noticia— pola baixa morosidade dos nosos agricultores e gandeiros. Tomeime a molestia de preguntarlles a tres entidades financeiras cal era o custo medio de anticipar unha subvención destas características en Galicia, ¿saben canto é?, o 0,5 %. É dicir, se temos que anticipar unha subvención de 30.000 euros un ano —porque nos fai falta para pagar esas urxencias que din que temos—, son 150 euros. E a miña pregunta e a reflexión, señorías, é: ¿algún de vostedes pensa que realmente vai haber algún agricultor ou gandeiro galego que peche a súa explotación por un tipo de interese do 0,5 %?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas na saúde dos traballadores que os manipulan e nos cultivos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Que existe un uso e abuso de praguicidas e herbicidas no rural galego é un feito indiscutible, desde o millo forraxeiro aos invernadoiros de flor, desde unha boa parte da horta de autoconsumo á horta profesional, tanto ten que sexa con dose mínima dunha mochila ás grandes doses xestionadas con apeiro propio de tractor. O certo é que en 2017 en Galicia só en glifosato gastamos arredor de 10 millóns de euros. Existen plans para o uso sostible destes produtos, lexislación, manuais de boas prácticas e até inspeccións periódicas dos equipos de aplicación.



Permítanme un sarcasmo, pasámoslle a ITV á sulfatadora pero non a quen a manexa, porque disto se trata. Porque no Portal de transparencia da Xunta non hai rastro da actividade desenvolta polo Comité Fitosanitario Galego, que debería velar polo bo uso deste tipo de substancias, planificar anualmente medidas de inspección, a seguridade, reducir impactos ambientais derivados do manexo. Descoñecemos se tan sequera se reúne. Nada sabemos de se este comité ten abordado o problema denunciado pola Fiscalía do Estado, que solicitou aos gobernos de Galicia e Castela-León a anulación de preto de 7.000 carnés de manipulación de fitosanitarios obtidos fraudulentamente entre o 2015 e o 2016. Ou as denuncias das organizacións agrarias de que moitos destes cursos de formación de manexo foron ridículos. O problema está aí en toda a súa crueza. Poñamos un exemplo.

Algúns destes produtos químicos —os organofosforados e carbamatos— iniben a actividade da enzima acetilcolinesterasa no tecido nervioso e nos hematíes, de xeito permanente nos primeiros e reversible nos grupo dos carbamatos. Hai niveis de concentración no organismo destas substancias que poden xerar na saúde trastornos transitorios, semipermanentes ou permanentes, e desde o BNG cremos que a Administración ten algo que dicir ao respecto.

Hai traballadores de empresas de servizos agrarios que periodicamente están expostos a estas substancias e que ben merecen un control da súa saúde e a prevención de posibles doenzas profesionais que na actualidade non se contemplan. A pregunta pois, señor conselleiro, é sinxela: ¿pasámoslles tamén a ITV aos labregos e labregas que usan sulfatadora? ¿Será ben pasárllela? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cruz.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Eu a pregunta que teño aquí diante non ten nada que ver coa que me fixo metaforicamente, pero, bueno, tratarei de responder.

Señor Rivas, quizais un dos temas —e sabémolo— que máis debates suscita na actualidade no medio rural e na súa relación co medio natural é o uso de praguicidas no medio; e, máis en concreto, o uso do glifosato.

Para poñer en contexto a pregunta debemos remontarnos aos setenta, cando a empresa Monsanto atopou as propiedades deste produto, do glifosato, como herbicida. E dende entón, é certo, o aumento no uso do glifosato non só en Galicia, senón no mundo, fai que a día de hoxe —corenta anos despois da súa aparición no mercado— sexa un dos herbicidas máis empregados na actualidade pola súa faceta sistémica e tamén, ¿por que non dicilo?, polo barato que é.

O certo é que nos últimos anos a polémica sobre este herbicida non fai nada máis que aumentar, e as opinións sobre este produto están —tamén é certo— en continua contraposición.



Di a Organización Mundial da Saúde que no 2015 o considerou como probablemente canceríxeno. Por outra banda, a autoridade europea en seguridade alimentaria, no mesmo ano, dixo todo o contrario, dixo que era pouco probable que fose canceríxeno. No 2017 a Autoridade Europea de Produtos Químicos mantivo o glifosato como fitosanitario non canceríxeno para o ser humano. E na actualidade —e isto é importante— o glifosato conta con autorización por parte da Unión Europea ata o 2022. Polo tanto —temos que deixalo claro—, estamos a falar dun produto legal.

E tamén é importante outra cuestión de relevancia, unha cuestión que supoñemos que o Bloque Nacionalista é consciente dela, que é que son os estados membros os que teñen a potestade de prohibilo ou non dentro dos seus territorios.

Dende a nosa consellería, a Consellería do Medio Rural, recomendaremos sempre a aplicación de prácticas e o baixo consumo de produtos químicos, dando prioridade, cando sexa posible, a métodos non químicos, porque nós apostamos por unha Galicia verde e medioambientalmente sostible.

Con respecto ao glifosato, a súa utilización está permitida para os usos establecidos no correspondente rexistro e por usuarios específicos tamén indicados no rexistro.

E xa para finalizar quero recordar que no caso da súa utilización —e dígollelo tamén aos agricultores e gandeiros— debe facerse baixo as indicacións establecidas no real decreto que o regula, ben sexa para usos agrarios como non agrarios, e coas obrigas marcadas na súa ficha de rexistro de produtos fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, nós non lle estamos pedindo que declare ilegal o glifosato, non, non. Nós estámolles pedindo que cumpran cun deber que teñen como Goberno, que é defender a saúde dos labregos e das labregas deste país, soamente iso, nada máis que iso. Que se anticipen un pouco aos tempos.

Non me obligue a recordarlles que vostedes tamén se atrincheiraron cando se denunciaba aquí o uso —a ver se o digo ben— de flufenoxurón —ou algo así—, que é máis ou menos un insecticida para os eucaliptos, cando tiñan o goníptero —que aínda o teñen— na zona de Melide, dicindo que non, e pouco máis tarde foi prohibido pola Unión Europea.

É dicir, nós simplemente lles dicimos que non hai protocolos, non hai seguimentos que controlen a incidencia destes concentrados químicos tóxicos que se utilizan na agricultura e na gandería. Que non hai protocolos que defendan e midan se na saúde da xente teñen inci-



dencia. Cremos, pois, que é necesario que desde a Administración pública, e en particular desde o Comité Fitosanitario Galego, se faga un primeiro estudo entre a poboación de risco. Fágano.

Mire, ¿quere que lle diga que no ano 2005 había un protocolo do Issga a este respecto e que xa se facían analíticas? Ese protocolo existe. Claro, eran tempos do Bipartito. O Bipartito preocupábase por estas historias. Non fixo nada fóra de lugar, fixo simplemente intención de poñer couto a este uso desenfrenado e mal uso que se está facendo de moitos produtos fitosanitarios, e isto sabémolo. Legalismos á parte, protocolos á parte e historias escritas á parte, sabemos que na actualidade se están usando alegremente, demasiado alegremente, cantidade de produtos químicos tóxicos en concentracións moi altas.

Isto é o que lle pedimos, señor conselleiro, que responda a esta pregunta, ¿van facer algo a favor da prevención...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...das posibles incidencias que hoxe hai xa na xente que manexa fitosanitarios?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señor Rivas, dígollo sen ningunha acritude, estamos sempre, de verdade, poñendo en dúbida a profesionalidade dos nosos agricultores e gandeiros. ¿Quéreme dicir a min que co coñecemento que eu teño dos agricultores gandeiros galegos e que vostede tamén o ten, que a xente non ten precaucións e non se adecúa aos protocolos no uso de fitosanitarios? ¿Quéremo dicir a min e quérello dicir a toda a sociedade, para que todos saiban a opinión que ten o Bloque Nacionalista Galego dos agricultores e gandeiros galegos? ¡Home!

Señor Rivas, por certo, o uso de praguicidas químicos, como dixen, sempre é motivo de debate. Ogallá puideramos vir aquí falar hoxe, nesta sede parlamentaria, de novos praguicidas que non suscitasen ningunha polémica e que convencesen a todo o mundo, pero desgraciadamente non é así. E no traballo diario dos nosos agricultores e gandeiros téñense que usar eses praguicidas.

O uso do glifosato —díxeno na miña primeira intervención— está estendido pola súa efectividade na eliminación das malas herbas e do mato, e tamén por ser un produto barato. E volvo repetir o que dixen na miña intervención anterior, que a Unión Europea e o Estado español autorizan o seu uso como mínimo ata o 2022, e que incluso a Administración estatal



está a usalo nas estradas da súa titularidade. A autorización do uso dunha materia activa concreta é competencia da Unión Europea, e son os estados membros os que teñen a competencia para autorizar a comercialización ou non dese praguicida no seu territorio cando estea aprobado no espazo comunitario. A Xunta, pola súa banda, seguirá a recomendar o emprego máis axeitado posible deste produto, cumprindo os requirimentos establecidos e o uso de alternativas químicas de agricultura ecolóxica, así como determinados medios mecánicos e térmicos que poidan substituír o glifosato.

É importante, moi importante, señorías —e penso que niso temos que traballar todos—, a sensibilización dos usuarios na procura de alternativas que nos xeren a todos nós menos dúbidas e controversias científicas e sexan igual de efectivas que estes aminofosfonatos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Moisés Blanco Paradelo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á modificación polo Goberno central da normativa que regula o IRPF no referido á tributación das axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, conselleiro.

A remuda xeracional e a incorporación da mocidade galega ás actividades económicas no rural son unha das principais preocupacións que temos no noso grupo e tamén nos consta que na nosa consellería. Tal é así, que para estimular, apoiar e impulsar as novas incorporacións, dende o Goberno galego, a través do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020, que tanto se ten abordado, téñense aprobado diferentes liñas de axudas que nos últimos tres anos supuxeron a incorporación de 1.466 mozos, cun investimento público de 52,3 millóns de euros. Hai que dicir que son axudas cuxas solicitudes non quedou ningunha sen atender por falta de orzamento, creo que isto é moi importante que quede claro.

Estas axudas conlevan determinadas obrigas por parte dos beneficiarios, como permanecer na actividade agraria durante un período mínimo de cinco anos e que a subvención percibida se ten que imputar como ingreso no IRPF do agricultor mozo, tendo a cualificación de rendemento da actividade económica.

A súa imputación temporal faise seguindo os criterios xerais; é dicir, segundo se cualifique como subvención de capital ou subvención corrente. O certo é que a Dirección General de



Tributos de Estado cualifica estas subvencións como correntes, imputándose a subvención como ingreso no ano da concesión ou de cobro da mesma se o mozo opta polo criterio do cobro, o que supón para nós un claro prexuízo, ao ter que facer fronte á totalidade do imposto no primeiro ano da actividade, precisamente cando máis necesitan dispoñer de liquidez.

Conscientes desta problemática, hai dous anos, gobernando o Partido Popular no Goberno do Estado, presentouse unha proposición non de lei na que se instaba o ministerio —insisto, cando gobernaba a mesma cor política, porque hoxe escoitamos aquí algunhas referencias— a modificar esta normativa que regula o IRPF para que a axuda percibida polo mozo non tribute no primeiro ano na súa totalidade, como viña sendo ata o de agora, senón que se reparta durante o período de amortización do activo adquirido, sempre cun mínimo de cinco anos.

Supoño que este texto a vostede lle sona, posto que foi vostede quen defendeu esta proposición cando era voceiro do Grupo Popular no ámbito rural. Esta iniciativa foi aprobada por unanimidade neste parlamento co fin de evitar, precisamente, este dano na tributación dos xoves que se incorporan ao mundo agrario.

Por iso, nós hoxe queremoslle preguntar, ¿que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo aprobado nesta Cámara sobre a modificación na normativa que regula o IRPF respecto das axudas percibidas por estas novas incorporacións?

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor Blanco Paradelo, esta é unha cuestión que a min me afecta tamén desde o punto de vista técnico. Prégolle por anticipado desculpas se non son capaz, despois de dúas preguntas maila interpelación, de trasladar con suficiente claridade un tema tan importante para case tres mil mozos e mozas que se incorporaron ao rural galego dende o ano 2014.

Como ben dicía o señor Blanco Paradelo, hai unha discrepancia entre a axencia tributaria e todos os demais. Xa albiscou o dato, pero diríalles que o importante para os nosos mozos e mozas é que a subvención se compute como de capital, para que tributen da forma máis adecuada posible.

Pois ben, mentres que a Axencia Tributaria Estatal defende que é unha subvención corrente, prexudicando os mozos e mozas, todos os demais defendemos que é de capital. ¿Quen somos todos os demais? Todos os grupos parlamentarios que estabamos aquí no ano 2017, porque aprobamos esa PNL por unanimidade. Ademais, tamén a Xunta de Galicia, que recorrentemente llo pediu ao Ministerio de Facenda, como ben dicía o señor Blanco, tanto cando gobernaba o Partido Popular como agora. E tamén os sindicatos agrarios están reivindicando —e téñolles que agradecer o seu esforzo nesta materia— que cambie o criterio a Axencia Tributaria. Pero tamén está de acordo con nós o Tribunal Económico Administrativo Rexional



de Galicia, que no ano 2018 emitiu unha resolución na que dicía que esta é unha subvención de capital, que era o noso criterio.

¿Que di a axencia estatal? Que esta resolución é non vinculante. ¿Que actuacións está a facer a Xunta? O primeiro que fixemos foi pedir un ditame a un catedrático de dereito financeiro tributario, que nos di que esta resolución é vinculante e que, polo tanto, a Axencia Tributaria ten que corrixir a tributación dos mozos naqueles casos que non estea prescrita a posible reclamación.

As actuacións que levamos feitas, ademais de pedir a ese catedrático que emitira un ditame, e con ese ditame pedir unha reunión coa Axencia Tributaria, o primeiro que fixemos foi informar os nosos mozos, porque —e isto é importante— a devolución non se fai de oficio pola Axencia Tributaria, a devolución do que ingresaron indebidamente os mozos ten que ser reclamada polos mozos, e ten un período de vida de catro anos, o cal quere dicir que o 30 de xuño deste ano 2019 perderon o seu dereito a reclamar os que percibirán a subvención no 2014, porque presentaban a declaración ata o 30 de xuño de 2015, eses catro anos.

Nós advertímolos antes. ¿Como? Cunha charla informativa que se celebrou o pasado mes con todos os sindicatos agrarios, con todas as entidades que presentaban as declaracións dos mozos e con todos aqueles mozos e mozas que quixeron vir. E ademais mandámoslles aos 2.880 mozos que percibiron as subvencións do 2014 en adiante cartas informativas. E a esas cartas lle achegabamos o modelo para reclamar a devolución dos ingresos indebidos. Polo tanto, nós estamos a facer o labor que podemos facer, que é advertir a eses mozos que reclamen fronte á Axencia Tributaria a devolución de ingresos indebidos, e que o fagan antes de que o pase o prazo de reclamación, que son eses catro anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, conselleiro, por estas explicacións, e sobre todo por esta xestión que leva facendo durante este tempo.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, ademais da tributación destas axudas ás novas incorporacións de mozos á actividade agrogandeira, tamén nos preocupan outras modalidades de tributación que afectan os traballadores do rural galego. Poderíamos falar da cesión de pais a fillos que continúan coa explotación; da cesión entre cónxuxes, para deixar de ter un deles a condición de agricultor profesional, continuando o outro coa explotación; ou tamén, por exemplo, a cesión a unha sociedade de nova creación por cambio de figura xurídica da explotación.

Atopámonos con casos nos que, aínda que haxa un cambio de titularidade na explotación, se trata dun cambio de titularidade administrativa que non leva consigo ningún tipo de in-



cremento patrimonial efectivo, pois faise de forma gratuíta. Por outra banda, este tipo de cesións son bastante frecuentes na nosa comunidade autónoma, dada a avanzada idade dos nosos agricultores e gandeiros.

Tamén, señor conselleiro, nos preocupa a situación dos traballadores a tempo parcial e as súas condicións de tributación. A agricultura, a gandería ou a actividade forestal etc., a tempo parcial foi e segue sendo unha interesante fonte de ingresos complementarios para moitas familias galegas, pero non só do rural, senón tamén para aquelas que residindo en zonas máis urbanas manteñen as súas propiedades e desenvolven algunhas actividades no campo, no que atopan un engadido económico para o sustento dos seus fogares, desempeñando un labor na meirande parte dos casos de xeito multifuncional e compatibilizando estas actividades con outro traballo principal. Por iso, tamén queremos preguntarlle que xestións vai desenvolver para tratar de solucionar todos estes problemas que afectan os traballadores do campo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor Blanco.

Eu volvo repetir, e gustárame que tivese a máxima transcendencia posible, o deses 2.880 mozos que tiveron que tributar incorrectamente, segundo o criterio emanado da resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia que antes trasladei e que ten o amparo do ditame dun catedrático de dereito financeiro e tributario que di que vincula á Axencia Tributaria. O problema é que esas devolucións non se fan de oficio, por técnica tributaria, esas devolucións téñenas que pedir os mozos e mozas. Eu pídolles a todos os deputados, a todos os parlamentarios que estamos aquí, que traslademos a necesidade de que fagan as súas reclamacións antes de que finalice o prazo de catro anos que teñen para podelo facer. Os do 2014, por desgraza, xa perderon ese dereito.

¿A Xunta que fixo?, advertilos antes. Mandámoslles —como dixen antes— as cartas informativas aos 2.880. Convocámoslos a xornadas informativas, que foron dadas polo catedrático don Miguel Caamaño, nas que se lles informou exactamente, e mesmo este catedrático redactou o modelo de devolución de ingresos indebidos. E agora, en canto teñamos o ditame que acredite que a Axencia Tributaria Estatal está equivocada, pediremos unha reunión co Ministerio de Facenda para que cambie o criterio. Nós estamos facendo todo o que podemos.

Aludía vostede tamén a que hai máis problemáticas no ámbito fiscal e no ámbito laboral dos agricultores e gandeiros galegos, sobre todo no que se refire a aqueles que traballan a tempo parcial. Esta mesma semana oíamos ou viamos a noticia de que vai haber viticultores cun umbral de ingresos brutos bastante baixo que, sen embargo, van ter que pagar o autónomo, e iso preocúpanos, e como nos preocupa e queremos colaborar con todo o mundo, no último Consello Agrario, o pasado mes de xuño, creamos cos sindicatos agrarios que están no Con-



sello Agrario, con Unións Agrarias e co Sindicato Labrego Galego, un grupo de traballo que ten por obxectivo analizar todas as problemáticas fiscais e laborais dos agricultores e gandeiros galegos, especialmente aqueles que traballan a tempo parcial, e propoñer solucións.

A Xunta de Galicia porá nese grupo de traballo os expertos fiscais e laborais que nos permitan propoñer solucións que, se atinxen á Xunta, serán resoltas pola propia Xunta, e se atinxen ao Estado, remitiranse ao Ministerio de Facenda, ou ao ministerio que corresponda no ámbito laboral, para que poidan facer esas modificacións.

Eu quero apelar aquí a todos os grupos parlamentarios para que poidan tamén trasladarnos a ese grupo de traballo onde están os sindicatos e está a Xunta todas esas problemáticas fiscais e laborais para que, co apoio dos expertos, poidamos buscar as solucións que nos permitan a todos, tamén á Xunta de Galicia, apoiar, defender e promover a incorporación dos mozos ao campo nas mellores condicións posibles. Porque, señorías, dende logo a Xunta de Galicia cre nun rural verde, nun rural xove e nun rural con futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da situación xerada no encoro da Baxe, en Caldas de Reis, dende a presenza da alga microcistina

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Traballamos hoxe sobre un problema que vostede coñece, seguro, no encoro da Baxe, un problema medioambiental e sanitario tamén, as dúas vertentes, e ningunha das dúas é menor; un problema que vostedes coñecen pero sobre o que non actúan.

Estamos ante o enésimo capítulo da telenovela que todos os anos se repite e ante o que vostedes se limitan a buscar as excusas para non actuar. Son bastante bos facendo isto —hai que recoñecer as virtudes tamén—, pero en realidade o problema é que non actúan.

Hai un problema no encoro, a presenza da alga, da microcistis, que basicamente ten dúas problemáticas derivadas; unha é a medioambiental e outra é a sanitaria. Coa chegada da calor e das altas temperaturas agrávase a posibilidade de existencia da toxina no río, aínda que vostedes alegan que moitas veces non aparece, como se iso fora suficiente.

Pero ademais hai un problema medioambiental. Como citan os expertos e vostede coñecerá tamén —os expertos da estación hidrobiolóxica do encoro do Con, que coñecen per-



fectamente o río—, apuntan a que a existencia destas algas pode provocar problemas incluso na biodiversidade en animais, que pode incluso haber problemas de mortalidade animais que se achacan a outras cuestións, pero probablemente estean bebendo auga dese río que xa de por si é problemática, E a non existencia nalgunhas ocasións, ou polo menos nalgunhas comprobacións, de toxina, non quere dicir que non exista alto risco de que se produza, porque apuntan os expertos que pode modificarse esa situación incluso despois das avaliacións.

Polo tanto, temos un problema grave no punto medioambiental e na cuestión da sanidade, porque é un encoro nun río que ao final acaba servindo principalmente ao Concello de Caldas, pero tamén a outros, dende aí ata a súa chegada ao mar.

Ten ademais problemas de xestión acumulados. Hai que depurar esa auga, e iso supón un sobrecusto para o concello de entre trinta mil e cincuenta mil euros ao ano, en función dalgunhas variables, que está asumindo o Concello de Caldas, non só para a auga da que propiamente se surte, senón tamén para a dos outros concellos, exercendo un labor que vén sobrecargado pola ineficiencia da Xunta de Galicia.

En realidade, ao final, a desatención do problema provoca problemas dos que responden os demais. Tamén hai que recoñecerlle virtudes. Son bastante eficientes en provocar problemas, en que os resolvan os demais e en encontrar as culpabilidades, e iso está ben; asumir responsabilidade xa non está entre as virtudes.

Este é un problema recorrente, como cita o propio alcalde de Caldas. Esa telenovela anual na que, a diferenza das outras, sabemos como empeza, sabemos como acaba e sabemos quen é o malo, pero á parte diso, comprobamos que esta Xunta, observadora pasiva nesta situación, case está esperando a ver que fan os demais actores, e probablemente os mira con interese para saber como resollen os demais os problema que son seus. Iso si, non fai, pero incluso se queixa de que se faga, quéixase de que os demais alerten sobre a situación.

Hai un problema recorrente e a Xunta evita implicarse de verdade. Un encoro que naceu mal, que funciona mal e que dá problemas, e ante o que a verdade seguimos preguntando ano tras ano, ¿van facer algo para resolver a situación ou van seguir esperando que o Concello de Caldas siga resolvéndoa por vostedes?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.



Grazas por darme a oportunidade de explicar o estrito control preventivo que está a facer a Xunta de Galicia, á parte doutras moitas actuacións pola pasividade doutros, e voulle explicar, por exemplo, polo Concello de Caldas.

Como di vostede, eu alégrome de que saiba que unha cousa é a alga e outra a toxina, porque nada ten que ver a alga coa presenza da toxina directamente; unha cousa é a alga e outra cousa é a toxina.

E grazas tamén por darme a oportunidade de aclarar as cousas que din vostedes á lixeira. O certo é que dan afirmacións vostedes á lixeira, cunha falta de responsabilidade e de seriedade na miña opinión bastante grave. Xeran alarma social, cando o certo é que non é real, con argumentos falsos, argumentos directamente falsos. Hai irresponsabilidade dun grupo político dando argumentos falsos, e voulo explicar detidamente,

Todas, absolutamente todas, e cando digo todas é porque os técnicos de calidade das augas de Augas de Galicia din que non houbo toxina nin hai toxina no encoro de Caldas, é que todas as analíticas —así o din os técnicos— non deron toxina. Negativo coas toxinas. Nunca presenza. Polo tanto, vostedes si que son eficientes irresponsablemente. A ineficiencia da irresponsabilidade é do Partido Socialista, porque dicir o contrario sobre isto que acabo de dicir, que non hai toxinas, é mentir, directamente mentir.

Polo tanto, está vostede desinformado. As algas non son toxinas, como lle dixen, e o seu partido, sobre todo o seu secretario, que pare de enganar. Permítame: 28 de xuño, twitter do Partido Socialista dicindo que hai toxina, afectado por microcistina. Analítica dese día, 28 de xuño: nin preguntan nin lles interesa o que di a analítica. Pero ¿que irresponsabilidade é esa, que non queren saber a verdade? Pódenme chamar, doulles as analíticas, ¿non hai toxina! Vostedes van aí sen querer saber o que di a analítica e sen saber o que di nada. Irresponsabilidade monumental dun partido que eu pensaba que era responsable. *(Aplausos.)* Así que menten descaradamente coa presenza da toxina. É así, señoría, é así.

As analíticas están aí, dun laboratorio profesional, independente, que fai as analíticas, e xamais houbo toxina. Activamos un protocolo, si, cando hai proliferación de bacterias, de cianobacterias. Activamos un protocolo para facer un control exhaustivo, preventivo, para evitar calquera risco. Un fenómeno que pasa nos encoros de todo o mundo, de España, de Galicia... E nas conchas hidrográficas do Partido Socialista tamén, ¿ou pensa vostede que nada máis é no encoro de Caldas, do Partido Popular? ¿Por que non preguntan no encoro das Conchas, que xestiona a Confederación do Miño-Sil? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu estou dicindo que hai alga e que non hai toxina. Vostedes están dicindo outra cousa e, polo tanto, están enganando, que é unha irresponsabilidade monumental, volvo dicir. *(Aplausos.)*

En ningún caso houbo toxina. Se lles importara a verdade... En materia de augas hai moitas cousas que teño que dicir do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): É unha irresponsabilidade monumental. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Supoño que non poderá encontrar —tiña escrita a réplica— nada na miña afirmación que diga que había toxina, pero hai alga.

Mire, voulle facer —tranquilidade— unha pregunta: ¿sabe cando construíu Noé a arca? Antes do diluvio. ¿Sabe cal é a irresponsabilidade? Estar esperando, chamándonos alarmistas a nós, para cando apareza a toxina, se aparece, dicir que agora hai que actuar. Hai que actuar antes, ¡antes, señora conselleira!, ¡antes! E ese é o problema, que vostedes xustifican a situación dicindo que, como na análise non aparece a toxina, non hai problema.

Vostede di que a alga e a toxina non teñen nada que ver. ¡Home! Se a alga microcistis non ten nada que ver coa toxina microcistina, que baixe Noé e que o vexa. Igual non ten que ver, igual é unha coincidencia lingüística, (*Aplausos.*) ¡igual non ten nada que ver!

Se vostede quere dicir que non hai problema porque a alga microcistis non ten nada que ver coa aparición da toxina microcistina, pois está moi ben. Por certo, pódelle contar, como lle dicía, aos expertos de acción hidrobiolóxica. Eu fíome máis do seu criterio que do meu, pero é que isto que estou dicindo eu, dino eles.

Polo tanto, a ver se somos capaces de atender á xente que o di. Por certo, hai probabilidades bastante altas de que poida aparecer, especialmente en verán.

E si, claro que me preocupa, claro que me preocupa, iso e a cuestión da xestión e a cuestión da depuradora. Porque vostedes, con isto de que non hai, deixan facer. ¿Pode vostede garantir que non hai un problema medioambiental producido pola existencia da alga agora mesmo? ¿Pode vostede garantir, de verdade, que non vai haber toxina? ¿Pode? Non pode. ¿Por que? Porque se dan as probabilidades e as posibilidades de que exista.

Nós o que plantexamos é ¿van facer vostedes algo máis que esperar a ver se ocorre? Porque as condicións climáticas, as condicións biolóxicas e as condicións hidrolóxicas do río dan lugar a que os expertos digan que é moi probable.

Por certo, sen non hai ningún problema, ¿por que nalgunha ocasión se ten prohibido incluso o baño? ¿Ou será que tamén somos alarmistas os da oposición...?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Vostede non é capaz de explicar nada diso, só é capaz de dicir que os demais somos uns irresponsables. E é curioso...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado. Rematou o seu tempo.

O señor TORRADO QUINTELA: ...é curioso, porque somos irresponsables os demais cando vostedes teñen a capacidade de gobernar e seguen observando. ¡Fagan algo! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Eu dixen que que haxa alga non significa que haxa toxina, como din vostedes, esa é a gran diferenza. Hai alga, e como se inicia a proliferación de cianobacterias, activamos o protocolo de maneira preventiva.

A min que me dean vostedes lección en materia de auga, que son uns irresponsables... En Vigo non fan nada na potabilizadora, que é necesaria para a calidade das augas. Na depuradora do Grove non queren explotala para nada, calidade das augas. Estou falando de auga, de auga en xeral, porque a xestión da auga é importante e vostedes son uns irresponsables. E nada xa que dicir da Confederación Hidrográfica do Douro coas inundacións destes días.

En calquera caso, volvo insistir, que haxa alga non significa directamente... Confederación do Douro. Non sei se saben cal é a conca do Douro. Que haxa alga non significa que haxa directamente toxina, que foi o que dixen, cousa que si afirman vostedes, cando é unha mentira, o pasado día 28 de xuño.

Activamos o protocolo cunha inspección continua, exhaustiva, con mostraxes periódicas en diferentes puntos, tanto no encoro como en captacións augas abaixo. Dirá vostede que facer analíticas é non facer nada. Dende logo, facemos analíticas e mostraxes intensas para ter controis permanentes e plenas garantías en calidade da auga; por suposto, neste caso e en todos.

Comezamos coas analíticas importantes dende o ano 2011. O actual Goberno foi o que comezou a reforzar as analíticas porque o Bipartito non facía nada. Dende o ano 2011 reforzamos as analíticas. Espero que estean encantados de que reforcemos nós as analíticas. Dende hai moitos anos para aquí, no 2018, foron 24 parámetros, e agora xa son 26 parámetros os que analizamos. Outras confederacións queren copiarnos, e preguntánnos, porque están interesados sobre cal é o noso protocolo, outras confederacións que xestiona o Partido Socialista de Pedro Sánchez, porque están interesados en ter o mesmo protocolo para actuación preventiva. Porque nunca, nunca houbo toxina. Hai 1.360 resultados analíticos, están aquí, e ningún presenta toxina, outra cousa é que haxa alga. Ningún. Polo tanto, vostedes menten. E aí está o twitter, que non llo volvo sacar porque xa o coñece. Voulle deixar ao presidente da cámara as analíticas todas para que se mostre que o Partido Socialista, neste caso, mente dicindo que hai toxina no encoro de Caldas. Está descartada, polo tanto, a toxina.

Nós estamos traballando para frear, por suposto, a presenza de algas, porque se xeran principalmente por unha cousa, sobre todo nutrientes. Os nutrientes inclúense no encoro cando,



por exemplo, as depuradoras quedan paralizadas, como é o caso da explotación da depuradora de Paradivas, que xestiona o concello, e temos que nós arranxala para evitar nutrientes. Actuaremos na depuradora de Paradivas porque o alcalde, o Concello de Caldas, non actúa, cando é a súa responsabilidade. Actuaremos no bosque de ribeira para eliminar os nutrientes, e, por suposto, o Partido Socialista, unha vez máis, acredita que en materia da auga é un irresponsable.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a necesidade dunha explicación e dunha valoración por parte do Goberno galego respecto das súas relacións con Pemex

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Conde, teño que comezar lamentando ter que facerlle esta pregunta; lamentándoo por dous motivos. Primeiro, porque se vostedes foran un goberno digno de tal nome, deberían de comparecer *motu proprio*, tal e como exixiu esta oposición. (*Aplausos.*)

Segundo. Porque os feitos polos que preguntamos hoxe desde o BNG ratifican que o seu historial con Pemex ten sido unha hipoteca pasada, presente e, polo que se ve, futura para o naval galego. E porque, en definitiva, non é unha boa nova que haxa sombras de corrupción que se poidan estender e salpicar a Galiza. E isto tamén evidencia que no historial do Goberno galego con Pemex hai máis sombras que luces. E non é unha boa nova, e é un historial desta relación Xunta de Galicia-Pemex que se resume en sete anos nos que vimos máis fotos que resultados, e máis fotos que barcos. Fotos coma esta, señor Conde —non sei se vostede se acordará—, de setembro de 2012, da campaña das eleccións galegas. (*A señora Presas Bergantiños amósalle unha foto á Cámara.*) E aquí temos ao señor Feijóo co señor José Manuel Carrera Panizo, agora investigado. Vostede non está na foto pero xa era asesor de Feijóo e supoño que estaría por alí cerca. (*Aplausos.*)

Meses despois, en maio de 2013, era cando Pemex adquiría o 51 % de Barreras por 5,1 millóns, anunciando xa que a intención era claramente transferir o coñecemento galego para facer barcos en México. Por aquela altura xa saía vostede nas fotos. Aquí está, por exemplo, nesta foto do ano seguinte, de 2014. (*A señora Presas Bergantiños amósalle unha foto á Cámara.*) Podemos velos a vostedes —saen bastante ben, poden mirar— co señor Emilio Lozoya, que tamén está agora investigado e co que estiveron vostedes tamén de paseo por México facendo promesas que despois non cumpriron.



Tamén teñen vostedes outras imaxes. *(A señora Presas Bergantiños amósalle unha foto á Cámara.)* Aquí temos tamén ao señor Rey Varela — felices os catro — con Feijóo, Conde e o señor Carlos Roa, que tamén está investigado nestes momentos.

En definitiva, o saldo con Pemex xa non só son sete anos de telenovela e só dous floteis, nos que nada soubemos deses 14 remolcadores, dos quimiqueiros, dos buques tanque, da atuneira, desa base loxística en punta Langosteira, etcétera, etcétera; nin tampouco desa frota menor que nos ían encargar. A cuestión é que o saldo final que nos deixa é que agora mesmo o señor López Obrador, o novo presidente de México, anuncia a investigación desta serie de señores cos que vostedes teñen relación e coñecemento. Anuncia tamén que hai visos de sospeita sobre os contratos que tivo con Galiza. Iso loxicamente ten que ter algún tipo de reacción do Goberno galego, aínda que sexa só pola sombra que pode ter sobre o noso naval e a mala fama que pode crear. E vostedes están calados.

Polo tanto, señor Conde, preguntámoslle como valora a Xunta de Galiza a situación de corrupción, con conexións galegas, destapada en Pemex. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas Bergantiños.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, volve confundir vostede este Parlamento cunha tertulia. Sería bo que, cando vostede veña a este Parlamento, veña con datos, veña con realidades, veña con feitos e que, polo tanto, se poida contrastar a realidade respecto das elucubracións que vostede pretende trasladar aquí simplemente, unha vez máis, para confundir.

Señora Presas, non hai ningunha outra voz en Galicia que poña en cuestión o papel que xogou Pemex tanto na recuperación de Barreras como na recuperación do sector naval galego; ningunha, salvo a de vostedes.

Eu lamento enormemente que vostedes sempre estean ao lado dos outros en lugar de estar ao lado dos nosos. Porque os nosos, señora Presas, son o sector naval, son os traballadores do sector naval, e, polo tanto, trátase da recuperación dun sector produtivo, dun sector estratéxico para a nosa economía. *(Aplausos.)*

Eu xa non lle pido respecto institucional, porque a estas alturas, lamentablemente, non é unha práctica que votedes desenvolvan con certa normalidade. O que lamento é que non teñan criterio. Iso si que é lamentable. Porque, señora Presas, ata o de agora o BNG afirmaba —ata hoxe— que o investimento de Pemex en Galicia foi a prezo de saldo. Esa era unha cuestión que nas súas propias intervencións neste Parlamento defenderon. Voulle trasladar unha intervención súa de decembro do ano 2016: «Dende logo que nós nos alegramos de que haxa esa carga de traballo. Agora ben, ¿a que prezo?, ¿ao prezo de vender o coñecemento naval galego a prezo de saldo?». É dicir, «de México» —dicía vostede— «viñeron aquí



cunha estratexia: a de absorber o noso coñecemento a cambio dun cheque de só cinco millóns e de só dous floteis, e isto foi permitido por parte do Partido Popular».

Agora o BNG subscribe a opinión de que non houbo un trato xusto para Pemex nos contratos cos estaleiros galegos. Polo tanto, señora Presas, ¿en que quedamos? Eu non sei se vostedes simplemente van cambiar de opinión cada vez que vaian avanzando os titulares, pero sinceramente vostedes son os únicos que xeran sombras sobre o sector naval galego. E, señora Presas, o sector naval galego non merece que permanentemente o Bloque Nacionalista Galego semente dúbidas. Dende logo, como lle dicía, non hai ningunha outra voz que poña en dúbida o papel xogado por Pemex. Pemex xogou un papel definitivo na recuperación de Barreras, xogou un papel definitivo na recuperación do sector naval galego e, polo tanto, nos empregos do sector naval en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Home!, señor Conde, quen pon sombras de corrupción sobre esta situación é o Tribunal de Contas mexicano, non é o BNG. E esa é a realidade. E como non atendeu ben na primeira intervención, eu reafírmome. Foi vendido o capital intelectual e de coñecemento do naval galego a prezo de saldo polo seu goberno, efectivamente. E as intencións de Pemex non as invento eu, non as invento eu: «*Petróleos Mexicanos firma la compra de parte de un astillero gallego*» —2 de maio de 2013—. É unha entrevista a un dos directivos de Pemex, que o que di é: «*El objetivo es transferir conocimientos para construir buques especializados en México*». Estes son os seus feitos, señor Conde. Eu non sei se ademais esta semana está vostede para falar do naval da ría de Vigo, despois de contribuír a cargarse Vulcano. En todo caso, os feitos que vostedes nos deixan son eses abrazos que tanto lle custan á nosa industria. Xa falamos aquí moitas veces do abrazo a Iberdrola, e temos tamén os abrazos con Lozoya, os abrazos cun señor que agora está sendo investigado por corrupción. (*Aplausos.*) Entón, algunha explicación terán que dar. Basicamente porque creo que é bastante fácil de entender que isto poida ter un impacto negativo na imaxe que o noso naval ten internacionalmente. E, polo tanto, por iso traemos esta pregunta.

Pide vostede respecto. Respecto debería ter vostede, que vén aquí acusar, xa non o BNG senón o resto da oposición, de poñer dúbidas sobre Pemex, coma se fora unha novidade que levamos cuestionando isto, ou como se foramos nós quen estiveramos a investigar eses casos de corrupción. Porque eu recórdolle que, efectivamente, vostedes teñen 41 deputados e moitos votos pero que os deste lado tamén representamos unha maioría deste país e merecemos todos os grupos un pouco de respecto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Noa. Remate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, señor Conde, recorde os seus feitos, as súas fotografías, as súas xestións, e dea algún tipo de explicación.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Seguimos na tertulia, señora Presas. Lamentablemente vostede vén aquí a unha tertulia. E dicir que este Goberno contribuíu a cargarse Vulcano é, simplemente, non ter nin idea do papel que xogou este Goberno defendendo a Vulcano, defendendo os empregos en Vulcano e permitindo que Vulcano durante moitos anos tivera carga de traballo.

O que ninguén dubida é que vostede e o rigor non teñen un papel nin un camiño paralelo, máis ben todo o contrario. Teña claro que son vostedes —vostedes, señora Presas— os únicos que dubidan do saber facer do sector, son os únicos. Eu só falei do Bloque Nacionalista Galego na miña intervención. Son vostedes os únicos que dubidan neste momento de que efectivamente Pemex tivo un efecto positivo para Galicia. E tivo un efecto positivo tanto para Barreras como tamén para Navantia.

No caso de Barreras, señoría, a Xunta fixo todo o posible para manter este estaleiro con respecto á legalidade, e sabe que esta operación, que vostedes cualificaron como de «a prezo de saldo», xogou un papel determinante na recuperación deste estaleiro. Esa é a realidade. Se vai vostede á hemeroteca, comprobará que o que lle estou a dicir é a realidade. E, ademais, esta operación contribuíu a que a día de hoxe Barreras teña cinco contratos sobre a mesa, cunha carga de traballo que non se recordaba dende hai anos.

Polo tanto, Pemex foi absolutamente definitivo na recuperación de Barreras pero tamén de Navantia. Porque recordarán vostedes que, efectivamente, cando non había carga de traballo en Navantia —reitero, non había carga de traballo en Navantia—, o flotel de Pemex supuxo un millón de horas de traballo na ría de Ferrol e supuxo 130.000 horas de enxeñaría.

En definitiva, o papel da recuperación do sector naval en Galicia ten loxicamente unha vinculación con Pemex, ten unha vinculación co apoio de México, co apoio do Goberno de España e co apoio da Xunta de Galicia ao desenvolvemento do sector naval. E, grazas a ese apoio, hoxe o sector naval vive un dos seus mellores momentos, coa segunda carteira de pedidos máis importante do continente, e coa metade dos pedidos realizados en España durante o ano pasado.

Polo tanto, señora Preas, non teña dúbida de que esta situación é mérito, en primeiro lugar, dos estaleiros, da industria auxiliar e dos traballadores —que vostedes nunca defenden e que sempre atacan—; e loxicamente a Xunta de Galicia tamén estivo apoiando o sector, e estará ao seu lado con 50 millóns de euros para desenvolver iniciativas vinculadas coa formación e coa innovación. E o que si temos todos moi claro é que en ningún caso a situación do sector naval é mérito do labor da oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.



Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central para que rectifique a súa decisión de denegar a solicitude de conexión do polígono industrial de Balaídos á rede de 200 quilovoltios

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

Conselleiro, eu teño tamén que lamentar facerlle esta pregunta por unha decisión do Goberno central que nos deixa nunha situación complicada a Vigo e a Galicia.

Durante o goberno de Mariano Rajoy acordouse a inclusión no plan de investimentos 2015–2020 de Red Eléctrica Española a construción dunha subestación eléctrica que permitise unha conexión de 220 quilovoltios en Vigo.

Ben, hai un mes coñecemos o que fai o goberno en funcións, o goberno de Sánchez en funcións, que é, como vén nesta noticia, *(A señora Egerique Mosquera amósalle á Cámara un recorte de prensa.)* aparcar o enganche de Balaídos á rede de alta tensión que reclamaba Vigo e que reclamaba tamén a factoría Citroën. Polo tanto, xorden as reivindicacións dos vigueses —non a reivindicación do alcalde de Vigo—, xorden as reivindicacións dos galegos e a reivindicación do presidente da Xunta, a reivindicación deste Goberno galego.

Polo tanto, nós falamos do que é importante, de que a cor política non ten ningún sentido cando hai que reivindicar os intereses e as infraestruturas importantes para Vigo, para o sector industrial e para Galicia. Polo tanto, nós vimos claramente que neste caso si que importa a cor política, porque un alcalde dunha cidade na que esta subestación é fundamental —e que ademais está en desigualdade con outras cidades, como Zaragoza— agora permanece calado.

Polo tanto, nós, dende o Partido Popular, si que traballamos e presentamos unha proposición non de lei na Comisión 6^a. Esa proposición non de lei saíu adiante coa abstención do Partido Socialista. Parece mentira, pero non quixeron apoiar e instar a Xunta de Galicia para que mediase co Goberno de España para que esa subestación sexa unha realidade. Polo tanto, nós hoxe tamén nos vemos na obrigaón de preguntarlle ao Goberno galego sobre o que están facendo para que isto sexa unha realidade.

Nós tamén presentaremos unha moción no Concello de Vigo. Cremos que esta é unha reivindicación importante. Cremos, ademais, que a falta da construción da subestación deixa Vigo e deixa Galicia en desigualdade con outros territorios, con outras cidades de España e con outros territorios peninsulares tamén, como pode ser Portugal. Polo tanto, cremos que é importantísimo que se tome unha decisión.



O outro día escoitaba, señor conselleiro, unha entrevista ao secretario de Estado en funcións do goberno Sánchez, e daba as grazas —daba as grazas, ademais, insistentemente, antes de que o xornalista o despedira— pola cooperación institucional coa Xunta de Galicia no caso de Alcoa, no tema de Alcoa. Eu quería tamén falar da cooperación institucional, porque creo que neste caso é moi importante. E nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, e dende —insisto— a Xunta de Galicia queremos reclamar esta subestación porque cremos que é importante e fundamental para Vigo.

Pregúntolle, señor conselleiro, que é o que a Xunta de Galicia está facendo neste tema. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Mosquera, efectivamente é sorprendente, é sorprendente como o goberno de Pedro Sánchez, o goberno socialista, está castigando a Galicia, está castigando a Vigo e está castigando o sector da automoción no noso país.

Lamentablemente, o Goberno non está cumprindo un acordo adoptado polo Congreso dos Deputados que establecía na súa planificación da rede eléctrica 2015-2020 que se desenvolvera esta subestación e esta liña que podería permitir que PSA-Vigo gañara competitividade e que a subministración eléctrica en Vigo se conectara á rede de transporte de 220 quilovolts para, polo tanto, establecerse en termos de calidade.

Como saben, esa proposta foi unha proposta da Xunta de Galicia aprobada e incorporada polo goberno de Mariano Rajoy e que nestes momentos o goberno de Pedro Sánchez está bloqueando. E non sabemos por que. Nesa planificación eléctrica 2015-2020 establécese que a posta en servizo desa liña debe ser en 2020, ¡en 2020!; e, polo tanto, esa carta de singularidade que debe de recoñecer o goberno de Pedro Sánchez hai que adoptala agora. E non sabemos por que o goberno de Pedro Sánchez ten bloqueada esta decisión, o que está prexudicando, como digo, a Galicia, está prexudicando a Vigo e está prexudicando o sector da automoción en Galicia.

É unha demostración de que esta inestabilidade política, esta mala política que se está vivindo en España, ten consecuencias. Nós imos insistir dende a Xunta de Galicia, co aval recibido por este Parlamento, por iniciativa do Grupo Popular, para exixirle ao Goberno que cumpra os seus compromisos con Galicia. É tan sinxelo coma iso. E para nós é unha mágoa que o Grupo Socialista Galego non defenda os intereses de Galicia, que o Partido Socialista de Galicia non defenda os intereses de Vigo e os intereses do sector da automoción en Galicia.

Creo que temos unha oportunidade entre todos para defender eses intereses e desbloquear a construción desta nova subestación, porque ese é un compromiso adoptado no Congreso



dos Deputados, que está na planificación eléctrica 2015-2020 e que establecía claramente que esta nova liña, esta subestación, entrara en servizo no ano 2020. Só precisamos que o Ministerio de Transición Ecolóxica adopte a singularidade do proxecto e que, polo tanto, permita a construción desta liña por parte de Red Eléctrica. É tan sinxelo como asumir os compromisos adoptados no Congreso dos Deputados.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Ben, conselleiro, explicou vostede con moita claridade cales son os trámites. A verdade é que moitas veces falan aquí de vontade política, e eu creo que é totalmente cousa de vontade política, xa que está incluído, como dixo vostede ben, no plan de investimentos de Red Eléctrica para 2015-2020.

A verdade é que a vontade política parece que se esquece cando pasan as eleccións. Nós sabemos que hai toda a lexitimidade en gañar eleccións e ter maiorías absolutas. Pero, claro, en febreiro viamos que o alcalde de Vigo reiteraba a Red Eléctrica de España a petición para Balaídos de traballar a 220 quilovoltios; e viamos que en marzo tamén Caballero afirmaba que o Goberno estudaba o enganche á alta tensión que pide PSA. Pero chega o mes de xuño, pasan as eleccións, e nada di. Insisto, queda calado. E eu creo, ademais, que, recoñecéndolle toda a lexitimidade que ten na cidade, ten que entender que isto é unha necesidade absoluta para a cidade de Vigo, que é unha necesidade para o desenvolvemento do sector industrial en Galicia. Polo tanto, non pode caer no esquecemento.

Eu pregunteime, cando defendín a proposición non de lei na Comisión 6ª, para que serve o Ministerio de Transición Ecolóxica, porque creo —e vostede tamén ten dado boa conta neste Parlamento— que as decisións que está tomando non están facendo ningún ben ao sector industrial aquí en Galicia. Polo tanto, esperamos que esa mediación por parte da Xunta sexa ben recibida no goberno de Sánchez, se é que algún día chega —ou polo menos no Goberno en funcións—, e que esa excepcionalidade sexa declarada e que esa subestación sexa unha realidade.

Pola miña banda quedame preguntarlle realmente pola importancia que ten que esa subestación se constrúa e que se poña a funcionar o antes posible. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche desta pregunta por parte do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Mosquera, efectivamente estamos a falar dun dos sectores estratéxicos máis importantes de Galicia, como é o sector da automoción. Son 22.000 empregos directos que permiten nestes momentos ter unha visión clara da competitividade do sector en materia de innovación, co desenvolvemento dos novos proxectos, tanto o K9 como o V20, que están posicionando a Galicia.

Pero ese esforzo ten que ser un esforzo de todas as administracións e, polo tanto, ten que ser un traballo conxunto —neste caso entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia—. Nese contexto é no que lle trasladamos ao Goberno a necesidade da construción desta subestación eléctrica, precisamente para que a planta de Balaídos gañase competitividade e sobre todo puidese competir en igualdade de condicións respecto de como se están a desenvolver outros lugares, como pode ser a planta de Opel en Zaragoza.

Polo tanto, nós entendemos que é imprescindible que o Goberno central, que o goberno de Pedro Sánchez, declare a excepcionalidade deste proxecto, que é o único trámite que falta para que se poida construír a liña por parte de Red Eléctrica de España. O último trámite para que se poida gañar en competitividade en PSA-Vigo e gañar en calidade de subministración en Vigo é simplemente que o Goberno declare esta excepcionalidade do proxecto, e a partir de aí dar cumprimento a ese acordo que se adoptou por parte do Congreso dos Deputados.

Creemos que temos que actuar cunha soa voz. Neste momento hai unha voz discordante, que é a do Grupo dos Socialistas de Galicia, que lamentablemente está intentando esconder a política enerxética belixerante cara a Galicia que está desenvolvendo o goberno de Pedro Sánchez. E nós o que esperamos é que o Goberno mude ese criterio e, polo tanto, confirme ese acordo por parte do Congreso e permita esta excepcionalidade. Con iso gañará competitividade o noso sector da automoción, gañará en calidade a subministración eléctrica en Vigo. Polo tanto, buscaremos unha solución para que haxa unha resposta clara por parte do goberno de Pedro Sánchez. É o único que pedimos.

Eu o único que lle trasladaría ao Grupo Socialista de Galicia é que os acordos están para cumprirse, que se adoptou un acordo por parte do Congreso dos Deputados e que iso hai que cumprilo. Polo tanto, o que pedimos é que, efectivamente, o Grupo Socialista galego apoie o conxunto desta Cámara, que apoie o sector da automoción galego e que apoie tamén a cidade de Vigo. Nestes momentos, o Grupo dos Socialistas estalle dando as costas ao sector de automoción e estalle dando as costas á calidade da subministración en Vigo. E nós seguiremos traballando, dende logo, para que iso sexa así. Non só defendendo a planificación eléctrica senón tamén a planificación eléctrica entre o ano 2021 e o ano 2026.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. *(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

Si, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: É para comentar unha inexactitude do señor conselleiro, que supoño que vostede corraxirá tamén como hai un momento fixo coa portavoz doutro grupo.



É dicir, nós non temos capacidade para cumprir ningún deses acordos, senón que lle corresponde ao Goberno de España. Nós non somos o Goberno de España, simplemente iso. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Todos axudan. (*Murmurios.*)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego en relación coa privatización de servizos sanitarios

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Eva Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde novamente, señor conselleiro.

Vimos a denunciar un novo pelotazo da Consellería de Sanidade, e neste caso a privatización de servizos na EOXI Lugo–Cervo–Monforte. Igual que aconteceu coa EOXI da Coruña, na que vostedes o ano pasado privatizaron consultas, intervencións cirúrxicas e probas por un valor de 97 millóns de euros, acaban vostedes de licitar un contrato no que, a través de 40 millóns de euros, privatizan, unha vez máis, consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas, facendo, evidentemente, caso omiso ao que denunciou o Consello de Contas e denuncia cada ano respecto da falta de motivación das súas contratacións e privatizacións.

Di o Consello de Contas que se aprecia falta de precisión na xustificación da natureza e extensión das necesidades que hai que satisfacer e o beneficio de externalizar as prestacións das que se trate. E recoméndanlles a vostedes que motiven de forma máis axeitada as necesidades de contrato e a imposibilidade de realizar a prestación con medios propios.

A realidade é que vostedes, en troques de mellorar as condicións laborais dos profesionais da sanidade pública, de dar máis medios para dar os servizos, o que fan é privatizar servizos sanitarios públicos. E eu quero denunciar aquí que vostedes no pasado pleno negaron a maior, dixeron que despois da aprobación da Lei de garantías de prestacións sanitarias non se estaban trasladando pacientes á privada, o cal é absolutamente falso, mentira. Non só manteñen esa contratación que denunciámos no pasado ano na EOXI da Coruña senón que agora formalizan un contrato moi semellante en contido na EOXI de Lugo. Nós xa dixemos a aquela altura que o peor do contrato da Coruña, da privatización dos servizos sanitarios da Coruña, non era só a propia privatización senón o precedente que sentaba para que vostedes continuasen exportando ese modelo a outras áreas sanitarias.

E voulle dar un exemplo. O importe que vostedes aplican a este procedemento aberto, a este procedemento administrativo aberto, eses 40 millóns de euros, supón o 38 % do que vostedes invisten en persoal nos hospitais de Lugo. Un 38 %, case un 40 %, do que gastan en persoal vano gastar agora mesmo en dárlllelo a empresas privadas precisamente no momento en que vostedes están negando eses traslados á privada e precisamente no momento en que,



unha vez máis, a empresa Povisa ameaza con pedir máis cartos ao Servizo Galego de Saúde. Dixeron ao principio da crise que ían tocalo todo agás a sanidade, a educación e as pensións. Era falso. Dixeron despois que o tocarían todo en sanidade agás a bata branca. Era falso. Maldita hemeroteca, señor conselleiro. E, unha vez máis, vostedes volven privatizar un servizo sanitario público. Responda vostede por esta cuestión. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Cada día sorpréndenme máis, sorpréndenme máis que poidan dicir falsidade tras falsidade, pleno tras pleno, e queden tan anchos.

Mire, sorprende a propia petición de pregunta urxente, sen especificar absolutamente nada, porque isto lévase facendo dende hai moito tempo. Son os concertos de toda a vida, que o Bipartito mantivo e incluso incrementou. Estamos gastando neste momento menos en concertos do que gastaba o Bipartito.

Todo na sanidade galega é público ao cen por cento. E, desde logo, temos unha privada que funciona ben. Creo que tamén iso é bo para a sociedade galega, e que a xente que queira poida elixir. Dende logo, para nós é complementario do que facemos. Pero, como digo, non é só neste goberno, senón en todos os gobernos, e desde logo tamén co Bipartito, cando o gasto era maior. Pero podemos ir moito máis alá, incluso antes das transferencias do Insalud. No antigo INP xa se facían ese tipo de concertos.

Atendemos á necesidade de facilitar estes servizos aos pacientes e ao seu entorno familiar, coas posibilidades e tempos de viaxe en transporte público, así como minimizando eventuais inconvenientes relacionados con desprazamentos dos doentes aos centros sanitarios ofertados, que deben estar loxicamente ubicados.

Hai un cambio na lei —que non sei se coñece ou non coñece—, e é que se chama doutra forma e segue un procedemento similar, e loxicamente nós imos cumprir —pero sen incrementar sobre a dotación anterior— os servizos que se necesiten en cada momento para dar o mellor servizo a todos os cidadáns.

Neste momento, para contratar estes servizos é necesario que o procedemento se adapte á nova lei de contratos do sector público; e, polo tanto, realízase un contrato de servizos en vez dun concerto de servizos sanitarios. Estamos falando do mesmo con distinto nome, exactamente igual, o mesmo, que o que utilizaban vostedes, como digo, no Goberno do bipartito.

E o procedemento de contratación recolle as prestacións de servizos sanitarios que se viñan realizando e que non é posible asumir cos medios propios —da EOXI de Lugo neste caso—. E neste procedemento faise referencia unicamente a intervencións cirúrxicas programadas e procedementos diagnósticos. No dito procedemento figuran os importes estimados para a duración do contrato e en función do histórico da actividade realizada, que se axustará en cada



exercicio ás necesidades asistenciais reais da EOXI. Quere dicir isto que o gasto vai depender, primeiro, da licitación, onde loxicamente vai haber unha diminución do importe final, e despois a actividade será a que necesitemos en cada momento, que pode ser inferior ou maior.

Creo que, de todas formas, hai mala fe por parte da deputada cando mezcla o decreto de tempos máximos con isto. Non ten nada que ver unha cousa con outra, e a acusación de falsidade que ela fai pois é que ou ben non ten coñecemento, non ten información, cousa que dudo —porque aquí informamos moitísimas veces—, ou, como digo, é mala fe. Todos os pacientes de tempos máximos dese decreto que temos aquí en Galicia, e que dá maiores garantías e dereitos aos cidadáns, foron atendidos na sanidade pública de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Mala fe, señor conselleiro, é dicir nesta Cámara que non se están trasladando pacientes á privada e firmar uns días despois unha privatización, unha pivatización, cunhas empresas privadas. Por certo, cun procedemento administrativo que non é un contrato sen máis, é un acordo marco; un procedemento aberto no que vostedes —¡casualidade!— na propia licitación xa din que non prevén máis de tres participantes. Polo tanto, xa ten adxudicatario, vostedes xa saben a quen lle van dar estes contratos, e isto chámase privatización. Cando vostedes poden poñer medios para prestar estes servizos na sanidade pública e deciden facelo na privada, é porque vostedes cren na sanidade privada e queren engordar a sanidade privada.

Insisto, o 38 % do gasto de persoal público nos hospitais é o que vostedes lles van entregar a estas empresas privadas. Xa discutimos da diferenza entre un concerto e un contrato na anterior ocasión, cando vostedes privatizaron servizos na Coruña. E quero lembrarlles —fíxeno antes— que o Consello de Contas di que vostedes non están motivando, nas contratacións e nos concertos, que non poidan dar os servizos a través dos servizos propios, polo tanto, vostedes o que están producindo aquí é unha privatización encuberta, que aínda por riba vostede nega, xusto no momento en que o sindicato nacional de Comisións Obreiras acaba de denunciar tamén o convenio colectivo na sanidade privada de Lugo precisamente porque os salarios que se perciben na sanidade privada son sensiblemente inferiores; unha matrona, menos do salario mínimo interprofesional. Nesa situación de miseria están na sanidade privada, onde vostedes pretenden derivar a atención sanitaria da sanidade pública. Ademais, cun contrato como o anterior, no que van poder ser obrigados os profesionais da sanidade pública a operar, a intervir, dentro da sanidade privada, vulnerando a lei de incompatibilidades, como xa lle dixemos na anterior ocasión.

Señor Almuíña, unha vez máis trátase da privatización de servizos, xusto no momento en que vostedes están pechando camas no Servizo Galego de Saúde, para non ter que abrilas e dotalas de persoal público.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla. Terminou o seu tempo.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: A ver como lle explica isto ao persoal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que na réplica teño que empezar dicindo o mesmo que dixer na primeira, que está mentindo de novo ou que realmente non ten coñecemento. Dicer que poñemos nas cláusulas deste acordo que sexa máximo de tres hospitais é non coñecer a área de Lugo. Todos os hospitais que poidan entrar aquí teñen que estar acreditados pola Consellería de Sanidade, e sabemos o número de hospitais que hai en Lugo. Igual vostede non o sabe, pero o número é o que é.

Tamén dicirlle que nós non derivamos tipos de nacemento. Os nacementos de Lugo, os públicos, son todos no hospital de Lugo, polo tanto, ou na Mariña ou en Monforte. As matronas non teñen acción neste tipo de contrato.

Por iso digo que ou ben é unha desinformación xeral ou que quere confundir e tratar de embarrar o campo para dicir cousas que non son verdade, como digo, para tapar as vergoñas que debe ter o seu grupo, porque cando gobernou neste goberno da Xunta o Bipartito, mantivo e incrementou o gasto na privada.

Polo tanto, quero dicirlle que utiliza isto repetidamente para tratar de mentir, pero tivo moi mala sorte. Tivo moi mala sorte porque xusto neste período, nestes meses deste ano, unha serie de actividades que se facían nun concertado devolvéronse á pública. Concretamente, teño que dicirlle que desde hai uns meses o HULA dispón de seis fisioterapeutas máis porque asumimos o que se facía nunha clínica concertada; e no Hospital da Mariña, dous fisioterapeutas máis porque a mesma clínica tamén actuaba na Mariña; e agora facémolo no HULA e no Hospital da Mariña. Polo tanto, creo que tivo mala sorte con este período porque xusto é cando facemos menos actividade na privada en Lugo desde hai moitos anos

E ademais, tamén dicir que non estamos privatizando, que estamos cada día mellorando a sanidade pública de Galicia en todos os territorios, que tamén imos reforzar e estamos reforzando a atención temperá, incrementando xa desde o día 8 de xullo, hai uns días, o segundo terapeuta ocupacional, e a partir do 15 de xullo, dentro dunha semana, o segundo logopeda para atender estes pacientes que o necesitan, como digo, e mellorando día a día a calidade do servizo sanitario.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da Campaña de verán do 2019 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentada baixo o lema *O verán que queres vivir*

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

O pasado mes de abril publicábase no *Diario Oficial de Galicia* a orde pola que se convoca e se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa da Campaña de verán 2019 da Consellería de Política Social.

Vemos como un ano máis a súa consellería, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, está a levar a cabo diversas actuacións e proxectos en materia de xuventude como é a campaña de verán ,pola que nos interesamos hoxe dende o Grupo Popular.

Dende o noso grupo, cremos que este tipo de iniciativas e de proxectos axudan a mellorar a calidade de vida da mocidade galega porque incrementan as súas competencias e as súas capacidades.

Compre recordar, ademais, que esta campaña de verán estase a levar a cabo consecutivamente nos derradeiros anos, o que é boa proba de que a súa consellería aposta por unha xuventude activa, participativa, formada e emprendedora. Ademais, na convocatoria deste ano 2019 observamos unha boa nova, xa que se incrementa o número de prazas ofertadas con respecto ao ano 2018.

Tendo en conta os datos aportados na convocatoria deste ano 2019, observamos tamén dous datos que nos parecen moi importantes e que nos gustaría salientar. En primeiro lugar, é que esta oferta é moi ambiciosa, que non só fai referencia á oferta de ocio e de lecer para mozos e mozas galegas, senón que tamén constitúe un recurso para a conciliación da vida familiar e laboral.

Por outro lado, un segundo dato que para nós é moi importante, e para min é o máis representativo, é que esta iniciativa axuda a cumprir co obxectivo de que a inclusión social sexa tamén unha realidade no ámbito xuvenil, xa que, en aplicación do principio das políticas de transversalidade en materia de discapacidade, vemos como as actividades desta campaña contan cunha convocatoria específica para mozos e mozas galegas con discapacidade.

Ademais, seguindo tamén co cumprimento dos principios de transversalidade, vemos como existen dúas convocatorias específicas máis, unha para os menores que están baixo o sistema de protección da Xunta e outra para os fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero.

En definitiva, dende o Grupo Popular gustaríanos coñecer, conselleira, a información relativa ao número de prazas totais ofertadas nesta convocatoria e tamén coñecer a programación e as áreas de participación que están incluídas nesta iniciativa xuvenil.



Ademais, aproveitando que sabemos que hoxe foi vostede visitar un destes campamentos, concretamente na zona de Forcarei, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular queremos preguntarlle que valoración realiza o Goberno galego respecto da Campaña de verán deste ano 2019 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que se presenta baixo o lema: *O verán que queres vivir*.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Macías.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Sempre é un pracer para min vir a esta Cámara a falar dun dos programas máis emblemáticos da Xunta de Galicia como é a Campaña de verán. Ademais, como vostede ben dicía, eu hoxe veño de visitar o Campamento de Ponte Maril, en Forcarei, e así puiden coñecer de primeira man e sobre o terreo o ben que o estaban a pasar os distintos rapaces e rapazas que participan neste campamento.

Creo que todos os que estamos aquí coincidimos en que o verán é unha estación especial. É unha estación para desfrutar, para descubrir novas paixóns, para realizar distintas actividades e tamén para facer novas amizades.

A Campaña de verán pon ao alcance da xuventude de Galicia unha gran programación, cunha gran cantidade de prazas e tamén cunha grande variedade de alternativas de ocio. E deste xeito, para que cada día máis rapazas e máis rapaces sigan desfrutando destas actividades, o 22 de abril deste mesmo ano o *Diario Oficial de Galicia* publicaba a campaña do ano 2019, baixo o lema: *O verán que queres vivir*.

Este amplo programa de actividades para os meses de xullo, de agosto e de setembro compoñen a campaña de verán, que inclúe os distintos campamentos organizados pola Xunta de Galicia, distintos programas de intercambio con outras comunidades autónomas, a oferta concertada coas asociacións e coas distintas entidades xuvenís. Actividades tamén para os maiores de 18 anos co programa: «Conecta con Galicia». E tamén os campos de voluntariado, que son os antigos campos de traballo, que se fan aquí en Galicia e noutras rexións de España e no estranxeiro. En total, señorías, preto de 10.000 prazas de campamentos, 62 mais que o ano pasado; prazas nas que poderán participar todos os mozos e mozas de Galicia a partir dos 9 ata os 30 anos, con independencia das súas capacidades e con independencia das súas necesidades especiais, xa que todos os campamentos da Xunta de Galicia están abertos ás persoas con discapacidade. E ademais existe unha convocatoria específica dirixida a estas persoas, sempre que teñan entre 11 e 40 anos.

Paralelamente, como vostede ben dicía, hai cen prazas reservadas para menores de idade que están no sistema de protección da Xunta de Galicia, e outras 52 prazas para os fillos e as fillas de mulleres que sofren violencia de xénero.



Señorías, un ano máis, a Campaña de verán consolídase como unha alternativa de ocio de primeiro nivel, e tamén un referente en toda España, que ten un triplo obxectivo: favorecer a participación da xente máis nova de Galicia en actividades que tamén teñen unha vertente formativa; mellorar, por suposto, a conciliación dos pais e das nais de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): ...e dinamizar o sector da educación e do tempo libre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Fernández Macías.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Grazas, presidente.

Moitas grazas, conselleira, pola súa resposta.

En primeiro lugar, gustaríame felicitala non só a vostede, senón que esta felicitación se faga extensible á súa consellería, polo éxito desta iniciativa, que é un éxito máis que é tanxible, e non só neste último de 2019, senón nos anos anteriores da súa convocatoria, como así o demostra o incremento do número de prazas ofertadas ano tras ano, como, por exemplo, coñeciamos nesta nova convocatoria.

Segundo a publicación desta convocatoria do ano 2019, observamos tamén que existen diversas novidades con respecto ás convocatorias dos anos anteriores, xa que se presentaron novas temáticas para as actividades ofertadas, relacionadas, entre outras, co ámbito medioambiental. Este é outro dato que nos parece moi relevante, moi salientable, xa que é un bo xeito de formar e concienciar os mozos e mozas galegas a este respecto.

Por todo isto, ademais de darlle os parabéns á súa consellería, animámola a seguir levando a cabo este tipo de actuacións e este tipo de proxectos, xa que consideramos —como dixen na miña primeira intervención— que son moi enriquecedoras para a nosa xuventude, e ademais está comprobado ao cen por cento que funcionan perfectamente.

Para rematar, conselleira, ademais destas novidades, como lle digo, con respecto a anteriores convocatorias, gustaríanos coñecer tamén a información relativa á oferta concertada, así como a oferta referente aos intercambios de mozos e mozas co exterior e con outras rexións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Macías.

Turno de peche, conselleira de Política Social.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

A Campaña de verán do ano 2019 introduce, como vostede ben dicía, algunhas novidades respecto das convocatorias anteriores. En primeiro lugar, incorpóranse tres campamentos máis: a Aldea perdida, na Granxa-Zoo de Grixalba, en Sobrado do Monxes; o Campamento de astronomía, no Albergue de San Xoán de Rio; e un novo campamento tecnolóxico, Ades-trando o teu robot, no Albergue xuvenil de Gandarío.

Haberá tamén, ¡como non!, outros cinco campos de voluntariado dos trinta que se ofertan: *A terra que habita no mar*, no concello do Grove, con temática ambiental e tamén de recuperación patrimonial; o campo de voluntariado das Dunas de Corrubedo, en Ribeira, onde se desenvolverán labores de mantemento dos espazos naturais e do noso complexo dunar; o campo de voluntariado de Manzaneda *Riós, un mar de castiñeiros*, en Ourense; e tamén a Vía xacobeá, Vía da Plata, nos concellos de Boqueixón e Vedra, que será o primeiro campo de voluntariado intermunicipal. En total, señorías, 643 prazas nos campos de voluntariado en Galicia; 322 prazas en campos no estranxeiro e noutras comunidades autónomas, e, ¡como non!, tamén a oferta concertada, que —como dicía antes— é aquela que realizan as distintas asociacións, as entidades xuvenís, as escolas de tempo libre ou tamén as corporacións locais en equipamentos da Xunta de Galicia, na que ofreceremos 1.255 prazas.

E por último, o noso programa *Conecta Galicia*, que contará con 240 prazas para favorecer que se relacione a mocidade galega coa mocidade de Galicia no exterior.

En definitiva, a Campaña de *O verán que ti queres vivir* dá resposta á vitalidade e ás ganas de aprender e de vivir experiencias positivas que ten a nosa xente máis nova, aposta polo voluntariado e a formación tamén durante o tempo de ocio e de tempo libre, e, por suposto, dá resposta ao compromiso coas propostas, coas inquiredanzas e cos proxectos vitais da xente máis nova de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os principios nos que se basea o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030

A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde, señoras e señores deputados.

Boa tarde, conselleira.

Unha vez máis, dende o Grupo Socialista temos que preguntarlle polos empregos do mar, especialmente a raíz da comparecencia de onte.

Como xa lle comentabamos, a verdade é que nós quedamos bastante preocupados porque vemos que, dende que vostedes gobernan, se perderon un de cada cinco postos de traballo



no mar, especialmente no caso das mulleres, un de cada tres; eses son datos da enquisa de poboación activa.

E con respecto aos permisos de marisqueo, no mesmo período, só quedan xa 3.792 permisos de marisqueo no ano 2018, cando no ano 2009 había 4.281. Perdéronse un de cada tres permisos de marisqueo, pero esa perda foi especialmente asumida polas mulleres, como lle dicimos, posto que os permisos de marisqueo, para o caso dos homes, aumentaron.

E todo iso a pesar da súa proposta de cando chegaron ao Goberno, que dixeron que medrarían os permisos de marisqueo. Non só non foi así, senón que os permisos se reduciron, e como lle dicimos, asumiron esa perda as mulleres.

No mes de maio deste ano, dende o noso grupo parlamentario fixemos unha iniciativa que foi aprobada unanimemente, na que pediamos que se fixera un plan de marisqueo e que ese plan fose especialmente orientado ao sector feminino, vendo —como lle dicíamos— que son as que asumen a perda de postos.

O que fixemos foi intentar buscar na emenda que vostedes nos enviaran. Contemplaban un plan de recuperación do marisqueo 2030. Nós intentamos buscar ese plan, a verdade que o intentamos. Ao principio aínda pensamos que era un erro, porque nos parecía un horizonte temporal demasiado longo. Buscamos ese plan, pero a verdade é que non o atopamos por ningún lado, e estráñanos moito. que como emenda aportasen un plan que a día de hoxe non está desenvolvido nin parece que exista como tal. Por iso hoxe o que sería conveniente é que vostede nos explicase en que principio se basea ese plan, os obxectivos concretos que se perseguen e, sobre todo, os indicadores que utilizarán para poder valorar o grao de consecución dese plan.

Entendemos que ese plan debe contemplar accións contra o furtivismo, que é un problema moi grave que temos en Galicia, pero tamén debe contemplar accións que afecten positivamente as confrarías, e aquelas que non teñan medios para facer fronte ás axudas para a vixilancia, que contén con outro tipo de alternativas.

Repito, como non atopamos ese plan, o que lle solicitamos hoxe é que o desenvolva aquí no Parlamento.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Toja, permítame que empece por sinalar que descoñezo que ten de curioso que o grupo que sustenta o Goberno lle pida que execute algo que está sendo elaborado e cuxo co-



ñecemento de existencia é público, sendo mesmo impulsado por esta mesma formación e onde non hai nada que ocultar.

Digo isto porque, como vostede dicía, hai un par de meses se facía público ante o sector que esta formación que sustenta o Goberno pretendía levar adiante, previo impulso do labor do Executivo, o Plan de acción marisqueira 2030.

Atendendo a súa demanda de información, quixera sinalar que o seu obxectivo é garantir a explotación sostible e a conservación dos recursos marisqueiros, integrando aspectos biolóxicos, sociais, de emprego, económicos e medioambientais.

Estará centrado en liñas orientadas a unha xestión sostible, á conservación dos recursos, á protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas mariños, ao desenvolvemento socioeconómico e do emprego, ao apoio á comercialización dos produtos e á gobernanza. Prevese que estea listo para o seu lanzamento a finais deste verán, para ser posteriormente mellorado, e o seu horizonte de aplicación é o 2030, mais terá un punto de reformulación no 2022, de cara a adecualo ás liñas de traballo revisadas e de adaptalo tamén ás posibilidades de financiamento xurdidas dos fondos europeos.

Este plan afectará —seguro que para ben— a un colectivo de máis de dez mil persoas que desenvolven a súa actividade marisqueira nas nosas augas, ben na modalidade de a pé ou ben desde a embarcación. Indo máis alá, e sabendo que a meirande parte do colectivo profesional de marisqueo a pé son mulleres, entenderá que o seu grupo beneficiario principal será o feminino.

Conta cun financiamento de 55 millón de euros, achegados a través de varias liñas presentes no actual Fondo Europeo Marítimo da Pesca, prevéndose sumar os achegados ao abeiro do próximo fondo 2027, onde se estima un reforzo destas liñas a nivel europeo.

Con este plan preténdese, xa que logo, darlle continuidade a toda a liña de actuación que permitiu recuperar a actividade nestes anos e frear a caída na que se atopaba cando este goberno asumiu as súas tarefas en 2009. Cremos que esta actividade marisqueira segue tendo futuro, que debe contar con todo o noso apoio e tamén co deste parlamento, polo que non dubiden de que lles será convenientemente presentado e, por suposto, poderán achegar propostas en positivo para complementar o mesmo.

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bueno, conselleira, será que a min me gustan os datos, será de tanto escoitar aquí que temos que falar con datos, apoiar os nosos argumentos con datos, con números. Será que nos gus-



tan os números para poder extraer conclusións, pero que vostede nos diga que o plan afectará «seguro que para ben», a min a verdade é que para ben non me dá unha idea, unha magnitude, que se poida repercutir en número de empregos nin que tampouco se poida repercutir nunha cronoloxía determinada.

Levan vostedes gobernando dez anos, levan vostedes un tempo no que os permisos de marisqueo non pararon de caer. Como lle dicía, foron as mulleres as que asumiron absolutamente esa perda, unha de cadea tres, e que a súa resposta sexa «seguro que para ben afectará» non nos parece suficiente. Precísanse datos concretos. *(Aplausos.)*

Por outro lado, vemos que os piares dese plan están moi apoiados no criterio medioambiental, e nós cremos que a outra pata, que é a socioeconómica, tamén é moi importante. Falou de medioambiental, sostibilidade, recuperación etc., e claro, o emprego é moi importante, fai falla que o desenvolva. Repítolle, fai falta que o desenvolva.

Ademais, tense que contemplar que vai pasar co furtivismo nese plan. ¿Van levar a cabo medidas máis intensas que as que están levando ata o de agora? ¿Especialmente van axudar as confrarías que non poden facer fronte ás axudas para a vixilancia, para que as súas confrarías estean libres do furtivismo? Póñolle, por exemplo, o caso de Lira, en Carnota, unha confraría que non pode facer fronte ás axudas e que ten un problema. Nós cremos que todos eses aspectos se deben contemplar, e, dende logo, o que nos resulta curioso é o horizonte temporal, 2030, cando levan vostedes dez anos gobernando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Toja, de verdade que de datos podemos falar e de cuestións podemos falar. Vostede poderá ver e visualizar o plan, estudialo e facer propostas para melloralo. Pero mire, vostede me acusa aquí de maneira continua de perder permisos de marisqueo a pé. Eu fágolle un relato e vostede sabe o que é o marisqueo.

No ano 2005, cando nós deixamos o Goberno da Xunta de Galicia, quedaban 5.124 mariscadoras a pé. Cando volvemos no ano 2009, quedaban 4.281. É dicir, no tempo en que vostedes gobernaron, perdéronse 843 mariscadoras. Pero o máis grave é que deixaron abandonadas as zonas de produción marisqueira, e as zonas de produción marisqueira non se recuperan dun día para outro. E nós non imos darlles permisos á xente por dicir que temos permisos para mariscar; temos que ter lugares nos que poidan traballar.

O primeiro que tivemos que facer foi recuperar esas zonas de produción marisqueira, e tivemos que facer un saneamento das rías para que puideran pasar da zona C á zona B. Hoxe temos recuperadas 45 zonas de produción marisqueira e temos recuperadas máis de 1.200 zonas de produción do mexillón.



Todo iso se está facendo dende o punto de vista medioambiental, pero tamén dende o punto de vista profesional. O ano 2015 foi o primeiro ano en que puidemos dar máis permisos de marisqueo que persoas que se xubilaban no ano anterior, e dende aí non paramos de crecer. Pero imos facendo ese crecemento tamén dende o punto de vista económico. Nós, xa digo, non queremos dar permiso e que as mariscadoras non teñan onde vivir.

A loita contra o furtivismo. A primeira persoa que ten un empeño directo en loitar contra os furtivos é esta que lles fala. Cando eu cheguei no ano 2009 á consellería, as embarcacións do servizo de gardacostas tiñan arneirón nos fondos, estaban atracadas nos muelles e non estaban operativas. A sala de operacións non estaba operativa, incluso non pagaban os recibos da luz da sala de operacións. Hoxe temos incrementado tres patrulleiras novas, 66 coches novos para os gardacostas, temos incrementado todo o persoal, porque máis de vinte funcionarios tomaron posesión o mes pasado.

É dicir, señora Toja, nós estamos loitando contra o furtivismo, estamos mellorando as zonas de produción, temos parado a perda do número de permisos de explotación e seguimos traballando nesta liña. Por iso que neste plan —xa llo dixen na miña primeira intervención— non soamente están contemplados os aspectos medioambientais, tamén están os económicos, os de emprego, os socioeconómicos. Está todo contemplado porque é un todo o que se necesita para que o marisqueo siga tendo futuro.

Por iso eu agardo que vostede, con esa preocupación que aquí demostra para que poidan ter as mariscadoras un futuro, nolo axude a complementar e a mellorar. E por suposto que estamos aquí para botarlles unha man a todas as confrarías que non poden financiar as axudas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Eu estou pedíndolle ao Goberno central que por favor revise a súa lei de pesca...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...para que nos permita que iso se poida facer.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Antes de dar por finalizado o pleno, como xa case todos vostedes saben, hoxe despídense dous parlamentarios do Grupo Parlamentario Socialista. Eu voules conceder a palabra, e despois os portavoces tamén poderán despedilos.

En primeiro lugar, ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Moi brevemente.



Grazas, presidente, pola oportunidade de despedirme deste pleno co orgullo de ter formado parte da Cámara de representación política da cidadanía de Galicia. Grazas aos compañeiros e compañeiras do pleno e de comisión. Grazas aos traballadores desta Cámara, deste parlamento, aos medios de comunicación que habitualmente nos acompañan. Unha lembranza a Carlos López Crespo, un sentir moi especial pola perda do noso compañeiro Raúl Fernández e grazas ao meu Grupo Parlamentario Socialista.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Neste longo proceso de aprendizaxe de catorce anos quería empezar agradecendo fundamentalmente ao persoal do Parlamento, aos medios de comunicación e tamén aos deputados e deputadas cos que convivín. A verdade é que, máis alá das discrepancias lexítimas, estou convencido de que a busca dun país mellor para todos era o obxectivo que dunha ou doutra maneira pensabamos e pensamos acadar.

A verdade é que creo que a política é unha arma cargada de futuro, e temos que ser capaces de sentirnos orgullosos do noso traballo. E para non parecer partidista, retrocedo á Revolución francesa na defensa, nestes tempos turbulentos, da Liberdade, Igualdade e Fraternidade. Páreceme que teñen que ser elementos directores do que é a acción política. E, por suposto, quero sumarme ao recordo de Carlos López Crespo e de Raúl Fernández Fernández.

Desculpas se alguén se sentiu agredido no persoal, que espero que non porque non era a miña intención, nin aquí dentro nin fóra do hemiciclo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Queren falar os portavoces?

Señora Vázquez Verao, ¿quere dicir algo?

Déanlle voz ao escano.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Aínda que nós levamos aquí pouco tempo, foi unha lexislatura ben emotiva. Acaban de lembrar a dous compañeiros que xa non están. Hoxe vanse dous compañeiros, pero tamén dous deputados con moito rigor. Eu persoalmente vou botar moito de menos a mordaz locuacidade do señor Losada, e seguro que toda a Cámara. E nada máis. Por dicir un desexo, agardaría velos nun hemiciclo cunha composición de bancadas diferente, que nos vai tocando. Pero, en fin, ¡moita sorte! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Eu son das que cre que isto non é unha despedida. Seguro que imos ter moitas ocasións de poder vernos, de poder falar, de poder intercambiar.

É certo que esta Cámara perde dous deputados que demostraron a súa valía, o seu compromiso con este país, o seu compromiso por intentar que esta Cámara fora un pouco máis digna, e creo que ese é un exercicio que sempre é de agradecer, sobre todo —como dicía aquí o señor Losada— nestes tempos en que se intenta desacreditar tanto a política.

Nós temos que desexarlles tamén o mellor no persoal, e que teñan acerto, porque van ter responsabilidades de goberno e creo que iso é importante, máis alá do que son as cores políticas e as disputas desde o punto de vista partidario. Entendo que isto non é un adeus, senón un ata pronto, e, desde logo, desexámoslles o mellor.

É certo que imos botar de menos esa man sempre tendida do señor Villoslada, que lle poñía moita sensatez aos debates, e tamén a agudeza do señor Losada, que creo que ten dado moi bos momentos de debate parlamentario, e creo que entre todos e todas temos aprendido e contribuído a que esta cámara avance. Desde logo, foi unha honra poder coñecelos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Grazas.

Abel e Juan deixan o Parlamento, como militantes abnegados do seu partido, para cumprir tarefas políticas noutro lugar. Eu deséxolle especial sorte a Juan, que é concelleiro na cidade na que eu vivo, e espero que traslade ao goberno desa cidade ese traballo ecuánime, rigoroso, sensato e buscador de acordos e de consensos.

Ímolos botar de menos aos dous. Eu entendo que é unha decisión persoal e política, e digo con tristeza, con certa tristeza, que este parlamento, e eu persoalmente, os imos botar de menos aos dous.

Juan, permíteme que fale un pouco máis de Abel. Abel é unha institución no Parlamento de Galicia. O Parlamento de Galicia perde coa súa marcha. Eu, ademais, téñolle un aprezo especial como colega por ser un dos economistas máis brillantes e combativos que houbo nesta cámara, polas súas intervencións vehementes e entretidas que todos temos.

E para rematar vou contar un segredo, espero que me deixen. É tan vehemente que teño que dicir que me ten rifado de forma extraordinaria por teléfono cando eu me demoraba en darlle os asuntos da comisión 3ª. A pesar de todo iso, Abel, botareite de menos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde.

A verdade é que se agradecen estes momentos despois do pleno que pasamos. Entenderán que para min a emoción sexa dobre, non só como deputado, senón tamén como portavoz do noso grupo, porque se trata de dous integrantes moi importantes del.



En política estase sempre de paso, e nunha institución coma esta, máis. Neste sentido, a min paréceme que é unha nota positiva, despois do pasamento de Carlos Crespo e de Raúl Fernández, que perdamos dous deputados porque van facer outras tarefas políticas noutros lugares, e ademais, neste caso, os dous con responsabilidades de Goberno. É unha perda, efectivamente, pero unha perda que vai ser compensada polo que poidan facer noutro lado.

Eu sei que todos lamentan a marcha de Juan e de Abel. Creo que cada un co seu estilo e coas súas responsabilidades contribuíron non só a que o Grupo Socialista estivese mellor representado, e, polo tanto, os cidadáns que nos votaron, senón que tamén o Parlamento elevase algo o seu nivel. Eu creo que Abel, que ten máis tempo, é case como se Ramoncho deixara de presentar as uvas, ou algo así, *(Risos.)* Fixo un gran traballo presidindo a Comisión 3ª, todos os parlamentarios así o recoñecen. E, desde logo, Juan dá mostras nas leis nas que foi ponente, aínda hoxe mesmo, da súa capacidade, do seu rigor e da súa busca do mellor para Galicia.

O Parlamento é o centro da vida política en Galicia, non pode haber, seguramente, un sitio mellor para facer política, pero vanse a outro lado. Eu desexo que o que aprenderon aquí lles sirva tamén para facer mellor política na Coruña e en Vigo, que é onde lles toca agora.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Presidente, coa voz tomada pola emoción *(Risos.)* queremos sumarnos dende o Grupo Parlamentario Popular a este recoñecemento a dous deputados que hoxe nos deixan nas bancadas do Partido Socialista, xunto con Cesar Fernández Gil, un compañeiro do noso grupo que marchou para presidir a corporación de Ribadavia.

Desexarlle o mellor ao señor Villoslada nas novas tarefas que asume no Concello da Coruña. Ao señor Losada, agradecerlle e recoñecerlle de forma moi especial a súa ecuanimidade presidindo a Comisión 3ª, tarefa nada sinxela, e na que, dende logo, ten demostrado toda a súa habilidade parlamentaria. Ecuanimidade que eu desexo que traslade ao Concello de Vigo, desexo que así o faga.

Imos botar en falta, señor Losada, a súa lectura diaria dos titulares catastróficos da prensa económica, lectura nescgada. Imos botar en falta as súas intervencións locuaces na Comisión 6ª, só superadas pola señora Beatriz Sestayo, que xa non nos acompaña. Imos botar en falta as súas intervencións na sesión de control do presidente. Cada vez que se dicía a palabra Vigo, no fondo sur, alí estaba o señor Abel Losada, que non é que sexa unha institución neste parlamento, senón que forma parte xa da decoración desta casa. Así que, polo tanto, imos botalos moito en falta. Só desexarilles que tanta paz leven como descanso deixan. *(Risos.)*

A verdade é que pensaba que nunca ía poder dicir isto neste parlamento: Señor Villoslada, señor Losada, quedan vostedes despedidos. *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois eu tamén os vou despedir, moi brevemente.




O primeiro que quero é agradecerlles que na súa despedida tiveran o recordo por dous compañeiros que desgraciadamente perdemos nesta lexislatura. Tamén quero ter un recordo para o compañeiro Fernández Gil, o meu compañeiro, que non puido despedirse. Non lle deu tempo, xa saben como é a normativa. Pero tamén lle desexamos a el moi boa sorte.

Dous parlamentarios, efectivamente, ben descritos por todos os portavoces, con dúas formas distintas de argumentar, pero dúas formas moi interesantes de debater, isto si que é certo, e que aportaron moito a este parlamento. Polo tanto, eu penso que vostedes van ter un oco no libro das anécdotas deste parlamento. Saben que está feito ata a sétima lexislatura, pero continuaremos, e creo que aí terán vostedes un oco porque esa é tamén a historia do noso parlamento. Eu deséxolles moita sorte e, sobre todo, tamén moita saúde. Que o pasen ben.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Remata a sesión as seis e cincuenta e tres minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

